



# GUÍA PARA A XESTIÓN DOS REQUISITOS ADMINISTRATIVOS APLICABLES A ADEGAS

Arturo José Fernández González  
José Carlos Prado Prado



XUNTA  
DE GALICIA



GUÍA PARA A XESTIÓN  
DOS REQUISITOS  
ADMINISTRATIVOS  
APLICABLES A ADEGAS

XUNTA DE GALICIA

Santiago de Compostela, 2022

EDITA

Axencia Galega da Calidade Alimentaria  
Consellería do Medio Rural  
Xunta de Galicia

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN

Arturo José Fernández González e José Carlos Prado Prado  
(Grupo de Enxeñería de Organización, Universidade de Vigo)

EQUIPO DE REDACCIÓN

Arturo José Fernández González  
Iria Pérez Vázquez  
Iria González Romero  
Andrea González Prado

ASESORAMENTO LINGÜÍSTICO

Antonia Vega

PRODUCCIÓN EDITORIAL E IMPRESIÓN

Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

ISBN

978-84-453-5431-5

DEPÓSITO LEGAL

C 1832-2022



# GUÍA PARA A XESTIÓN DOS REQUISITOS ADMINISTRATIVOS APLICABLES A ADEGAS

Arturo José Fernández González  
José Carlos Prado Prado







# Agradecementos

Os autores queremos expresar o noso máis sincero agradecemento á Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, polo apoio, facilidades e impulso dados a esta publicación. De xeito moi especial, a Ricardo Rivas Barros e a José Luis Cabarcos Corral.

Gustaríanos estender tamén este especial agradecemento a Elva González Vidal (Servizo de Control da Calidade Alimentaria, Consellería do Medio Rural).

Ademais, queremos agradecer tamén ás seguintes persoas as súas valiosas achegas que axudaron a facer posible esta publicación:

- María Acuña Sánchez (Bodegas Viña Nora, S.L.)
- Begoña Álvarez Cornes (Bodegas Aquitania, S.L.)
- Nuria Álvarez González (Consello Regulador da DOP Ribeiro)
- Francisco Arenas Ricón (Señorío de Rubiós, S.L.)
- Natalia Botana Rey (Servizo de Control de Riscos Ambientais, Consellería de Sanidade)
- Juan Manuel Casares Gándara (Consello Regulador da DOP Ribeiro)
- María Jesús Casariego Mogo (Bahía Software)
- Raimundo Castaño Bascoy (Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Agacal)
- Juan José Cerviño Varela (Fondo Galego de Garantía Agraria, Fogga)
- Xoán Miguel Concheiro Abal (Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Agacal)
- Lara da Silva Rodríguez (Consello Regulador da DOP Monterrei)
- Ana Patricia de Andrés Vales (Consello Regulador da DOP Valdeorras)
- María Dolores Delgado López (Consello Regulador da DOP Valdeorras)
- Rodrigo A. Enríquez Aragón (Consello Regulador da DOP Valdeorras)
- José Manuel Fernández Castro (Servizo de Industrias, Calidade e Cadea Agroalimentaria, Consellería do Medio Rural)
- Ana Fernández González (Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Agacal)

- José Manuel Fernández Justo (Consello Regulador da DOP Monterrei)
- Pablo Fernández Rivera (Fondo Galego de Garantía Agraria, Fogga)
- Ruth Fernández Vidal (Consello Regulador da DOP Ribeira Sacra)
- Isabel Figueiras Pérez (Aduanas e Impostos Especiais, AEAT Galicia)
- Óscar Fontán Martínez (Consello Regulador da DOP Rías Baixas)
- Rafael García Miranda (Aduanas e Impostos Especiais, AEAT Galicia)
- José Luis García Pando (Consello Regulador da DOP Valdeorras)
- Juan Gil de Araujo González de Careaga (Consello Regulador da DOP Rías Baixas)
- Iván González Boubeta (Grupo de Enxeñería de Organización, Universidade de Vigo)
- Natalia González Rodríguez (Consello Regulador da DOP Monterrei)
- Ramón Huidobro Vega (Consello Regulador da DOP Rías Baixas)
- Miguel Jáudenes López de Castro (Aduanas e Impostos Especiais, AEAT Galicia)
- Agustín Lago Álvarez (Consello Regulador da DOP Rías Baixas)
- Miguel López Núñez (Consello Regulador da DOP Monterrei)
- Ana Belén López Pardo (Consello Regulador da DOP Ribeira Sacra)
- Jaime Martínez Baz (Aduanas e Impostos Especiais, AEAT Galicia)
- José Luis Martínez Canle (Consello Regulador da DOP Rías Baixas)
- Mercedes Martínez Fernández (Consello Regulador da DOP Rías Baixas)
- José Ángel Martínez Rodríguez (Consello Regulador da DOP Ribeiro)
- Gloria Mayoral Prol (Consello Regulador da DOP Monterrei)
- Jorge L. Mazaira Pérez (Consello Regulador da DOP Valdeorras)
- María de los Ángeles Muíños Castro (Servizo de Industrias, Calidade e Cadea Agroalimentaria, Consellería do Medio Rural)
- Lucía Palacios Tuñón (Consello Regulador da DOP Ribeira Sacra)
- Rosa María Pedrosa Blanco (Viña Cartín, S.L.)
- Enrique Santiago Pérez Espino (Consello Regulador da DOP Valdeorras)
- Juan Pablo Pérez Fernández (Consello Regulador da DOP Ribeiro)
- Sara Riveiro Sanromán (Grupo de Enxeñería de Organización, Universidade de Vigo)



- Gonzalo Rodríguez Abuín (Servizo de Industrias, Calidade e Cadea Agroalimentaria, Consellería do Medio Rural)
- José Manuel Rodríguez González (Consello Regulador da DOP Ribeira Sacra)
- Xurxo Rodríguez Méndez (Consello Regulador da DOP Ribeiro)
- Almudena Rodríguez Saavedra (Consello Regulador da DOP Rías Baixas)
- María José Soto González (Consello Regulador da DOP Ribeira Sacra)
- Beatriz Soto González (Consello Regulador da DOP Ribeira Sacra)
- Antonio Troitiño López (Servizo de Industrias, Calidade e Cadea Agroalimentaria, Consellería do Medio Rural)
- Luis M. Vázquez Barredo (Consello Regulador da DOP Ribeiro)
- Antonia Vega Prieto (Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Agacal)
- Antonio Velilla de la Loma (Servizo de Industrias, Calidade e Cadea Agroalimentaria, Consellería do Medio Rural)
- Fernando Vilariño Paxaro (Consello Regulador da DOP Rías Baixas)

A todas elas, e, en xeral, a todo o sector vitivinícola de Galicia, moitas grazas.







# Presentación

A gran calidade dos viños galegos é hoxe ben coñecida, non xa en toda España, senón tamén, e cada vez en maior medida, nos mercados internacionais. Iso é debido á excelencia conseguida na viticultura, na enoloxía, na elaboración e na promoción e venda dos nosos viños ao longo dos anos, especialmente nas últimas décadas.

O mundo do viño ordena e beneficia o medio rural galego, conserva poboación, crea emprego, xera riqueza e achega prestixio de calidade alimentaria para Galicia. Pero facer viño, bo viño, non é sinxelo. Require grande esforzo, dedicación e sacrificio, de todos os que se dedican a el, desde o coidado das viñas ata a xestión das vendas.

O viño é, ademais, un produto exhaustivamente regulado no noso contexto lexislativo, ao tratarse, por unha banda, dun alimento, e, por outra, dunha bebida con contido en alcohol. Isto provoca que a viña e o viño estean suxeitos a numerosos requisitos, establecidos por diferentes administracións, cuxos obxectivos, entre outros, son garantir a calidade, a rastrexabilidade, a seguridade alimentaria e a correcta información ás persoas consumidoras.

As adegas de Galicia -como sucede na maior parte dos sectores de actividade económica- son, na súa maioría, pequenas e medianas empresas, moitas delas microempresas e de carácter familiar. A xestión, xa de seu complexa en calquera organización, faise máis difícil cando os requisitos para cumprir son moitos e os recursos poucos. A iso hai que xuntar a continua evolución dos devanditos requisitos, dinámicos e cambiantes, como corresponde, gústenos ou non, aos tempos que nos toca vivir.

Era necesario, polo tanto, facer o esforzo de recompilar os devanditos requisitos administrativos, ordenalos e explicalos ás nosas adegas. É difícil axudarlles a facer mellores viños, pois xa de por si son moi bos; pero si é posible contribuír a mellorar a súa competitividade. E con este obxectivo nace esta publicación da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, en colaboración co Grupo de Enxeñería de Organización da Universidade de Vigo. Unha publicación orientada particularmente ás adegas pertencentes ás diferentes denominacións de orixe protexidas (DOP) e indicacións xeográficas protexidas (IXP) de Galicia, figuras esenciais da calidade diferenciada dos produtos galegos, entre os que o viño ocupa un lugar de privilexio.

José González Vázquez

*Conselleiro do Medio Rural*







Agradecementos.....	5
Presentación.....	9
Introdución.....	17
Obxectivos.....	19
Estrutura da guía.....	19
<b>Parte 1</b>	
<b>REQUISITOS RELATIVOS ÁS INSTALACIÓNS DA ADEGA.....</b>	<b>23</b>
1.1. Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos.....	23
1.2. Rexistro Industrial de Galicia-Industrias Agrarias.....	25
1.3. Rexistro de Embotelladores de Viños e Bebidas Alcohólicas.....	25
1.4. Rexistro de Operadores do Sector Vinícola (REOVI).....	29
1.5. Autorización para o visado de documentos de acompañamento (expedidor autorizado) ..	33
1.6. Rexistro Territorial de Impostos Especiais (IIEE).....	36
1.7. Rexistro Vitícola de Galicia.....	39
1.8. Rexistros dos consellos reguladores.....	43
1.9. Requisitos relativos aos depósitos.....	43
1.9.1. Identificación do depósito e capacidade nominal.....	43
1.9.2. Identificación do contido.....	44
1.9.3. Excepcionalidade para recipientes de 600 litros ou menos.....	47
1.9.4. Caso particular: produto embotellado.....	47
1.9.5. Infraccións.....	48
1.10. Requisitos relativos ao control metrolóxico dos equipos de medida.....	49
1.10.1. Base normativa.....	49
1.10.2. Definicións.....	50
1.10.3. Requisitos xerais.....	52
1.10.4. Requisitos específicos para os instrumentos de pesada de funcionamento non automático (IPFNA).....	53
<b>Parte 2</b>	
<b>REQUISITOS RELATIVOS AO REXISTRO DAS OPERACIÓNS DA ADEGA.....</b>	<b>57</b>
2.1. Base normativa.....	57
2.2. Requisitos xerais.....	58
2.2.1. Clasificación dos libros rexistro.....	59

2.2.2. Solicitude .....	62
2.2.3. Cubrir os asentos. ....	62
2.2.4. Prazos para cubrir os asentos. ....	62
2.2.5. Data de peche .....	63
2.2.6. Data de apertura .....	63
2.2.7. Tolerancias admitidas. ....	63
2.2.8. Tempo de conservación .....	63
2.3. Libros rexistro para viños con DOP ou IXP. ....	64
2.3.1. Libro Rexistro de Entradas e Saídas .....	64
2.3.2. Libro Rexistro de Procesos de Elaboración. ....	66
2.3.3. Libro Rexistro de Prácticas Enolóxicas .....	69
2.3.4. Libro Rexistro de Movementos de Produtos para Procesos de Elaboración e Prácticas Enolóxicas .....	71
2.3.5. Libro Rexistro de Embotellamento .....	72
2.3.6. Libro Rexistro de Elaboración de Espumosos. ....	74
2.4. Procesos máis comúns: exemplos .....	76
2.4.1. EXEMPLO 1: PECHE DE CAMPAÑA .....	76
2.4.2. EXEMPLO 2: APERTURA DE CAMPAÑA .....	77
2.4.3. EXEMPLO 3: VENDIMA .....	78
2.4.4. EXEMPLO 4: TRANSFORMACIÓN DE MOSTO A VIÑO .....	79
2.4.5. EXEMPLO 5: TRASFEGA A BARRICA .....	81
2.4.6. EXEMPLO 6: MESTURA DE DÚAS ANADAS .....	82
2.4.7. EXEMPLO 7: MESTURA DE TRES ANADAS .....	84
2.4.8. EXEMPLO 8: MESTURA VIÑO DE BARRICA CON VIÑO NOVO .....	86
2.4.9. EXEMPLO 9: MESTURA DE VARIEDADES .....	87
2.4.10. EXEMPLO 10: PRÁCTICA ENOLÓXICA: REXISTRO DE PRODUCTOS .....	89
2.4.11. EXEMPLO 11: PRÁCTICA ENOLÓXICA: DESACIDIFICACIÓN .....	90
2.4.12. EXEMPLO 12: PRÁCTICA ENOLÓXICA: ACIDIFICACIÓN .....	92
2.4.13. EXEMPLO 13: VENDA DE VIÑO A GRANEL .....	94
2.4.14. EXEMPLO 14: EMBOTELLAMENTO .....	95
2.4.15. EXEMPLO 15: VENDA DE BOTELLAS DE VIÑO .....	96
2.4.16. EXEMPLO 16: DESTAPADO E ENTRADA A UN DEPÓSITO BALEIRO. ....	96
2.4.17. EXEMPLO 17: DESTAPADO CON INCORPORACIÓN A UN DEPÓSITO QUE XA CONTEÑA VIÑO ..	97
2.4.18. EXEMPLO 18: AUTODESCUALIFICACIÓN .....	99
2.4.19. EXEMPLO 19: PECHE DE CAMPAÑA E REGULARIZACIÓN A 31 DE XULLO .....	99
2.4.20. EXEMPLO 20: ELABORACIÓN DE VIÑO ESPUMOSO .....	100
2.5. Tolerancias e infraccións relativas ás existencias. ....	104
2.6. Aplicación ACIOS. ....	105
2.6.1. Algunhas cuestións relativas aos rexistros dos asentos en ACIOS .....	107

<b>Parte 3</b>	
<b>Requisitos relativos a declaracións</b> .....	113
3.1. Declaracións á Consellería do Medio Rural (Xunta de Galicia) .....	113
3.1.1. Declaración para a realización de determinadas prácticas enolóxicas. ....	114
3.1.2. Presentación de documentos de acompañamento aos transportes .....	116
3.2. Declaracións ao Fogga e á AICA (INFOVI) .....	120
3.2.1. Declaración de colleita de uva .....	123
3.2.2. Declaración de produción: persoas proveedoras e xustificantes de compravenda de produtos. .	133
3.2.3. Declaración de eliminación de subprodutos obtidos na transformación vinícola .....	141
3.2.4. Declaración de produción e existencias de viño e mosto (INFOVI) .....	145
3.3. Declaracións á AEAT. Contabilidade de existencias .....	155
3.3.1. Contabilidade de existencias .....	155
3.3.2. Declaración trimestral de operacións na fábrica e depósitos de viño (modelo 553) .....	178
3.3.3. Relación trimestral de primeiras materias entregadas (modelo 521) .....	182
3.4. Declaracións aos consellos reguladores .....	185
<b>Parte 4</b>	
<b>REQUISITOS RELATIVOS AOS TRANSPORTES</b> .....	187
4.1. Requisitos da Consellería do Medio Rural (Xunta de Galicia) .....	187
4.1.1. Documento de acompañamento .....	188
4.1.2. Excepcións .....	192
4.1.3. Visado dos documentos de acompañamento .....	193
4.1.4. Certificación de orixe dos viños con denominación de orixe protexida (DOP) ou indicación xeográfica protexida (IXP) .....	198
4.2. Requisitos da AEAT .....	198
4.2.1. Funcionamento do sistema EMCS .....	202
4.2.2. Circulación interior (Península Ibérica e Baleares) – EMCS interno .....	205
4.2.3. Circulación Intracomunitaria (países da UE) - EMCS intracomunitario. ....	206
4.2.4. Circulación a terceiros países (fóra da UE ou a Canarias, Ceuta ou Melilla) .....	209
4.2.5. Resposta do receptor .....	210
4.2.6. Outros casos de circulación. ....	210
<b>Parte 5</b>	
<b>REQUISITOS RELATIVOS A NOMES COMERCIAIS, MARCAS COMERCIAIS E ETIQUETAXE</b> .....	213
5.1. Base normativa .....	214
5.2. Definicións .....	216
5.3. Requisitos relativos aos nomes comerciais e marcas comerciais .....	216
5.3.1. Protección do nome xeográfico .....	217
5.3.2. Protección do nome da variedade Albariño .....	218

5.3.3. Protección do nome de variedades autóctonas .....	219
5.3.4. Rexistro de nomes comerciais e marcas comerciais .....	219
5.3.5. Requisitos autonómicos .....	220
5.4. Requisitos relativos á etiquetaxe .....	223
5.4.1. Requisitos xerais sobre etiquetaxe .....	223
5.4.2. Indicacións na etiquetaxe (requisitos comunitarios e estatais) .....	225
5.4.3. Outros requisitos sobre etiquetaxe propios do Estado español .....	245
5.4.4. Outros requisitos sobre a etiquetaxe propios da Comunidade Autónoma de Galicia .....	246
5.5. Precintas de garantía .....	248
5.6. Infraccións .....	249
5.6.1. Infraccións segundo a Lei 6/2015 .....	249
5.6.2. Infraccións segundo a Lei 24/2003 .....	251
5.6.3. Infraccións segundo a Lei 2/2005 .....	253
<b>Parte 6</b>	
<b>REQUISITOS RELATIVOS AOS RESIDUOS DE ENVASES .....</b>	<b>257</b>
6.1. Base normativa .....	257
6.2. Definicións .....	258
6.3. Requisitos xerais .....	259
6.3.1. Adhesión ao SIX (Ecovidrio) .....	260
6.3.2. Colocación do punto verde na etiqueta do envase .....	260
6.3.3. Declaración anual de envases .....	261
6.3.4. Adopción de medidas de prevención .....	268
<b>Parte 7</b>	
<b>REQUISITOS RELATIVOS Á CERTIFICACIÓN DO PRODUTO .....</b>	<b>271</b>
7.1. Base normativa .....	272
7.2. Definicións .....	273
7.3. Xeneralidades .....	275
7.4. Proceso de certificación do produto .....	276
7.4.1. Información ao solicitante .....	276
7.4.2. Solicitud de certificación do produto .....	276
7.4.3. Avaliación .....	278
7.4.4. Decisión sobre a certificación .....	281
7.4.5. Emisión do certificado .....	282
7.4.6. Vixencia do certificado .....	284
7.4.7. Vixilancia .....	285
7.4.8. Renovación da certificación .....	286
7.4.9. Modificación dos requisitos da certificación .....	287
7.4.10. Modificación do alcance da certificación .....	288
7.4.11. Retirada e restitución da certificación .....	288



7.5. Aspectos de especial interese .....	295
7.5.1. Autocontrol dos rendementos de produción .....	295
7.5.2. Autocontrol dos rendementos de elaboración .....	297
7.5.3. Autocontrol da rastrexabilidade .....	298
7.5.4. Autocontrol dos provedores .....	301
7.5.5. Autocontrois fisicoquímicos e organolépticos .....	305
7.5.6. Verificación de aptitude de partidas de viño por parte do Consello Regulador .....	307
7.5.7. Xestión das precintas de garantía .....	308
7.5.8. Xestión de reclamacións de clientes .....	310

## Parte 8

<b>REQUISITOS RELATIVOS Á SEGURIDADE ALIMENTARIA</b> .....	317
8.1. Base normativa .....	317
8.2. Definicións .....	318
8.3. Rexistro sanitario .....	319
8.4. Lote .....	319
8.5. Rastrexabilidade .....	321
8.5.1. Rastrexabilidade no viñado .....	323
8.5.2. Rastrexabilidade na adega .....	333
8.6. Análise de Perigos e Puntos de Control Crítico (APPCC) .....	339
8.6.1. Sistema APPCC .....	341
8.6.2. Programas de prerrequisitos .....	358
8.6.3. Boas Prácticas de Hixiene e de Elaboración .....	386
8.7. Sistemas de xestión da seguridade alimentaria: principais referenciais .....	391
8.7.1. Norma UNE-EN ISO 22000:2018. ....	391
8.7.2. Protocolo IFS .....	392
8.7.3. Protocolo BRC .....	393
8.8. Bibliografía complementaria .....	394

## Parte 9

<b>REQUISITOS RELATIVOS Á ORGANIZACIÓN INTERPROFESIONAL DO VIÑO DE ESPAÑA (OIVE)</b> .....	397
9.1. Base normativa .....	398
9.2. A Organización Interprofesional do Viño de España .....	398
9.3. Extensión de Norma do viño .....	400
9.3.1. Sistemática de recadación .....	401
9.3.2. Plan de control .....	407
9.3.3. Información adicional .....	407

## ANEXO

Anexo 1: Calendario de requisitos .....	409
---	-----







# Introdución

Nas últimas décadas o sector vitivinícola galego experimentou un alto crecemento, causado, fundamentalmente, pola mellora das técnicas de traballo, tanto no cultivo da uva como na elaboración do viño, e polo intenso traballo de promoción levado a cabo para difundir a calidade dos viños de Galicia.

A maior parte dos viños producidos neste territorio pertencen a algunha das cinco denominacións de orixe protexidas (DOP): Rías Baixas, Monterrei, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras. Entre todas elas acumulan unhas 450 adegas. Ademais, existen catro indicacións xeográficas protexidas (IXP): Betanzos, Val do Miño-Ourense, Ribeiras do Morrazo e Barbanza e Iria, nas que están inscritas unhas 20 adegas máis.

Ademais das responsabilidades propias de toda empresa, as adegas adscritas a estas denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas (así como outras adegas non adscritas á DOP ou IXP), deben elaborar e presentar unha serie de documentos, en distintos momentos do ano, así como en determinadas operacións específicas (p. ex. transportes de viño), para cumprir cos requisitos exclusivamente aplicables a este sector e establecidos por distintas entidades da Administración.

Estes documentos supoñen unha carga de traballo administrativo importante para as adegas, as cales teñen dificultades para estar ao día destes deberes (en moitos casos por descoñecemento dos devanditos requisitos), así como para cubrilos e presentalos correctamente e en prazo. O problema agrávase no caso das pequenas adegas, en moitos casos familiares e sen empregados (ou cun moi reducido número deles), para as cales resulta máis difícil coñecer todos os requisitos e desenvolver o traballo administrativo que estes esixen.

Os requisitos máis relevantes aos que nos referimos son (entre outros) os establecidos por:

- A Consellería do Medio Rural
- O Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga)
- A Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA)
- A Axencia Tributaria
- A Consellería de Sanidade

- O propio Consello Regulador da Denominación de Orixe (de ser o caso)
- A lexislación xeral, tanto a nivel europeo como nacional e autonómico

O Grupo de Enxeñería de Organización (GIO) da Universidade de Vigo dispón dunha ampla experiencia, de máis de 10 anos, traballando cos diferentes consellos reguladores vitivinícolas de Galicia, no ámbito da xestión da calidade e da certificación do produto, e asesorando a estes nos traballos necesarios para conseguir e manter a súa acreditación pola ENAC, da que actualmente dispoñen todos eles.

Esta actividade de *action research*, que permite tamén un intenso contacto coa realidade das adegas, permítelle ao GIO dispoñer dun alto coñecemento da problemática do sector e a capacidade de identificar problemas como o mencionado, que se traduce, desde o punto de vista das adegas, en cuestións como:

- Certo descoñecemento de todos os requisitos e/ou entidades coas que deben interactuar.
- Dificultades para coñecer o organismo público e/ou servizo concreto ao que vai dirixida a documentación.
- Información duplicada e confusa (debido á falta de coordinación por parte das entidades que actúan dentro do sector vitivinícola ou por non existir modelos concretos e/ou descoñecer os obxectivos destes).
- Falta de adaptación ás novas tecnoloxías. Nos últimos anos estase obrigando a comunicación directa coas administracións públicas mediante servizos electrónicos que requiren dun certificado dixital ou sistema similar de comunicación segura. A utilización deste medio supón para o sector vitivinícola un cambio relevante, posto que unha boa parte das adegas non conta con medios informáticos axeitados (ou mesmo con cobertura para iso, dada a localización de moitas delas nas zonas rurais). Ademais, en moitos casos, as empresas non teñen claro a que páxinas web deben acudir e/ou como deben cubrir os formularios.

Por todos estes motivos, xorde esta iniciativa baixo o amparo da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal): unha publicación que recompila, ordene e explique os diferentes requisitos e procedementos administrativos aplicables ás adegas vitivinícolas de Galicia, co propósito de servir de base para que estas poidan mellorar o seu coñecemento e comprensión destes, e, como consecuencia, o seu cumprimento. Polo tanto, esperamos que esta iniciativa tamén beneficie as diferentes entidades da Administración, que son as destinatarias dos datos proporcionados polas adegas nas súas declaracións e comunicacións.

Non se incluíron nesta guía todos os requisitos administrativos aplicables ás explotacións vitícolas. Aínda que moitas adegas dispoñen de viñedos propios, e, polo tanto, este tipo de requisitos sonlles tamén de aplicación, preferimos separalos dos que son de aplicación aos procesos propios da elaboración, desde a entrada de uva na adega ata a consecución do produto rematado. Planeamos, nun futuro próximo, elaborar unha

segunda guía, complementaria desta, dedicada ás explotacións vitícolas. Non obstante, si se inclúen algunhas cuestións relativas á xestión vitícola relacionadas, basicamente, coa seguridade alimentaria, porque este é un ámbito que si se trata nesta guía.

Así mesmo, tampouco se incluíron os requisitos especificamente establecidos polas diferentes denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas, nos seus regulamentos e pregos de condicións, ademais doutros establecidos polos seus consellos reguladores. Isto débese a dous motivos principais: primeiro, porque os ditos requisitos xa están, en xeral, claramente difundidos polos devanditos consellos reguladores e/ou a Agacal ás súas adegas inscritas; segundo, porque as diferenzas existentes entre os requisitos duns e outros, para cuestións similares, farían máis complexa e pouco práctica esta guía, e máis difícil de consultar. Por todo iso, estes requisitos específicos deben ser consultados para cada DOP/IXP en particular.

## Obxectivos

### a. Principal

Recompilar, ordenar e explicar os requisitos e procedementos administrativos propios do sector vitivinícola que son de aplicación ás adegas das DOP/IXP vitivinícolas de Galicia.

### b. Secundarios

1. Incrementar a concienciación dos operadores respecto á necesidade de cumprir os requisitos vixentes e manterse ao día nos seus deberes respecto diso.
2. Contribuír a mellorar a calidade dos datos presentados polas adegas ás diferentes entidades administrativas involucradas, para favorecer a súa vixilancia do cumprimento legal e a xeración de información de maior utilidade, así como a reducir o número de consultas facilmente solucionables mediante un mellor coñecemento dos requisitos por parte das adegas.

## Estrutura da guía

A presente guía estruturouse en nove partes diferenciadas, nas que se expoñen os requisitos administrativos correspondentes a outros tantos ámbitos. Na maioría delas, ademais, inclúense exemplos ou casos prácticos.

A [parte 1](#) trata sobre os requisitos xerais relativos ás instalacións. Explícanse os principais rexistros nos que debe inscribirse a adega ao comezo da súa actividade, para a continuación presentar os requisitos administrativos relativos aos depósitos e ao control metrolóxico dos equipamentos de medida.

A [parte 2](#) dedícase ao rexistro das operacións da adega. Fundamentalmente explícanse os libros de rexistro obrigatorios, a súa finalidade e a súa formalización, para a cal se expoñen numerosos exemplos prácticos das operacións máis habituais.

A [parte 3](#) dedícase ás declaracións que as adegas deben presentar, en determinados momentos do ano, ou ao efectuar certas prácticas, á Consellería do Medio Rural, ao Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), á Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA) e á Axencia Tributaria (AEAT).

Na [parte 4](#) centrámonos nos requisitos asociados aos transportes, fundamentalmente provenientes da Consellería do Medio Rural e da AEAT.

A [parte 5](#) desenvolve os requisitos relacionados con marcas comerciais, nomes comerciais e etiquetaxe.

Na [parte 6](#) trátanse os requisitos asociados á xestión dos residuos de envases.

Na [parte 7](#) abórdanse os requisitos da certificación de produto. Aínda que a certificación do produto en Galicia lévase a cabo polos diferentes consellos reguladores (no caso das denominacións de orixe protexidas), trátase dun requisito legal de obrigado cumprimento e transversal a todas as DOP, polo que consideramos oportuno tratalo nesta guía. A certificación do produto das adegas implica, ademais, o cumprimento dunha serie de requisitos de autocontrol asociados (rendementos de produción e de elaboración, rastrexabilidade —desde o punto de vista da seguridade da calidade e a orixe—, provedores, calidade fisicoquímica e organoléptica, precintas de garantía, reclamacións de clientes), que tamén se tratan nesta parte 7.

A [parte 8](#) dedícase aos requisitos de seguridade alimentaria. Nesta parte trátanse cuestións relativas ao lote, á rastrexabilidade (desde o punto de vista da seguridade alimentaria) e á Análise de Perigos e Puntos de Control Crítico (APPCC).

Na [parte 9](#), e última, trátanse os requisitos relacionados coa Organización Interprofesional do Viño de España (OIVE).

Finalmente, inclúese un [anexo](#) cun calendario de requisitos, co que se pretende resumir de forma práctica as datas clave para o cumprimento cos diferentes requisitos administrativos de aplicación ás adegas.











## PARTE 1

# Requisitos relativos ás instalacións da adega

Toda adega debe comezar a súa actividade cumprindo unha serie de requisitos lexislativos de obrigatorio cumprimento, entre os que se atopan a inscrición en determinados rexistros oficiais.

A continuación faise mención aos principais rexistros oficiais nos que debe inscribirse a adega e os procedementos que se van seguir para iso.

Nota: Os tres primeiros rexistros que se mencionan deben obterse na orde sinalada, é dicir:

- 1.1. Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos
- 1.2. Rexistro Industrial de Galicia - Industrias Agrarias
- 1.3. Rexistro de Embotelladores de Viños e Bebidas Alcohólicas

O segundo e o terceiro están condicionados á obtención do anterior.

### 1.1. Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos






O coñecido como "Rexistro Sanitario" é o documento acreditativo da inscrición da adega no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos, rexistro único a nivel nacional ao que se accede mediante comunicación á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

No caso das adegas que inicien a súa actividade, deberá cubrirse o documento (modelo SA451A) como unha comunicación de inicio de actividade (non como unha autorización, xa que se trata de elaboradores de produtos de orixe vexetal).

Unha vez aprobado o devandito inicio de actividade por parte da Consellería de Sanidade, esta solicita o número de rexistro sanitario ao Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos, o cal é notificado á adegas.

O establecemento que se dedique, exclusivamente, ao almacenamento ou depósito de produtos envasados, pertencente a unha empresa que posúe no territorio da mesma comunidade autónoma un establecemento de produción, transformación, elaboración ou envasado, non será obxecto de inscrición independente senón que figurará anotado na deste último establecemento<sup>1</sup>.

O rexistro sanitario mantén a súa vixencia sen necesidade de renovación<sup>2</sup>.

Modelo SA451A	
	<p><b>Código do procedemento?</b></p> <p>Este modelo pode tramitarse en liña ou descargarse da sede electrónica da Xunta de Galicia para a súa presentación presencial.</p> <p>Para as persoas xurídicas, a presentación debe realizarse obrigatoriamente na sede electrónica.</p>
	<p><b>Onde o presento?</b></p> <p>A solicitude de inscrición vai dirixida á Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Sanidade.</p>
	<p><b>Documentos adxuntos?</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Memoria descriptiva das instalacións e actividades.</li> <li>• Xustificante de pagamento da taxa.</li> <li>• Planos de situación e das instalacións.</li> <li>• Nome de todas as marcas comerciais existentes (incluíndo o rexistro de marcas do Consello Regulador) e o deseño das etiquetas.</li> <li>• Recibo da subministración de auga.</li> <li>• Recibo da recollida de lixos.</li> <li>• Declaración responsable no que se declara a responsabilidade das actividades notificadas, locais, equipamentos e vehículos necesarios. Estes deben axustarse á normativa establecida no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.</li> </ul>
	<p><b>Que fago se varían os datos?</b></p> <p>Usar o mesmo formulario para informar a Administración.</p> <p>Debe comunicarse calquera alteración, respecto aos datos proporcionados na solicitude inicial, que modifique o proceso de forma substancial. P. ex. unha ampliación das instalacións, a substitución dunha máquina por outra nova, etc.</p>
	<p><b>Base legal</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro, sobre Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos.</li> <li>• Real decreto 682/2014, do 1 de agosto, polo que se modifica o Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro, sobre Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos, e outros catro regulamentos sobre esta materia.</li> </ul>




<sup>1</sup> Ver Real decreto 191/2011, art. 5.

<sup>2</sup> Ver Real decreto 191/2011, disposición transitoria única.

## 1.2. Rexistro Industrial de Galicia-Industrias Agrarias

O Rexistro Industrial de Galicia dispón da denominada “sección A” para as industrias agrarias (RIA), que é onde deben inscribirse as adegas. Este rexistro identifica todas as entidades que dentro do territorio de Galicia teñen autorización para exercer a súa actividade.

Nota: Aínda que durante uns anos este rexistro estivo suspendido, actualmente reactivouse e a súa obtención é de obrigado cumprimento para os operadores vitivinícolas. A súa tramitación é exclusivamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Modelo IN617E	
	<p><b>Código do procedemento?</b></p> <p>Este modelo debe tramitarse en liña na sede electrónica da Xunta de Galicia.</p>
	<p><b>Onde o presento?</b></p> <p>A inscrición realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado de código IN617E, accesible na sede electrónica da Xunta de Galicia.</p>
	<p><b>Base legal</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Lei 9/2004, do 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia.</li> <li>• Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.</li> <li>• Decreto 37/2015, do 12 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Industrial de Galicia (DOG nº 60 do 30 de marzo de 2015).</li> </ul>

## 1.3. Rexistro de Embotelladores de Viños e Bebidas Alcohólicas

O Rexistro de Embotelladores de Viños e Bebidas Alcohólicas identifica todas as entidades que dentro do territorio de Galicia teñen autorización para realizar o embotellamento de produtos alimentarios. Habitualmente é coñecido como “rexistro embotellador”.

No caso de que unha empresa dispoña de máis dunha planta de embotellamento, deberá dispoñer dun rexistro embotellador individual para cada planta.

O número de rexistro obtido é relevante para a etiquetaxe, debido a que se trata dunha indicación obrigatoria neste (ver parte 5, apdo. 5.4, desta guía).



Formulario MR360D "Inscripción no Rexistro de Embotelladores" (figura 1.3.1)	
	<b>Código do procedemento?</b> Este modelo pode tramitarse en liña ou descargarse da sede electrónica da Xunta de Galicia para a súa presentación presencial.
	<b>Onde o presento?</b> A solicitude de inscrición vai dirixida á Xefatura Territorial correspondente da Consellería do Medio Rural.
	<b>Documentos adxuntos?</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Copia acreditativa da inscrición no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos.</li> <li>• Copia acreditativa da inscrición no Rexistro Industrial de Galicia–Industrias Agrarias (RIA).</li> <li>• Copia DNI, en caso de tratarse dunha persoa física e non autorizar a súa consulta.</li> <li>• Copia DNI do representante, cando cumpra, e sempre que non autorice a súa consulta.</li> <li>• Copia do NIF para persoas xurídicas, só cando non autorice a súa consulta.</li> </ul>
	<b>Que fago se varían os datos?</b> Usar o mesmo formulario para informar a Administración.
	<b>Base legal</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Decreto 158/2011, do 21 de xullo, polo que se ditan normas de aplicación sobre os documentos que acompañan o transporte de produtos vitivinícolas, os rexistros e as declaracións de determinadas prácticas no sector vitivinícola na Comunidade Autónoma de Galicia.</li> </ul>

Na figura 1.3.1<sup>3</sup> móstrase o formulario de Inscrición non Rexistro de Embotelladores (código do procedemento MR360D), que pode usarse tanto para a primeira inscrición, como para posteriores modificacións de datos ou para a baixa, de ser o caso.

<sup>3</sup> Na figura 1.3.1 non se representa a totalidade do formulario para cubrir, senón soamente as partes de interese específico para esta guía. O formulario completo (que inclúe algúns apartados adicionais para información sobre protección de datos persoais e lexislación aplicable, así como espazo para a sinatura da persoa solicitante ou o seu representante), pode obterse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

<b>PROCEDEMENTO</b> <b>INSCRICIÓN NO REXISTRO DE EMBOTELLADORES</b>	<b>CÓDIGO DO PROCEDEMENTO</b> <b>MR360D</b>	<b>DOCUMENTO</b> <b>SOLICITUDE</b>
--	--	---------------------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME/RAZÓN SOCIAL 
 PRIMEIRO APELIDO 
 SEGUNDO APELIDO 
 NIF

TIPO 
 NOME DA VÍA 
 NÚM. 
 BLOQ. 
 ANDAR 
 PORTA

PARROQUIA 
 LUGAR

CÓDIGO POSTAL 
 PROVINCIA 
 CONCELLO 
 LOCALIDADE

TELÉFONO 1 
 TELÉFONO 2 
 CORREO ELECTRÓNICO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL 
 PRIMEIRO APELIDO 
 SEGUNDO APELIDO 
 NIF

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

TELÉFONO MÓBIL 
 CORREO ELECTRÓNICO

**ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE**

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

**Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).  
 Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

**Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

TIPO 
 NOME DA VÍA 
 NÚM. 
 BLOQ. 
 ANDAR 
 PORTA

PARROQUIA 
 LUGAR

CÓDIGO POSTAL 
 PROVINCIA 
 CONCELLO 
 LOCALIDADE


**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora  
<https://sede.xunta.gal>

Figura 1.3.1.a. Formulario de inscrición no Rexistro de Embotelladores de Viños e Bebidas Alcohólicas (código do procedemento MR360D)

(Fonte: Sede electrónica da Xunta de Galicia)

DATOS DA PLANTA EMBOTELLADORA							
TITULAR <input style="width: 100%;" type="text"/>							
Nº REXISTRO EMBOTELLADOR (se procede)	Nº DE REXISTRO DE INDUSTRIAS AGRARIAS	REXISTRO SANITARIO DE EMPRESAS ALIMENTARIAS E ALIMENTOS <input style="width: 100%;" type="text"/>					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>		
PARROQUIA				LUGAR			
<input style="width: 100%;" type="text"/>				<input style="width: 100%;" type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO			LOCALIDADE		
<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>			<input style="width: 100%;" type="text"/>		
OBJECTO DA SOLICITUDE							
<input type="checkbox"/> Inscripción <input type="checkbox"/> Baixa <input type="checkbox"/> Cambio de titularidade      Antigo titular: <input style="width: 150%;" type="text"/> <input type="checkbox"/> Cambio de enderezo Novo enderezo sede social: <input style="width: 150%;" type="text"/> Novo enderezo planta embotelladora: <input style="width: 150%;" type="text"/> <input type="checkbox"/> Outros      Especificar: <input style="width: 150%;" type="text"/>							
PRODUTOS							
PRODUTO EMBOTELLADO				MARCA			
<input style="width: 100%;" type="text"/>				<input style="width: 100%;" type="text"/>			
<input style="width: 100%;" type="text"/>				<input style="width: 100%;" type="text"/>			
<input style="width: 100%;" type="text"/>				<input style="width: 100%;" type="text"/>			
DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA							
<input type="checkbox"/> Taxas administrativas devindicadas pola tramitación da solicitude (Código da taxa:300200)							
COMPROBACIÓN DE DATOS							
<b>Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.</b>						<b>OPÓÑOME Á CONSULTA</b>	
DNI/NIE da persoa solicitante						<input type="checkbox"/>	
DNI/NIE da persoa representante						<input type="checkbox"/>	
Nº Rexistro de Industrias Agrarias (RIA)						<input type="checkbox"/>	
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b> A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.						<b>AUTORIZO A CONSULTA</b>	
NIF da entidade solicitante						<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non	

Figura 1.3.1.b. Formulario de inscrición no Rexistro de Embotelladores de Viños e Bebidas Alcohólicas (código do procedemento MR360D)  
(Fonte: Sede electrónica da Xunta de Galicia)







## 1.4. Rexistro de Operadores do Sector Vinícola (REOVI)

O Rexistro de Operadores do Sector Vinícola (REOVI) forma parte do Sistema de Información de Mercados do Sector Vitivinícola (INFOVI), creado polo artigo 4 do Real decreto 739/2015, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola<sup>4</sup>, que está adscrito ao Ministerio de Agricultura, que é o responsable da coordinación respecto diso coas comunidades autónomas.

As adegas deberán rexistrarse no REOVI unha vez, ao comezo da súa actividade, co fin de identificarse para a elaboración de posteriores declaracións (ver parte 3, apdo. 3.2, desta guía) á Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA) e ao Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga). Para iso (así como para comunicar a modificación dalgún dato ou para darse de baixa) debe presentarse a correspondente solicitude ao Fogga, no mes seguinte á data de entrada en funcionamento (ou da baixa, de ser o caso).

A solicitude (así como a modificación de datos ou a baixa, de ser o caso) debe facerse utilizando o código do procedemento MR441H (ver figura 1.4.1) na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Co rexistro do REOVI, o Fogga contacta coa AICA e tramita a obtención dun usuario e o contrasinal necesario para realizar as declaracións de existencias de viño e mosto (ver parte 3, apdo. 3.2, desta guía).

Formulario MR441H "Rexistro de Operadores no Sector Vitivinícola (REOVI)" (figura 1.4.1)	
	<b>Teño obriga?</b>  Si, se son produtor de viño e/ou mosto ou almacenista. Igualmente, toda nova instalación deses operadores deberá inscribirse no REOVI.
	<b>Código do procedemento?</b>  Formulario MR441H, "Rexistro de operadores no sector vitivinícola (REOVI)" (figura 1.4.1).
	<b>Onde o presento?</b>  A solicitude de inscrición vai dirixida ao servizo territorial correspondente da Xefatura Territorial correspondente da Consellería do Medio Rural.
	<b>Cando o presento?</b>  Como límite dentro do mes seguinte ao comezo da actividade.

<sup>4</sup> Debe terse en conta que este Real decreto 739/2015 se basea no Regulamento (CE) 436/2009, o cal actualmente esta derrogado polo Regulamento delegado (UE) 2018/273. Polo tanto, é previsible que nun futuro próximo poida sufrir así mesmo algunha modificación.

Formulario MR441H  
"Rexistro de Operadores no Sector Vitivinícola (REOVI)" (figura 1.4.1)

Que fago se varían os datos?



Cando se detecte un erro ou un cambio dos datos, as modificacións deberán presentarse dentro do mes seguinte, empregando o mesmo procedemento MR441H.  
A baixa deberá tramitarse dentro do mes seguinte ao cesamento da actividade, utilizando o mesmo procedemento.

Base legal



- Real decreto 739/2015, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola.
- Real decreto 313/2016, do 29 de xullo, polo que se modifican o Real decreto 739/2015, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola, e o Real decreto 740/2015, do 31 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, e se modifica o Real decreto 1079/2014, do 19 de decembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola.
- Orde do 22 de setembro de 2021 da Consellería do Medio Rural pola que se modifican anexos, prazos e normas procedementais do Decreto 256/2011, do 7 de decembro, polo que se regula o potencial de produción vitícola de Galicia.

Na figura 1.4.1<sup>5</sup> móstrase o formulario de Rexistro de operadores non sector vitivinícola (REOVI) (código do procedemento MR441H). Correspóndese co Anexo D: II do Decreto 256/2011 modificado pola Orde do 22 de setembro de 2021.

<sup>5</sup> Na figura 1.4.1 non se representa a totalidade do formulario para cubrir, senón soamente as partes de interese específico para esta guía. O formulario completo (que inclúe algúns apartados adicionais para información sobre protección de datos persoais e lexislación aplicable, así como espazo para a sinatura da persoa solicitante ou o seu representante), pode obterse no DOG nº 189, do 30 de setembro de 2021, ou na sede electrónica da Xunta de Galicia.

PROCEDEMENTO REXISTRO DE OPERADORES NO SECTOR VITIVINÍCOLA (REOVI)	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR441H</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME/RAZÓN SOCIAL <input type="text"/>	PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input type="text"/>	NIF <input type="text"/>
TIPO <input type="text"/>	NOME DA VÍA <input type="text"/>	NÚM. <input type="text"/>	BLOQ. <input type="text"/>
		ANDAR <input type="text"/>	PORTA <input type="text"/>
PARROQUIA <input type="text"/>	LUGAR <input type="text"/>		
CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>
TELÉFONO 1 <input type="text"/>	TELÉFONO 2 <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>	

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL <input type="text"/>	PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input type="text"/>	NIF <input type="text"/>
---	--	---	-----------------------------

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

TELÉFONO MÓBIL <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>
--	--

## ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

- Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).  
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.
- Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

TIPO <input type="text"/>	NOME DA VÍA <input type="text"/>	NÚM. <input type="text"/>	BLOQ. <input type="text"/>	ANDAR <input type="text"/>	PORTA <input type="text"/>
PARROQUIA <input type="text"/>	LUGAR <input type="text"/>				
CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>		

Nº REXISTRO REOVI 

Figura 1.4.1.a. Solicitud de rexistro REOVI (código do procedemento MR441 H)

(Fonte: DOG n.º 189 do 30 de setembro de 2021)



<b>DATOS DA PLANTA EMBOTELLADORA</b>							
TITULAR <input style="width: 100%;" type="text"/>							
Nº REXISTRO EMBOTELLADOR (se procede) <input style="width: 100%;" type="text"/>	Nº DE REXISTRO DE INDUSTRIAS AGRARIAS <input style="width: 100%;" type="text"/>	REXISTRO SANITARIO DE EMPRESAS ALIMENTARIAS E ALIMENTOS <input style="width: 100%;" type="text"/>					
TIPO <input style="width: 100%;" type="text"/>	NOME DA VÍA <input style="width: 100%;" type="text"/>	NÚM. <input style="width: 100%;" type="text"/>	BLOQ. <input style="width: 100%;" type="text"/>	ANDAR <input style="width: 100%;" type="text"/>	PORTA <input style="width: 100%;" type="text"/>		
PARROQUIA <input style="width: 100%;" type="text"/>				LUGAR <input style="width: 100%;" type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL <input style="width: 100%;" type="text"/>	PROVINCIA <input style="width: 100%;" type="text"/>	CONCELLO <input style="width: 100%;" type="text"/>			LOCALIDADE <input style="width: 100%;" type="text"/>		
<b>OBXECTO DA SOLICITUDE</b>							
<input type="checkbox"/> Inscripción							
<input type="checkbox"/> Baixa							
<input type="checkbox"/> Cambio de titularidade      Antigo titular: <input style="width: 150px;" type="text"/>							
<input type="checkbox"/> Cambio de enderezo							
Novo enderezo sede social: <input style="width: 150px;" type="text"/>							
Novo enderezo planta embotelladora: <input style="width: 150px;" type="text"/>							
<input type="checkbox"/> Outros      Especificar: <input style="width: 150px;" type="text"/>							
<b>PRODUTOS</b>							
PRODUTO EMBOTELLADO				MARCA			
<input style="width: 100%;" type="text"/>				<input style="width: 100%;" type="text"/>			
<input style="width: 100%;" type="text"/>				<input style="width: 100%;" type="text"/>			
<input style="width: 100%;" type="text"/>				<input style="width: 100%;" type="text"/>			
<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA</b>							
<input type="checkbox"/> Taxas administrativas devindicadas pola tramitación da solicitude (Código da taxa:300200)							
<b>COMPROBACIÓN DE DATOS</b>							
<b>Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.</b>						<b>OPÓÑOME Á CONSULTA</b>	
DNI/NIE da persoa solicitante						<input type="checkbox"/>	
DNI/NIE da persoa representante						<input type="checkbox"/>	
Nº Rexistro de Industrias Agrarias (RIA)						<input type="checkbox"/>	
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b>						<b>AUTORIZO A CONSULTA</b>	
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.						<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non	
NIF da entidade solicitante							

Figura 1.4.1.b. Solicitud de registro REOVI (código do procedemento MR441H)

(Fonte: DOG nº 189 do 30 de setembro de 2021)

## 1.5. Autorización para o visado de documentos de acompañamento (expedidor autorizado)

Para poder enviar produtos vitivinícolas é necesario dispoñer de autorización para o visado de documentos de acompañamento (véxase parte 4, apdo. 4.1, desta guía). A solicitude está recollida no Anexo II do Decreto 158/2011, do 21 de xullo, polo que se ditan normas de aplicación sobre os documentos que acompañan o transporte de produtos vitivinícolas, os rexistros e as declaracións de determinadas prácticas no sector vitivinícola na Comunidade Autónoma de Galicia.

Formulario MR360B  
"Autorización para o visado dos documentos de acompañamento" (figura 1.5.1)

### Código do procedemento?



A primeira vez, cando a adega se dea de alta como empresa, deberá solicitar autorización tanto para viño e mosto como para uva de vinificación.

Ademais, para cada campaña na que pretenda transportar uva de vinificación terá que enviar unha copia deste documento.

Segundo o tipo de produto que se queira transportar existen requisitos específicos que se deben cumprir:

- a. Para o viño e o mosto – solicitarase polo titular unha vez en toda a vida da adega.
- b. Para a uva de vinificación – solicitarase para a campaña actual.



### Onde o presento?

A solicitude de inscrición vai dirixida á Xefatura Territorial correspondente da Consellería do Medio Rural.



### Base legal

- Decreto 158/2011, do 21 de xullo, polo que se ditan normas de aplicación sobre os documentos que acompañan o transporte de produtos vitivinícolas, os rexistros e as declaracións de determinadas prácticas no sector vitivinícola na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na figura 1.5.1 móstrase o formulario de Autorización para o visado dos documentos de acompañamento (código do procedemento MR360B).



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I

<b>PROCEDEMENTO</b> AUTORIZACIÓN PARA O VISADO DOS DOCUMENTOS DE ACOMPAÑAMENTO R(CE) 436/2009	<b>CÓDIGO DO PROCEDEMENTO</b> <b>MR360B</b>	<b>DOCUMENTO</b> SOLICITUDE
---	--	--------------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME/RAZÓN SOCIAL 
 PRIMEIRO APELIDO 
 SEGUNDO APELIDO 
 NIF

TIPO 
 NOME DA VÍA 
 NUM 
 BLOQ 
 ANDAR 
 PORTA

PARROQUIA 
 LUGAR

CÓDIGO POSTAL 
 PROVINCIA 
 CONCELLO 
 LOCALIDADE

TELÉFONO 
 FAX 
 TELÉFONO MÓBIL 
 CORREO ELECTRÓNICO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)**

NOME/RAZÓN SOCIAL 
 PRIMEIRO APELIDO 
 SEGUNDO APELIDO 
 NIF

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Notifíquese a:  Persoa ou entidade solicitante  Persoa ou entidade representante  
 Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL 
 CORREO ELECTRÓNICO

**ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE**

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.

**Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal> (<https://notifica.xunta.gal>). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

**Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria.

TIPO 
 NOME DA VÍA 
 NUM 
 BLOQ 
 ANDAR 
 PORTA

PARROQUIA 
 LUGAR

CÓDIGO POSTAL 
 PROVINCIA 
 CONCELLO 
 LOCALIDADE

**NATURALEZA XURÍDICA**

Persoa física  S.A.  S.L.  C.B.  Cooperativa  S.A.T.  Outras

**ACTIVIDADE EMPRESARIAL**

Produción  Industrialización  Comercialización  Transporte  GRUPO OU EPÍGRAFE DA LICENZA

**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

Figura 1.5.1.a. Autorización para o visado dos documentos de acompañamento (código do procedemento MR360B)

(Fonte: Sede electrónica da Xunta de Galicia)










 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	<b>ANEXO I</b> (continuación)
<b>PRODUTOS PARA OS QUE SOLICITA A AUTORIZACIÓN</b> <input type="checkbox"/> Uva fresca para vinificación <input type="checkbox"/> Mostos <input type="checkbox"/> Viños	
<b>COMPROBACIÓN DE DATOS</b>	
<p>Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.</p>	
NIF da entidade solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
NIF da entidade representante	<input type="checkbox"/>
<b>INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS</b>	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e mais información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a> .
<p><b>Actualización normativa:</b> no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.</p>	
<b>LEXISLACIÓN APLICABLE</b>	
<p>Decreto 158/2011, do 21 de xullo, polo que se ditan normas de aplicación sobre os documentos que se acompañan o transporte de produtos vitivinícolas, os rexistros e as declaracións de determinadas prácticas no sector vitivinícola na Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>Orde do 22 de abril de 2015 do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se adaptan e incorporan á sede electrónica da Xunta de Galicia os procedementos administrativos de prazo aberto da Consellería do Medio Rural e do Mar.</p>	
<b>SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE</b>	
LUGAR E DATA <input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>	
	
 <b>SEDE ELECTRÓNICA</b> Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora <a href="https://sede.xunta.gal">https://sede.xunta.gal</a>	
Xefatura territorial da Consellería do Medio Rural de <input type="text"/>	

Figura 1.5.1. b. Autorización para o visado dos documentos de acompañamento (código do procedemento MR360B)

(Fonte: Sede electrónica da Xunta de Galicia)

## 1.6. Rexistro Territorial de Impostos Especiais (IIEE)

As adegas elaboradoras de viño e bebidas fermentadas teñen a consideración de fábricas e, polo tanto, deben presentar a solicitude de inscrición no rexistro territorial de Impostos Especiais da oficina xestora da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) que lles corresponda, para obter a autorización para o funcionamento da actividade e o código CAE.

	<p><b>Como solicitalo?</b></p> <p>Presencialmente na oficina xestora correspondente, ou mediante a sede electrónica da AEAT (obrigatorio para persoas xurídicas), no apartado <i>IIEE Inscrición no censo de IIEE</i> (figura 1.6.1).</p>
	<p><b>Que fago se varían os datos?</b></p> <p>Cando teña lugar un cambio nos datos, deberá ser comunicado á AEAT por algunha das vías mencionadas.</p>
	<p><b>Cesamento definitivo da actividade</b></p> <p>Debe poñelo en coñecemento da oficina xestora para que os servizos de intervención e inspección realicen as comprobacións pertinentes, e debe ser formalizada a baixa no Censo de Empresarios, Profesionais e Retedores (art. 42 do Regulamento dos Impostos Especiais, RIE).</p>
	<p><b>Base legal</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.</li> <li>• Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, polo que se aproba o Regulamento dos Impostos Especiais.</li> </ul>

Para presentar a solicitude de inscrición deben cumprirse certos requisitos e acompañar certa documentación, ambos os dous aspectos detallados no artigo 40.2 do Regulamento dos Impostos Especiais (RIE).

A documentación que é habitualmente requirida pola AEAT respecto diso, sexa presentada fisicamente na oficina xestora ou a través da sede electrónica, é a seguinte:

1. Nome, apelidos, DNI, teléfono e correo electrónico da persoa de contacto.
2. Documento de representación da persoa que fai a solicitude no seu nome á oficina xestora (fotocopia da escritura de constitución, de nomeamento de administradores, de apoderados, etc.) e fotocopia do DNI desta.
3. Solicitude de inscrición no rexistro territorial da oficina xestora de IIEE (p. ex. a de Pontevedra).
4. Especificación da clase de establecemento que se pretende inscribir no censo da oficina xestora.
5. Acreditación da alta no Censo de Empresarios, Profesionais e Retedores na epígrafe correspondente á actividade que se vai desenvolver (implica alta no Imposto de Actividades Económicas).

## Registro Telemático

1. Generación de la solicitud 2. Firma y envío de la solicitud 3. Recibo de presentación

El asterisco \* indica que es imprescindible completar este dato

<b>Datos del trámite</b>	
Trámite: DM012 - Presentar solicitud o comunicación	
Procedimiento: DM01 - Inscripción en el censo de IIEE	
* Oficina Gestora	
D15800	<input style="border: none; border-bottom: 1px solid black; border-right: 1px solid black; padding: 0 5px;" type="button" value="?"/> <input style="border: none; border-bottom: 1px solid black; border-right: 1px solid black; padding: 0 5px;" type="button" value="X"/>
Asunto	
<input type="text" value="Solicitud número CAE"/>	
<b>Tipo de presentación</b>	
<input checked="" type="radio"/> En nombre propio	
<input type="radio"/> En representación de terceros	
<b>Datos del interesado</b>	
NIF:	
Nombre / Razón Social:	
<b>Documentación que se anexa</b>	
Tipo de Documento	Descripción
200 - Otros documentos <input type="button" value="v"/>	<input type="text" value="Se utilizará el nombre de cada fichero como descripción"/>
<p><b>Si no incorpora documentación y prefiere escribir el motivo de la presentación, puede hacerlo aquí.</b>  <b>Con el texto escrito se generará un documento pdf que se incorporará al sistema.</b></p>	
<input type="text"/>	

Figura 1.6.1  
Inscripción no registro  
de IIEE - Obtención  
do n.º CAE

(Fonte: AEAT)

6. Acreditación de estar ao corrente, tanto o solicitante como os administradores, incluídos os de feito, no cumprimento das súas obrigas tributarias.
7. Localización exacta do lugar no que está ou estará situado o establecemento. Achegar ademais coordenadas GPS.
8. Breve memoria descriptiva da actividade que se pretende desenvolver en relación coa inscrición que se solicita.
9. Se se trata de fábricas (adegas), deberá achegarse unha memoria técnica que describa tanto o funcionamento dos elementos e aparellos de fabricación como os procesos de elaboración dos produtos que se pretenden obter. Incluír diagrama de fluxo.
10. Plano a escala do recinto do establecemento, con indicación dos elementos de almacenamento existentes, así como, de ser o caso, dos elementos e aparellos de fabricación.



11. Acreditación do dereito para dispoñer das instalacións, por calquera título (en caso de propiedade, achegar escritura ou recibo do IBI a nome do titular; en caso de alugamento, achegar contrato e xustificante do pagamento dunha cota recente; para calquera outro título, acreditarlo por calquera medio admitido en dereito).
12. Resolución de inscrición no Rexistro Embotelladores de Viños e Bebidas Alcohólicas de Galicia, da consellería competente.
13. Licenza municipal autorizando a realización da actividade para a que se pretende a súa inscrición no censo da oficina xestora.
14. Comunicación relativa se se ten previsto realizar expedicións de viño ao resto da Unión Europea. En caso afirmativo, deberá acreditar a prestación da garantía esixible segundo o art. 43 do Regulamento dos Impostos Especiais (RIE).

O **CAE (Código de Actividade e Establecemento)** é un código que identifica unha determinada actividade e o establecemento onde se practica. Está harmonizado en toda a UE, e componse de 13 caracteres:

- Código do país: as letras ES identifican a España.
- 3 ceros (000).
- Código da oficina xestora (2 díxitos): indica a oficina xestora onde se inscribe (p. ex. a oficina xestora de Pontevedra ten o código 36).
- Clave de actividade (1 letra e 1 número, ou ben 2 letras): clave do tipo de actividade que se desenvolve no establecemento (no caso das adegas elaboradoras de viño, é o V1, sempre e cando non se elaboren outras bebidas alcohólicas, como p. ex. licores, cuxo caso o código deberá ser BA).
- 3 números: número secuencial de inscrición dentro do rexistro territorial da oficina xestora correspondente.
- 1 letra de control.

**EXEMPLO: ES00036V1141N**

En España, o número CAE da empresa (operador) e o número CAE de cada un dos seus establecementos (depósitos) son o mesmo, pero noutros países da Unión Europea poden ser diferentes, é dicir, poden ter un CAE asignado a cada un deles. Este dato debe terse en conta cando se realicen envíos a outros países da Unión Europea, xa que deberán solicitárselle ao destinatario ambos os dous códigos (o da empresa e o do establecemento de destino).

Entre os requisitos previos á inscrición atópase a de presentar garantía (art. 40 RIE), aínda que esta ten a seguinte peculiaridade (art. 43 RIE):

*Establécese como norma xeral que as fábricas e/ou depósitos de viño deben prestar unha garantía igual ao 1% da cota anual media do últimos tres exercicios, pero, mentres o tipo*

*impositivo sexa cero, non están obrigadas a prestar a garantía polo exercicio da actividade (de elaboración no caso das fábricas e polo exercicio da actividade no caso do depósito).*

Non obstante, no caso de realizar envíos intracomunitarios, establécese que tanto fabricantes como depósitos fiscais de viño deben achegar unha garantía do 1‰ do valor dos seus envíos intracomunitarios durante o ano anterior, cun mínimo de 1.000 euros (art. 43.11 RIE).

Nota: Os almacéns auxiliares a unha adega elaboradora de viño e demais bebidas fermentadas considéranse que forman parte do establecemento único que constitúe a adega para os efectos da inscrición no rexistro territorial, sempre que se atopen situados dentro da mesma provincia e non se realice neles operacións de fabricación (art. 65 do RIE). Deben estar, igualmente, autorizados e inscritos (anotarase na tarxeta de inscrición<sup>6</sup>) e operar co mesmo CAE da fábrica.

## 1.7. Rexistro Vitícola de Galicia

Aínda que esta guía non está enfocada ás cuestións vitícolas, non obstante cremos oportuno mencionar o Rexistro Vitícola de Galicia pola súa importancia e polo feito de que unha gran parte das adegas dispoñen así mesmo de viñedos na explotación.

O Rexistro Vitícola de Galicia (RVG) é a ferramenta técnico-administrativa fundamental para o coñecemento da situación real do potencial da produción vitícola da Comunidade Autónoma de Galicia, que deberá manterse con información actualizada e fiable do dito potencial produtivo (art. 16 do Decreto 256/2011, do 7 de decembro, polo que se regula o potencial de produción vitícola de Galicia).

A finalidade do RVG é a seguinte (art. 16 do Decreto 256/2011):

- a. Xestión técnico-administrativa das explotacións vitícolas.
- b. Seguimento e control da evolución do potencial de produción vitícola.
- c. Base de datos para as estatísticas oficiais nesta materia, en particular para o inventario do potencial vitícola de Galicia.

Todas as adegas que contén con viñedos propios deberán inscribirse no Rexistro Vitícola de Galicia co fin de indicar as parcelas que explotan.

<sup>6</sup> A documentación relativa aos almacéns auxiliares preséntase ao solicitar a inscrición no rexistro da adega elaboradora, e a oficina xestora, ao realizar a inscrición, debe anotar na tarxeta de inscrición os almacéns integrados no establecemento censado.

**Formulario MR447A**  
**"Inscripción, baixa e/ou actualización/modificación de datos no Rexistro Vitícola de Galicia" (figura 1.7.1)**

**Código do procedemento?**

Este modelo pode tramitarse en liña ou descargarse da sede electrónica da Xunta de Galicia para a súa presentación presencial.

Este modelo pode ser utilizado para:

- Dar de alta parcelas.
- Dar de baixa parcelas.
- Transmisión de titularidade dunha parcela.
- Modificación de datos de certa parcela.

---

**Onde o presento?**

A solicitude de inscrición vai dirixida á Xefatura Territorial correspondente da Consellería do Medio Rural.

---

**Documentos adxuntos?**

Obrigatorio:

- Fotocopia DNI do viticultor ou propietario da parcela, no caso de non autorizar a súa consulta.
- Plano ou esbozo do SIXPAC da superficie de cada parcela obxecto de solicitude, só cando non coincida con recintos completos do SIXPAC.

Segundo o tipo de solicitude:

- Alta das parcelas ou transmisión de titularidade:
  - > Documento público.
  - > Documento privado liquidación de impostos.
  - > Dereito de uso e disposición sobre o cultivo da vide (deberá tramitarse previamente á entrega deste rexistro segundo o indicado no apdo. 1.7).
- Modificación da superficie vitícola:
  - > Certificación descritiva e gráfica emitida pola xerencia territorial do catastro, cando a modificación da superficie afecte o total da parcela.
- Modificación da data do ano de plantación:
  - > Documentación acreditativa da antigüidade do viñedo con base nun informe emitido polo técnico competente (enxeñeiro técnico agrícola ou enxeñeiro agrónomo).
- Modificación das variedades:
  - > Informe emitido polo técnico competente (enxeñeiro técnico agrícola ou enxeñeiro agrónomo).

---

**Base legal**

- Decreto 256/2011, do 7 de decembro, polo que se regula o potencial de produción vitícola de Galicia.

Na figura 1.7.1<sup>7</sup> móstrase o formulario de Inscrición, baixa e/ou modificación/actualización de datos do Rexistro Vitícola de Galicia (código do procedemento MR447A).

<sup>7</sup> Na figura 1.7.1 non se representa a totalidade do formulario para cubrir, senón soamente as partes de interese específico para esta guía. O formulario completo (que inclúe algúns apartados adicionais para a comprobación de datos, información sobre protección de datos persoais e lexislación aplicable, así como espazo para a sinatura da persoa solicitante ou o seu representante), pode obterse na sede electrónica da Xunta de Galicia.



<b>PROCEDEMENTO</b> <b>INSCRICIÓN, BAIXA E/OU MODIFICACIÓN/ACTUALIZACIÓN DE DATOS DO REGISTRO VITÍCOLA DE GALICIA (MA-RVG)</b>	<b>CÓDIGO DO PROCEDEMENTO</b> <b>MR447A</b>	<b>DOCUMENTO</b> <b>SOLICITUDE</b>
---	--	---------------------------------------

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME/RAZÓN SOCIAL <sup>1</sup>	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO	NOME DA VÍA	NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
CODEV (código de explotación do rexistro vitícola de Galicia)		<input type="text"/>					
MODO DE EXPLOTACIÓN			CAMPAÑA VITÍCOLA				
<input type="text"/>			<input type="text"/> / <input type="text"/>				

<sup>1</sup>Persoa viticultora solicitante

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)</b>							
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>							
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa ou entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante							
Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:							
TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>		<input type="text"/>					
<b>ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE</b>							
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.							
<input type="radio"/> <b>Electrónica</b> a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> ( <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> ). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.							
<input type="radio"/> <b>Postal</b> (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)							
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria.							
TIPO	NOME DA VÍA	NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			

Figura 1.7.1.a. Formulario de inscrición, baixa e/ou actualización/modificación de datos no Rexistro Vitícola de Galicia (código do procedemento MR447A)

(Fonte: Sede electrónica da Xunta de Galicia)



<b>TIPO DE MA - RVG</b>							
Alta/baixa de parcelas e/ou de explotación vitícola:				Transmisión da titularidade:			
<input type="radio"/> Alta	<input type="radio"/> Baixa	<input type="checkbox"/> Modificación de datos das parcelas/explotación	<input type="radio"/> Cambio de viticultor	<input type="radio"/> Cambio de propietario			
<b>DATOS DA PERSOA PROPIETARIA<sup>2</sup></b>							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
<small><sup>2</sup>Non cubrir se a persoa viticultora e propietaria son a mesma.</small>							
<b>A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:</b>							
1. Que ten coñecemento da normativa vitivinícola aplicable.							
2. Que todos os datos cubertos nesta solicitude son certos.							
<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA</b>							
<input type="checkbox"/> Plano ou bosquexo acoutado do SIXPAC onde se aprecie con exactitude a superficie da parcela ou recinto de viñedo obxecto da solicitude, só cando non coincida con recintos completos do SIXPAC							
<input type="checkbox"/> Relación de parcelas que son obxecto de alta, baixa e/ou modificación/actualización no Rexistro Vitícola de Galicia (MA-RVG)							
<input type="checkbox"/> Anexo S: I – BIS, só no caso de que a persoa propietaria non sexa a mesma que a persoa viticultora solicitante.							
<b>A) No caso de alta de parcelas vitícolas ou transmisión da súa titularidade:</b>							
<input type="checkbox"/> Documento público							
<input type="checkbox"/> Documento privado liquidado de impostos							
<input type="checkbox"/> Dereito de uso e disposición sobre o cultivo da vide							
<b>B) No caso de modificación da superficie vitícola:</b>							
<input type="checkbox"/> Certificación descritiva e gráfica emitida pola xerencia territorial do catastro, cando a modificación da superficie afecte a totalidade da parcela catastral							
<b>C) No caso de modificación da data do ano de plantación:</b>							
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da antigüidade do viñedo con base nun informe emitido por técnico competente, enxeñeiro técnico agrícola ou enxeñeiro agrónomo							
<b>D) No caso de modificación das variedades:</b>							
<input type="checkbox"/> Informe emitido por técnico competente, enxeñeiro técnico agrícola ou enxeñeiro agrónomo							
<b>Outra documentación (especificar):</b>							
<input type="text"/>							

Figura 1.71. b Formulario de inscrición, baixa e/ou actualización/modificación de datos no Rexistro Vitícola de Galicia (código do procedemento MR447A)

(Fonte: Sede electrónica da Xunta de Galicia)

## 1.8. Rexistros dos consellos reguladores

Os consellos reguladores das diferentes denominacións de orixe vitivinícolas de Galicia dispoñen de diferentes rexistros recollidos nos seus respectivos regulamentos.

Así, na maioría dos consellos reguladores dispónse dun rexistro de viñas e dun rexistro de adegas. En varios deles, este rexistro de adegas subdivídese en adegas de elaboración, adegas de almacenamento e adegas embotelladoras. Nalgúns dispónse ademais doutros rexistros, como o rexistro de locais de pasificación nas DDOO con elaboración de viños tostados.

Os requisitos para a inscrición, modificación de datos, suspensión e baixa dos rexistros de viñas e de adegas están establecidos así mesmo nos regulamentos correspondentes, e deben ser consultados en cada un deles.

## 1.9. Requisitos relativos aos depósitos

Algunhas disposicións legais establecen requisitos para os depósitos das adegas.

Ademais, os consellos reguladores das diferentes denominacións de orixe vitivinícolas de Galicia adoitan establecer algúns requisitos adicionais. Estes deben ser consultados a cada un deles.

Neste apartado ocuparémonos unicamente dos requisitos esixidos pola normativa legal.

### 1.9.1. Identificación do depósito e capacidade nominal

O Real decreto 1363/2011, do 7 de outubro, polo que se desenvolve a regulamentación comunitaria en materia de etiquetaxe, presentación e identificación de determinados produtos vitivinícolas, establece, no seu artigo 11.1, que «nos recipientes para o almacenamento dos produtos do sector vitivinícola deberá aparecer marcada de forma indeleble a súa identificación e volume nominal».

Pola súa banda, a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, di no seu artigo 45.2:

- «No suposto de produtos a granel, os operadores están obrigados á utilización de dispositivos físicos de identificación dos depósitos, silos, contedores ou calquera clase de envases que conteñan produtos alimentarios ou materias ou elementos para a produción e comercialización alimentarias. Esta identificación farase de forma clara mediante unha rotulación ou marcaxe única, indeleble e inequívoca, e haberá de quedar rexistrada e en correlación cos rexistros a que fai referencia o artigo seguinte e, de ser o caso, coa documentación descritiva dos produtos».



Tamén o Decreto 158/2011, do 21 de xullo, polo que se ditan normas de aplicación sobre os documentos que acompañan o transporte de produtos vitivinícolas, os rexistros e as declaracións de determinadas prácticas no sector vitivinícola na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 13.5 que «todos os recipientes de almacenamento deben estar numerados e coa indicación do seu volume nominal».

Polo tanto, é necesario que os depósitos dispoñan dunha placa ou indicación impresa, sempre que esta sexa indeleble, co seu volume nominal, e ademais un número ou código que identifique de forma única e inequívoca o depósito (tamén indeleble).

A capacidade nominal do recipiente é un dato fundamental para controlar as cantidades de mosto ou viño contido nos depósitos.

Non obstante, con respecto ao volume nominal, é frecuente que a capacidade indicada polo fabricante non sexa exactamente a que o depósito ten en realidade. Cando isto suceda, debe comunicarse a capacidade real ao Consello Regulador. Para iso, aínda que cada Consello Regulador pode establecer as súas condicións, na nosa opinión o aconsellable é realizar unha cubicación do depósito por unha entidade homologada, e achegar o certificado emitido pola devandita entidade cando se realice a comunicación ao Consello Regulador. Así mesmo, a capacidade real debería indicarse no depósito, tamén de forma indeleble, e sen borrar ou eliminar a capacidade nominal orixinalmente indicada polo fabricante.

Con independencia disto, algúns consellos reguladores (p. ex. Rías Baixas) obrigan a identificar os depósitos cunha etiqueta ou sinal propio, que prové o propio Consello Regulador.

### 1.9.2. Identificación do contido

O Real decreto 1363/2011, do 7 de outubro, polo que se desenvolve a regulamentación comunitaria en materia de etiquetaxe establece, no seu artigo 11.1, que «co fin de permitir aos organismos encargados do control proceder á identificación do seu contido coa axuda dos rexistros ou dos documentos que os substitúan, figurará nos recipientes a denominación dos produtos que conteñan (...)».

Polo tanto, debe dispoñerse en cada recipiente dun documento, a modo de pequeno cartel ou similar, que permita a correcta identificación do produto contido. Loxicamente, dado que o produto vai variando co tempo, debido ás trasfegas e outras operacións da adega, este documento ten que poder ser modificado facilmente. Para iso pode adoptar distintas formas: papel (preferiblemente en funda plástica para evitar deterioracións causadas pola humidade ou o contacto co viño), taboleiro tipo weleda, taboleiro de xiz, etc.

Con respecto aos datos que deben consignarse neste documento, os consellos reguladores, que son os "organismos encargados do control" mencionados no Real decreto 1363/2011, establecerán os seus propios requisitos de identificación. Non obstante, de

forma xeral, consideramos aconsellable que no mencionado documento figuren os seguintes datos:

1. Tipo de viño, preferiblemente utilizando a denominación propia do prego de condicións correspondente. P. ex. "Rías Baixas Albariño", "Ribeiro Castes Tinto", "Monte-rrei Branco", etc. Cando o anterior non sexa posible, por non estar o viño rematado ou por outras razóns, debería identificarse como se indica no punto 2).
2. Variedade(s) presentes no produto e porcentaxe destas (imprescindible se non se identifica o depósito co tipo de viño). Ademais, é recomendable que, cando se indiquen as variedades, se relacionen en orde de maior a menor presenza.
3. Volume contido.  
Ademais, é recomendable que cada depósito conte cunha cala para poder estimar o contido desde o exterior. En caso de ter depósitos sen cala, é aconsellable dispoñer dunha cala móbil. Algúns consellos reguladores establecérona como obrigatoria.
4. Ano de colleita.
5. Outras indicacións de interese (p. ex. grao alcohólico, data de enchedura ou trasfega, parcela(s) de procedencia, tratamentos efectuados, etc.).
6. Estado de verificación de aptitude da partida, cando esta fose verificada polo Consello Regulador, a través do código de mostra ou identificación similar proporcionada polo Consello Regulador no momento da toma de mostras e a data da verificación. Opcionalmente pode indicarse tamén o estado da verificación de aptitude da partida: "apta", "emprazada", "non apta", etc.

Nota: As partidas definitivamente non aptas deben estar obrigatoriaamente identificadas<sup>8</sup>.

No caso de que a adega dispoña de depósitos que conteñen viño con DOP/IXP e depósitos con viño non da DOP/IXP, é importante que esta diferenciación quede claramente presentada na identificación destes, para evitar calquera confusión. Se a adega non elabora viño fóra da DOP/IXP, non é necesario que nos depósitos conste que o viño pertence á DOP/IXP.

Na figura 1.9.1 móstrase un exemplo de depósito correctamente identificado. O número de mostra permite saber o estado de verificación.

Ademais do mencionado Real decreto 1363/2011, de alcance estatal, tamén o Decreto 158/2011, do 21 de xullo, polo que se ditan normas de aplicación sobre os documentos que acompañan o transporte de produtos vitivinícolas, os rexistros e as declaracións de determinadas prácticas no sector vitivinícola na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu art. 13.5 que «todos os recipientes de almacenamento deben estar (...) coas indicacións referidas no parágrafo anterior». O parágrafo anterior (art. 13.4) di: «se na etiquetaxe ou comercialización dos produtos vitivinícolas se desexase facer mención da

<sup>8</sup> Lei 2/2005, art. 48.4, e Lei 24/2003, da viña e o viño, art. 39.2.



Figura 1.9.1  
Imaxe de depósito  
correctamente identificado

(Fonte: Consello Regulador  
da DOP Ribeiro)

variedade de uva, o ano de colleita, a procedencia xeográfica ou outros datos permitidos na designación e presentación, deberán facerse constar inescusablemente estas indicacións nos apartados «designación do produto» ou «observacións» en todos os asentos dos libros rexistro que se refiran ás partidas que interviñeron na elaboración».

Polo tanto, este art. 13.5 do Decreto 158/2011 fai obrigatoria a identificación, no depósito, da variedade de uva, o ano de colleita, a procedencia xeográfica, ou outros datos permitidos na designación e presentación, cando estes se queiran ou deban facer constar na etiquetaxe.

Así mesmo, a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, di no seu artigo 45.2, xa antes mencionado:

- «No suposto de produtos a granel, os operadores están obrigados á utilización de dispositivos físicos de identificación dos depósitos, silos, contedores ou calquera clase de envases que conteñan produtos alimentarios ou materias ou elementos para a produción e comercialización alimentarias. Esta identificación farase de forma clara mediante unha rotulación ou marcaxe única, indeleble e inequívoca, e haberá de quedar rexistrada e en correlación cos rexistros a que fai referencia o artigo seguinte e, de ser o caso, coa documentación descritiva dos produtos».



É dicir, para que poida seguirse unha correspondencia correcta entre os datos dos libros rexistro e os contidos dos depósitos, estes deben estar adecuadamente identificados, para o que recomendamos seguir as indicacións anteriormente expostas neste apartado.

### 1.9.3. Excepcionalidade para recipientes de 600 litros ou menos

O Real decreto 1363/2011, do 7 de outubro, polo que se desenvolve a regulamentación comunitaria en materia de etiquetaxe, no seu artigo 11.2, establece unha excepción aos requisitos antes indicados: «para os recipientes dun volume nominal de 600 litros ou menos, enchidos co mesmo produto e almacenados xuntos baixo o mesmo lote, poderá substituírse a marcaxe dos recipientes polo do lote na súa totalidade, sempre que o devandito lote estea claramente identificado e separado dos demais».

Este é o caso das barricas, así como o doutros depósitos que teñan un volume nominal igual ou inferior a 600 litros, e o do produto xa embotellado (para este último, ver a epígrafe seguinte).

Neste caso, seguindo o Real decreto 1363/2011, non é necesario que cada un dos recipientes estea identificado individualmente. Así, pode utilizarse un documento, cartel ou tableiro, nun lugar visible, que permita, de forma clara e inequívoca, identificar todos os recipientes **que conteñan unha mesma partida de viño**, mediante o seu código ou número, así como o seu contido.

### 1.9.4. Caso particular: produto embotellado

Os requisitos expostos nos puntos anteriores son tamén aplicables ao produto embotellado e non etiquetado aínda (o que adoita denominarse "embotellamento previo"), que normalmente se almacena en contedores de arame ou similares.

Nestes casos, aconsellamos utilizar un rótulo ou cartel identificativo para cada contedor de arame, que mostre a seguinte información:

1. Tipo de viño, preferiblemente utilizando a denominación propia do prego de condicións correspondente. P. ex. "Rías Baixas Albariño", "Ribeiro Castes Tinto", "Monte Rei Branco", etc.
2. Ano da colleita.
3. Lote de embotellamento.
4. Data de embotellamento.
5. Número total de botellas.



Figura 1.9.2  
Imaxe de contedor de  
arame correctamente  
identificado

(Fonte: Consello Regulador  
da DOP Ribeiro)

6. Número total de litros.
7. Depósito(s) de procedencia do lote.
8. Outras indicacións de interese.
9. Estado de verificación de aptitude da partida, cando esta fose verificada polo Consello Regulador, a través do código da mostra ou identificación similar proporcionada polo Consello Regulador no momento da toma de mostras e a data da verificación. Opcionalmente pode indicarse tamén o estado da verificación de aptitude da partida: "apta", "emprazada", "non apta", etc.

Na figura 1.9.2 móstrase un exemplo de contedor de arame correctamente identificado.

### 1.9.5. Infraccións

A Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, establece que é infracción leve (artigo 38) "a falta de identificación dos recipientes destinados ao almacenamento de produtos a granel e da indicación do seu volume nominal, así como das indicacións previstas para a identificación do seu contido, fóra dos recipientes de menos de 600 litros (...)".

A falta da axeitada identificación dos depósitos, da súa capacidade nominal, e/ou do seu contido, adoita ser unha non conformidade habitual nas auditorías que realizan os órganos de control dos consellos reguladores para a certificación dos produtos das adegas.

## 1.10. Requisitos relativos ao control metrolóxico dos equipos de medida

Este apartado recolle os requisitos administrativos relativos ao control metrolóxico dos equipos de medida.

Os equipos de medida máis importantes que se utilizan no sector vitivinícola son de pesada, é dicir, básculas, nos procesos da vendima. Tamén se utilizan outros equipos de medida, por exemplo refractómetros ou densímetros, que son necesarios nos procesos da vendima e inmediatamente posteriores, e, nalgunhas adegas dotadas de laboratorios, equipos para a análise de parámetros fisicoquímicos, tales como acidez, grao alcohólico, azucres, pH, sulfuroso, etc.

Nesta guía centrarémonos unicamente nos instrumentos de pesada, por ser aqueles que están obrigados ao control metrolóxico do Estado (en caso de ser utilizados para transaccións comerciais). Non obstante, consideramos moi recomendable que todos os equipos de medida dispoñibles en calquera adega sexan sometidos a control metrolóxico por entidades debidamente capacitadas para iso.

### 1.10.1. Base normativa

Os requisitos legais relativos aos instrumentos de pesada están recollidos, esencialmente, nas seguintes disposicións legais vixentes no momento de redactar este documento:

- a. A nivel comunitario (Unión Europea):
  - Directiva 2014/31/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre a harmonización das lexislacións dos Estados membros en materia de comercialización de instrumentos de pesada de funcionamento non automático.
  - Directiva 2014/32/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre a harmonización das lexislacións dos Estados membros en materia de comercialización de instrumentos de medida (refundición).
  - Directiva delegada (UE) 2015/13 da Comisión, do 31 de outubro de 2014, pola que se modifica o anexo III da Directiva 2014/32/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, no que se refire ao intervalo de caudal dos contadores de auga.
- b. A nivel estatal (España):
  - Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía.
  - Real decreto 244/2016, do 3 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía.

- Orde ICT/155/2020, do 7 de febreiro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado de determinados instrumentos de medida<sup>9</sup>.

### 1.10.2. Definicións

Convén previamente presentar algunhas definicións que serán utilizadas ao longo deste apartado, e que pertencen todas elas ao Real decreto 244/2016<sup>10</sup>:

- **Instrumento de pesada:** instrumento de medida que serve para determinar a masa dun corpo utilizando a acción da gravidade sobre o dito corpo. Un instrumento de pesada tamén pode servir para determinar outras cantidades, magnitudes, parámetros ou características relacionadas coa masa.
- **Instrumento de pesada de funcionamento non automático:** instrumento de pesada que require a intervención dun operador para determinar o peso.

As básculas pertencen a este tipo de instrumentos de pesada de funcionamento non automático (IPFNA), dado que entre estes se consideran legalmente os que se utilizan para<sup>11</sup>:

- a. Determinación da masa para as transaccións comerciais.
  - b. Determinación da masa para o cálculo dunha taxa, arancel, imposto, prima, multa, remuneración, indemnización ou outro tipo de canon similar.
- **Control metrolóxico do Estado:** conxunto de actividades que contribúen a garantir a certeza e corrección do resultado das medicións, regulando as características que deben ter os instrumentos, medios, materiais de referencia, sistemas de medida e programas informáticos relacionados coa medición, os procedementos adecuados para a súa utilización, mantemento, avaliación e verificación, así como a tipoloxía e obrigas dos axentes intervenientes.
  - **Control metrolóxico legal:** o control das tarefas de medición previstas para o ámbito de aplicación dun instrumento de medida, por razóns de interese público, saúde pública, orde pública, protección do medio, recadación de impostos e taxas, protección dos consumidores e lealdade das prácticas comerciais.

<sup>9</sup> Esta orde derroga a Orde do 27 de abril de 1999 pola que se regula o control metrolóxico do Estado sobre os instrumentos de pesada de funcionamento non automático, nas súas fases de verificación, despois de reparación ou modificación e de verificación periódica, con data de entrada en vigor 24/08/2020.

<sup>10</sup> As dúas primeiras no seu anexo VI, art. 2, e o resto no seu art. 2.

<sup>11</sup> Real decreto 244/2016, anexo VI, art. 1.2.



- **Marcaxe CE:** marcaxe pola que o fabricante indica que o instrumento de medida é conforme con todos os requisitos aplicables establecidos na lexislación de harmonización da Unión Europea que prevé a súa colocación.
- **Organismo de control metrolóxico:** entidade, pública ou privada, designada por habilitación dunha Administración pública competente española para a realización dos ensaios en aplicación dunha regulación específica nacional e emisión dos certificados ou conformidades pertinentes en relación co control metrolóxico do Estado na fase de comercialización e posta en servizo.
- **Organismo autorizado de verificación metrolóxica (OAVM):** entidade, pública ou privada, designada por habilitación dunha Administración pública competente española, para a realización e emisión das oportunas certificacións relativas aos controis metrolóxicos determinados no artigo 9.3 da Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía.
- **Posta en servizo:** a primeira utilización polo usuario final, na Unión Europea, dun instrumento de medida para os fins que foi concibido.
- **Reparación:** toda intervención, consecuencia dunha avaría, que requira levantamento de precintos e devolva o instrumento de medida ao seu estado orixinal.
- **Requisitos esenciais:** aqueles requisitos de funcionamento de obrigado cumprimento e non especificacións de deseño, que proporcionan un alto nivel de protección metrolóxica co obxecto de que as partes afectadas poidan ter confianza no resultado da medición.
- **Verificación despois de reparación ou modificación:** o conxunto de exames administrativos, visuais e técnicos que poden ser realizados nun laboratorio ou no lugar de uso, que teñen por obxecto comprobar e confirmar que un instrumento ou sistema de medida en servizo mantén, despois dunha reparación ou modificación que requira rotura de precintos, as características metrolóxicas que lle sexan de aplicación, en especial no que se refire aos erros máximos permitidos, así como que funcione conforme o seu deseño e sexa conforme a súa regulación específica e, de ser o caso, o deseño ou modelo aprobado.
- **Verificación periódica:** o conxunto de exames administrativos, visuais e técnicos que poden ser realizados nun laboratorio ou no lugar de uso, que teñen por obxecto comprobar e confirmar que un instrumento de medida en servizo mantén desde a súa última verificación ou, no caso da primeira verificación periódica, desde a súa posta en servizo, as características metrolóxicas que lle sexan de aplicación, en especial no que se refire aos erros máximos permitidos, así como que funcione conforme o seu deseño e sexa conforme a súa regulación específica, de ser o caso, o deseño ou modelo aprobado.

### 1.10.3. Requisitos xerais

A Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía, establece os principios e as normas xerais ás que debe axustarse a organización e o réxime xurídico da actividade metrolóxica en España.

Esta Lei 32/2014 foi desenvolvida polo Real decreto 244/2016, do 3 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía. Así mesmo, este real decreto traspón ao noso ordenamento interno tres directivas europeas: a Directiva 2014/31/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre a harmonización das lexislacións dos Estados membros en materia de comercialización de instrumentos de pesada de funcionamento non automático; a Directiva 2014/32/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre a harmonización das lexislacións dos Estados membros en materia de comercialización de instrumentos de medida (refundición), e a Directiva delegada (UE) 2015/13 da Comisión, do 31 de outubro de 2014, pola que se modifica o anexo III da Directiva 2014/32/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, no que se refire ao intervalo de caudal dos contadores de auga.

A Lei 32/2014 de metroloxía atribúe aos organismos verificadores a potestade para realizar o control metrolóxico do Estado. Ata a entrada en vigor do Real decreto 244/2016, cada comunidade autónoma establecía de que modo se articulaba o control metrolóxico no seu territorio. En Galicia, como noutras comunidades (p. ex. Andalucía ou Valencia), decidiuse outorgar a concesión a unha única empresa. Noutras comunidades (p. ex. Asturias ou A Rioxa), o control metrolóxico realizábase directamente desde a Administración autonómica. No resto, o control metrolóxico podía ser efectuado por calquera organismo autorizado<sup>12</sup>.

Coa entrada en vigor do Real decreto 244/2016, as autorizacións, independentemente da comunidade autónoma que as outorgase, pasan a ser válidas en todo o territorio nacional, e, polo tanto, todos os organismos verificadores autorizados poden actuar en todo o territorio nacional (art. 8.2.a).

O Real decreto 244/2016 establece que:

*«De conformidade co establecido no artigo 8 da Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía, os materiais de referencia e os instrumentos, aparellos, medios, sistemas de medida e programas informáticos, que sirvan para medir ou contar e que sexan utilizados en aplicacións de medida por razóns de interese público, saúde e seguridade pública, orde pública, protección do medio, protección dos consumidores e usuarios, recadación de impostos e taxas, cálculo de aranceis, canons, sancións administrativas, realización de peritaxes xudiciais, establecemento das garantías básicas para un comercio leal e todas aquelas que poidan determinarse con carácter*

<sup>12</sup> Fonte: <https://www.eurocontrol.es/uncategorized/que-novidades-implica-o-real-decreto-2442016-sobre-metrologia/>, consultado o 01/05/2020.

*reglamentario, estarán sometidos ao control metrolóxico do Estado, cando estea establecido, ou se estableza, por regulación específica».*

Polo tanto, debe entenderse que as básculas das adegas están incluídas entre os instrumentos ou aparellos necesarios para o “establecemento das garantías básicas para un comercio leal” cando se utilizan para pesar uva que ha de ser pagada, é dicir, comprada a provedores externos. Polo tanto, cando as básculas se utilizan nestas transaccións, deben considerarse equipos suxeitos aos requisitos establecidos polo Real decreto 244/2016. Nos casos en que as básculas soamente se utilicen para pesar uva propia (caso dos colleiteiros, p. ex.) non estarán necesariamente suxeitas aos devanditos requisitos, aínda que sempre é recomendable cumprir con estes.

Estes requisitos consisten, esencialmente, en que é necesaria unha avaliación de conformidade antes da súa comercialización e posta en servizo, unha verificación despois da reparación ou modificación, e unha verificación periódica.

#### 1.10.4. Requisitos específicos para os instrumentos de pesada de funcionamento non automático (IPFNA)

Polo tanto, existe un exceso de 1.500 litros respecto ás cantidades consignadas no Libro Rexistro de Entradas e Saídas e comunicadas ao Consello Regulador. Esta cantidade, 1.500 litros, supón un 1,9% respecto aos 80.000 litros totais da declaración de produción, polo que está dentro do 2% tolerable e non constituiría infracción, aínda que deberán regularizarse as cantidades no Libro Rexistro de Entradas e Saídas (e o Consello Regulador podería tomar as medidas que considerase oportunas, como a apertura dunha non conformidade á adega). A partir de 1.600 litros en exceso (2%) teríamos unha infracción leve, e a partir dos 4.000 litros en exceso (5%), unha infracción grave.

## 2.6. Aplicación ACIOS

Na Orde do 10 de xuño de 2020, pola que se establecen as disposicións relativas á levanza informática dos rexistros obrigatorios do sector vitivinícola mediante a aplicación informática ACIOS (código do procedemento MR360E), da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, dispónse a posibilidade de xestionar os libros rexistro de forma electrónica utilizando a dita aplicación informática denominada ACIOS (Aplicación Contabilidade Integral Oficial).

O uso desta aplicación, de uso **voluntario**, destínase tanto a adegas como consellos reguladores. As primeiras (e/ou as súas entidades colaboradoras, como xestorías ou asesorías) poden realizar os asentos dos seus libros rexistro, así como visualizar os asentos xa realizados, crear balances destes e informes. Pola súa banda, os consellos reguladores poden utilizar ACIOS para visualizar os asentos e balances dos seus operadores inscritos.

Como adega, para iniciar o proceso de rexistro de asentos a través de ACIOS, o operador debe realizar a solicitude de autorización para o traslado dos rexistros en papel ao soporte informático.

Modelo MR360E	
	<p><b>Código do procedemento?</b></p> <p>Modelo MR360E (ver figura 2.5.1). Este modelo debe tramitarse en liña na sede electrónica da Xunta de Galicia.</p>
	<p><b>Onde o presento?</b></p> <p>A solicitude de inscrición vai dirixida á Xefatura Territorial correspondente da Consellería do Medio Rural.</p>
	<p><b>Cando o presento?</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Calquera día do ano.</li> <li>• A autorización terá carácter indefinido.</li> </ul>
	<p><b>Cantas solicitudes debo presentar?</b></p> <p>Deberase presentar unha solicitude por cada instalación na que se realice a actividade vitivinícola.</p>
	<p><b>Base legal</b></p> <p>Orde do 10 de xuño de 2020, pola pola que se establecen as disposicións relativas á levanza informática dos rexistros obrigatorios do sector vitivinícola mediante a aplicación informática ACIOS (DOG nº 117 do 16 de xuño de 2020).</p>

Ao recibir a notificación da resolución de autorización, o operador deberá realizar o peche dos rexistros en soporte papel. Unha vez realizado este peche, a primeira anotación no rexistro informático serán as existencias no momento do peche dos rexistros en papel, figurando todos os datos obrigatorios para cada rexistro e diferenciando por tipo de produto, graduación, variedade e cantos datos desexase facer constar na súa designación e presentación. Posteriormente ao peche dos rexistros en soporte papel, o operador deberá comunicar ao servizo competente da Xefatura Territorial correspondente da Consellería do Medio Rural, no prazo dun mes desde a recepción da autorización, o peche dos devanditos rexistros e a apertura dos rexistros mediante sistema informático. Se, pasado este prazo, o operador non realiza esta comunicación, a autorización queda revogada de forma automática.

Unha vez aprobada a solicitude e iniciado o rexistro dos asentos de forma informática, todos os asentos deben ser rexistrados a través de ACIOS. **Consecuentemente, non será posible levar uns libros rexistro mediante este sistema e outros en formato papel.**

No momento de peche desta guía, a aplicación ACIOS está a empezar a ser utilizada por un número aínda moderado de adegas. Espérase que, nos próximos meses, este sistema poida ser acollido pola maioría das adegas das DOP/IXP galegas.

## 2.6.1. Algunhas cuestións relativas aos rexistros dos asentos en ACIOS

A posibilidade de empregar ACIOS para a levanza dos libros rexistro supón un cambio importante respecto á situación anterior, é dicir, a levanza dos libros rexistro en soporte papel. Aínda que non é o obxectivo deste apartado constituírse nun "manual" de ACIOS nin tratar toda a operativa do programa, si que comentaremos algunhas das cuestións xerais máis representativas e de interese do rexistro de asentos nesta aplicación.

### 2.6.1.1. CUESTIÓN S RELATIVAS AO PRAZO E FORMA DE REXISTRO DOS ASENTOS

Actualmente, ACIOS permite rexistrar e editar un asento durante 7 días desde a realización do movemento. Se a data que se consigna é máis de 7 días anterior á actual, o sistema permite igualmente rexistrar o asento correspondente, pero queda reflectido como asento fóra de prazo (o que, lémbrese, podería ser considerado pola inspección como unha falta leve)<sup>16</sup>.

Ademais, eses 7 días son tamén para facer modificacións. É dicir, se rexistramos o día 14/06 un asento e nos falta algo (asento incompleto), dispoñemos de 7 días para cambialo (en realidade, ata as 23:59:59 horas do 6º día, é dicir, do 20/06). Se cambiamos algo o 16/06 pero segue sen estar completo, seguimos tendo o mesmo prazo para cambialo (20/06).

Á hora de realizar un asento en ACIOS, os operadores teñen dúas alternativas. En primeiro lugar, pódese optar pola introdución dos asentos de forma manual e individual. En segundo lugar, os operadores poden importar todos os asentos dun período concreto (por exemplo, unha semana) a través dun arquivo CSV. Neste último caso, a aplicación conta con modelos para cada libro rexistro que deben ser empregados co fin de asegurar a correcta importación dos datos.

### 2.6.1.2. CUESTIÓN S RELATIVAS Á OPERATIVA DE REXISTRO DOS ASENTOS

Se se opta polo rexistro manual dos asentos en ACIOS, é importante destacar a posibilidade de crear novos rexistros a partir de asentos relacionados e que xa estean creados. Desta maneira, por exemplo, se se desexa realizar unha saída dun viño embotellado, esta pódese rexistrar a partir do asento de entrada do devandito viño no Libro Rexistro de Embotellamento. Desta forma, toda a información sobre o produto mantense intacta, só tendo que modificar a cantidade final do produto ao que se lle dá saída. Outro exemplo para ilustrar esta casuística: se se desexa embotellar un viño a granel (en depósito), desde o propio asento de entrada do devandito viño poderíase crear tanto o asento de saída como o asento de embotellamento.

<sup>16</sup> Non obstante, a data de edición desta guía, este prazo de 7 días non está establecido regulamentariamente, o que probablemente se fará nunha próxima actualización do Decreto 158/2011.



### 2.6.1.3. CUESTIÓNS RELATIVAS AOS ASENTOS DE MESTURA DE VIÑO

No Libro Rexistro de Procesos de Elaboración, ao realizar unha mestura, ACIOS permite incluír múltiples produtos a esa mestura, sen necesidade de crear asentos diferentes para cada un deles. Así, por exemplo, se se lle quere incorporar a un produto de partida tres produtos diferentes, só sería necesario crear un asento no que se inclúan tanto o produto principal (como produto de partida) como os tres produtos que se van mesturar (como produto incorporado).

### 2.6.1.4. CUESTIÓNS RELATIVAS A PERDAS E MINGUAS

O programa permite rexistrar asentos de perdas e minguas. É importante entender que son cousas distintas:

- As perdas son inesperadas e debidas a accidentes (por exemplo, unha rotura dunha billa ou unha manguera, que ocasiona un derramamento), roubos ou outras circunstancias anómalas ou extraordinarias. Normalmente son facilmente contabilizables tras o feito que as provoca.
- As minguas son normais e propias das operacións da adega. Normalmente son difíciles de contabilizar, dado que son pequenas cantidades, e adóitanse detectar nos aforamentos.

### 2.6.1.5. CUESTIÓNS RELATIVAS Á MODIFICACIÓN DE POSIBLES ERROS

Se á hora de realizar o rexistro dun asento se cometeu un erro e xa se superaron os 7 días desde a realización do movemento, actualmente a única forma de liquidar o devandito erro baséase na creación de dous novos asentos: en primeiro lugar, sería necesario anular o asento erróneo e, posteriormente, realizaríase, de novo, o asento desexado, pero coa información correcta. Por exemplo, se o asento realizado no Libro Rexistro de Entradas e Saídas para unha saída é erróneo, sería necesario crear un asento de entrada que anulase esa saída e, posteriormente, repetir o asento de saída cos datos correctos.

### 2.6.1.6. OUTRAS FUNCIONALIDADES

No momento de pechar a edición desta guía, estase a traballar para que a aplicación ACIOS permita tamén xerar os contratos con provedores de uva e as declaracións á AICA (INFOVI), entre outras funcionalidades.



PROCEDEMENTO <b>AUTORIZACIÓN DE LEVANZA INFORMÁTICA DE LIBROS REXISTRO DE ADEGAS MEDIANTE A APLICACIÓN ACIOS</b>		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR360E</b> 	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	--	---	--------------------------------

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ. ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>	
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa ou entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante	
<p>Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a>.</p> <p>Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.</p> <p>Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:</p>	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS PLANTA</b>			
TITULAR			
<input type="text"/>			
Nº DE REXISTRO INDUSTRIAS AGRARIAS (RIA)	Nº REXISTRO EMBOTELLADOR	Nº IDENTIFICACIÓN DA ADEGA OU ALMACÉN (NIDPB)	Nº REXISTRO DE OPERADOR VITIVINICOLA (REOVI)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ. ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>TIPO DE PRODUTO</b>	
<input type="checkbox"/> PRODUTOS VITIVINICOLAS SEN DOP/IXP	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> PRODUTOS VITIVINICOLAS CON DOP/IXP	ESPECIFICAR DOP/IXP <input type="text"/>
<input type="checkbox"/> PRODUTOS VITIVINICOLAS SEN DOP/IXP E INDICACIÓN DE VARIEDADE E/OU COLLEITA	<input type="checkbox"/> VARIEDADE
	<input type="checkbox"/> COLLEITA
<input type="checkbox"/> OUTROS PRODUTOS VITIVINICOLAS AROMATIZADOS	<input type="text"/>

Figura 2.5.1.a Formulario para solicitar autorización para a levanza de libros rexistro mediante ACIOS

(Fonte: sede electrónica da Xunta de Galicia)



**LIBROS PARA OS QUE SE SOLICITA LEVANZA INFORMÁTICA**

<input type="checkbox"/> LIBRO REGISTRO DE ENTRADAS E SAÍDAS DE VIÑOS	<input type="checkbox"/> LIBRO REGISTRO DE EMBOTELLAMENTO DE VIÑOS
<input type="checkbox"/> LIBRO REGISTRO DE ENTRADAS E SAÍDAS DE VIÑOS CON DOP/IXP	<input type="checkbox"/> LIBRO REGISTRO DE EMBOTELLAMENTO DE VIÑOS CON DOP/IXP
<input type="checkbox"/> LIBRO REGISTRO DE ENTRADAS E SAÍDAS DE VIÑOS SEN DOP/IXP CON DEREITO Á INDICACIÓN DE VARIEDADE E/OU COLLEITA	<input type="checkbox"/> LIBRO REGISTRO DE EMBOTELLAMENTO DE VIÑOS SEN DOP/IXP CON DEREITO Á INDICACIÓN DE VARIEDADE E/OU COLLEITA
<input type="checkbox"/> LIBRO REGISTRO DE ENTRADAS E SAÍDAS DE PRODUTOS VITIVINÍCOLAS AROMATIZADOS	<input type="checkbox"/> LIBRO REGISTRO DE EMBOTELLAMENTO DE PRODUTOS VITIVINÍCOLAS AROMATIZADOS
<input type="checkbox"/> LIBRO REGISTRO DE ENTRADAS E SAÍDAS DOUTROS VIÑOS (*) E PRODUTOS VITIVINÍCOLAS	<input type="checkbox"/> LIBRO REGISTRO DE EMBOTELLAMENTO DE DOUTROS VIÑOS (*) E PRODUTOS VITIVINÍCOLAS
<input type="checkbox"/> LIBRO REGISTRO DE PROCESOS DE ELABORACIÓN	<input type="checkbox"/> LIBRO REGISTRO DE PRÁCTICAS ENOLÓXICAS
<input type="checkbox"/> LIBRO REGISTRO DE MOVEMENTOS DE PRODUTOS PARA PROCESOS DE ELABORACIÓN E PRÁCTICAS ENOLÓXICAS	<input type="checkbox"/> LIBRO REGISTRO DE ELABORACIÓN DE VIÑOS ESPUMOSOS E DE AGULLA

(\*) Viño de uva sobremadura, viño de uva pasificada, viño de agulla gasificados, viño espumoso gasificado, viño de licor e viño novo en proceso de fermentación.

**DATOS DAS PERSOAS USUARIAS**

NIF	NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

Documento acreditativo como operador inscrito nalgunha figura de calidade de viños (DOP), de ser o caso.

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNAME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
NIF da entidade solicitante	<input type="checkbox"/>
Documento acreditativo de inscrición no Rexistro de Industrias Agrarias (RIA)	<input type="checkbox"/>
Documento acreditativo de inscrición no Rexistro de Operador Vitivinícola (REOVI)	<input type="checkbox"/>
<b>MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN</b>	
<input type="checkbox"/> Documento acreditativo de inscrición no Rexistro Embotellador.	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Autorización para a utilización das mencións relativas ao ano de colleita e/ou variedade de uva na etiquetaxe e presentación dos viños sen denominación de orixe, nin indicación xeográfica protexida.	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Documento acreditativo como operador inscrito nalgunha indicación xeográfica protexida (viños IXP).	<input type="checkbox"/>

Figura 2.5.1.b Formulario para solicitar autorización para a levanza de libros rexistro mediante ACIOS (cont.)

(Fonte: sede electrónica da Xunta de Galicia)



## INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>

**Actualización normativa:** no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

Regulamento delegado (UE) 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, polo que se completa o Regulamento (UE) núm. 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que incumbe o réxime de autorizacións para plantacións de vide, o rexistro vitícola, os documentos de acompañamento, a certificación, o rexistro de entradas e saídas, as declaracións e a publicación da información notificada.

Regulamento de execución (UE) 2018/274 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, polo que se establecen as normas de desenvolvemento do Regulamento (UE) núm. 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

Decreto 158/2011, do 21 de xullo, polo que se ditan normas de aplicación sobre os documentos que acompañan o transporte de produtos vitivinícolas, os rexistros e as declaracións de determinadas prácticas no sector vitivinícola da Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 10 de xuño de 2020 pola que se establecen as disposicións relativas á levanza informática dos rexistros obrigatorios do sector vitivinícola mediante a aplicación informática ACIOS (código de procedemento MR360E).

## SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 ,  de  de 


Figura 2.5.1.c Formulario para solicitar autorización para a levanza de libros rexistro mediante ACIOS (cont.)



# Requisitos relativos a declaracións

Esta parte da guía recolle os requisitos administrativos relativos ás declaracións que periodicamente, ou en determinados momentos do ano, deben realizar as adegas a diferentes administracións.

Esencialmente, as declaracións téñense que realizar ás seguintes administracións:

- a. Consellería do Medio Rural (Xunta de Galicia)
- b. Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga)
- c. Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA)
- d. Axencia Tributaria (AEAT)
- e. Consellos reguladores

Neste caso non se inclúe unha apartado "Base normativa" ao comezo desta parte, senón que, debido á diferente natureza das declaracións, íranse indicando as disposicións legais de aplicación en cada un dos apartados que o integran:

1. Declaracións á Consellería do Medio Rural (Xunta de Galicia)
2. Declaracións ao Fogga e á AICA (INFOVI)
3. Declaracións á AEAT

### 3.1. Declaracións á Consellería do Medio Rural (Xunta de Galicia)

As adegas galegas deben realizar dous tipos de declaracións á Consellería do Medio Rural:

- a. Declaración para a realización de determinadas prácticas enolóxicas.



- b. Presentación dos documentos de acompañamento dos transportes de viño efectuados.

A continuación, explícanse as ditas declaracións e as condicións para a presentación destas.

### 3.1.1. Declaración para a realización de determinadas prácticas enolóxicas

Algunhas prácticas enolóxicas, ademais de ser rexistradas no correspondente libro rexistro (ver parte 2, apdo. 2.3, desta guía), deben ser obxecto de presentación dunha declaración á Xefatura Territorial correspondente da Consellería do Medio Rural, con carácter previo á súa realización.

Esta obriga está recollida nos artigos 21 a 23 do Decreto 158/2011, do 21 de xullo, polo que se ditan normas de aplicación sobre os documentos que acompañan o transporte de produtos vitivinícolas, os rexistros e as declaracións de determinadas prácticas no sector vitivinícola na Comunidade Autónoma de Galicia.





Debe considerarse que este Decreto 158/2011, no tocante a prácticas enolóxicas, se basea no Regulamento (CE) nº 606/2009 da Comisión, do 10 de xullo de 2009, o cal foi derogado polo Regulamento delegado (UE) nº 2019/934 da Comisión, do 12 de marzo de 2019, o cal complementa o Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, que se refire, entre outras cousas, ás prácticas enolóxicas autorizadas. En calquera caso, estes novos regulamentos europeos non cambian de forma moi relevante as condicións aplicables ás prácticas enolóxicas autorizadas para os viños de Galicia descritas no Decreto 158/2011 da Consellería do Medio Rural.

Tendo en conta estas consideracións, e dado que, no momento de elaborar esta guía, en Galicia segue estando vixente o Decreto 158/2011, a continuación explicaremos as obrigas derivadas deste en canto á presentación desta declaración, á espera dunha posible futura actualización derivada dos novos regulamentos europeos mencionados.

No devandito art. 21 do Decreto 158/2011 dise que as **prácticas enolóxicas sometidas a declaración**<sup>1</sup> son as seguintes:

- Edulcoración
- Acidificación
- Desacidificación
- Aumento artificial do grao alcohólico natural

<sup>1</sup> Non hai que confundir estas prácticas enolóxicas sometidas a declaración coas prácticas enolóxicas autorizadas. Estas últimas son un grupo máis grande, e están suxeitas ao seu rexistro no Libro Rexistro de Prácticas Enolóxicas.

Modelo MR360C	
	<p><b>Teño obriga?</b></p> <p>Si, cando realice unha das seguintes prácticas enolóxicas permitidas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Edulcoración</li> <li>• Acidificación</li> <li>• Desacidificación</li> <li>• Aumento artificial do grao alcohólico natural</li> </ul>
	<p><b>Código do procedemento?</b></p> <p>Modelo <b>MR360C</b> (ver figura 3.1.1). Este modelo pode tramitarse en liña ou descargarse da sede electrónica da Xunta de Galicia para a súa presentación presencial.</p>
	<p><b>Onde o presento?</b></p> <p>A solicitude de inscrición vai dirixida á Xefatura Territorial correspondente da Consellería do Medio Rural.</p>
	<p><b>Cando o presento?</b></p> <p>Antes de comezar unha práctica enolóxica.</p>

A edulcoración e o aumento artificial do grao alcohólico natural son prácticas enolóxicas sometidas a declaración polo Decreto 158/2011, pero non son procedentes para os viños que se elaboran en Galicia, e ademais, para a súa realización, sería necesaria unha regulación que non se desenvolveu ata a data<sup>2</sup>.

As prácticas enolóxicas máis habitualmente realizadas polas adegas son o sulfitado, a acidificación e a desacidificación.

O sulfitado non está sometido a declaración<sup>3</sup>, así como tampouco a rexistro no Libro Rexistro de Prácticas Enolóxicas (ver parte 2, apdo. 2.3, desta guía).

A acidificación e a desacidificación poderán ser comunicadas ata o segundo día seguinte a aquel no que se efectuou a primeira operación no transcurso dunha campaña, sendo está válida para o conxunto das operacións da campaña<sup>4</sup>.

<sup>2</sup> No Regulamento (UE) 1308/2013 figuran, no seu anexo VIII, as condicións que deben cumprir varias prácticas enolóxicas, entre as que se atopan o aumento artificial do grao alcohólico natural, a acidificación e a desacidificación. No apdo. 4, do punto D, parte I deste anexo indícase que estas prácticas enolóxicas deberán declararse ás autoridades competentes. Ademais, no art. 30.2 do Regulamento delegado (UE) 2018/273, indícase que os Estados membros da UE poden esixir que estas prácticas se notifiquen.

<sup>3</sup> Xa que non figura no art. 29 do Regulamento delegado (UE) 2018/273, e no Regulamento delegado (UE) 2019/934, anexo I, parte B, unicamente figuran os límites do contido de anhídrido sulfuroso en viños.

<sup>4</sup> Decreto 158/2011, art. 21.

Para máis información sobre as restantes prácticas enolóxicas autorizadas, as condicións nas que se poden realizar, así como os límites legais destas, aconsellamos consultar a máis recente lexislación vixente de aplicación, que, no momento de redactar esta guía, é o conxunto formado por:

- Regulamento delegado (UE) nº 2019/934 da Comisión, do 12 de marzo de 2019 (complementario do Regulamento (UE) nº 1308/2013). Esta é actualmente a disposición legal fundamental en materia de prácticas enolóxicas.
- Regulamento delegado (UE) 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017 (complementario do Regulamento (UE) nº 1308/2013), particularmente no seu art. 29.
- Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, particularmente o seu art. 80, anexo VII (parte II) e anexo VIII.

### 3.1.2. Presentación de documentos de acompañamento aos transportes

Na parte 4 desta guía recóllense os requisitos relativos aos transportes de produtos vitivinícolas. O máis importante deles é a obriga de utilizar un documento de acompañamento ao transporte de viño, que debe ser emitido polo expedidor da mercancía (ver parte 4, apdo. 4.1, desta guía).

O expedidor deberá remitir á Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural correspondente onde radique a súa actividade, con anterioridade ao día 10 de cada mes, unha copia de cada un dos documentos de acompañamento dos transportes realizados durante o mes anterior<sup>5</sup>, sempre que se trate de transportes de produtos vitivinícolas fóra do réxime suspensivo de impostos especiais. Cando o viño circula en réxime suspensivo, o documento de acompañamento é un documento administrativo electrónico, e-DA, que non require desta presentación na Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural. Se a isto engadimos que o transporte de uva ou mosto do viñedo á adega durante a vendima está exento do devandito documento de acompañamento, quedan moi poucos casos en que isto sexa necesario (p. ex. compra-venda de mosto entre adegas ou transporte de viño fóra do réxime suspensivo).

Este envío efectuarase a través da sede electrónica da Xunta de Galicia mediante o **procedemento xeral (código PR004a)**.

<sup>5</sup> Decreto 158/2011, art. 7.

<b>PROCEDEMENTO</b>		<b>CÓDIGO DO PROCEDEMENTO</b>	<b>DOCUMENTO</b>
DECLARACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE DETERMINADAS PRÁCTICAS ENOLÓXICAS R(CE) 606/2009		<b>MR360C</b>	DECLARACIÓN

<b>DATOS DA PERSOA DECLARANTE</b>			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TIPO	NOME DA VÍA	NUM	BLOQ
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)</b>			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>	
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa ou entidade declarante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante	
Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE</b>	
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.	
<input type="radio"/> <b>Electrónica</b> a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> ( <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> ). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.	
<input type="radio"/> <b>Postal</b> (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)	
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria.	
TIPO	NOME DA VÍA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
NUM	BLOQ
<input type="text"/>	<input type="text"/>
ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR
<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>NATURALEZA XURÍDICA</b>					
<input type="checkbox"/> Persoa física	<input type="checkbox"/> S.A.	<input type="checkbox"/> S.L.	<input type="checkbox"/> C.B.	<input type="checkbox"/> Cooperativa	<input type="checkbox"/> S.A.T.
<input type="checkbox"/> Outras					



**OBXECTO DA DECLARACIÓN**  
A realización da seguinte práctica enolóxica: (marque o que proceda)

Edulcoración

	Volume (litros)	Grao alcohólico (%vol)		Densidade
		Total	Adquirido	
Víño de partida				
Mosto (soamente para o caso de aumento artificial do grao alcohólico natural)				
Víño edulcorado				

Acidificación  
 Desacidificación  
 Aumento artificial do grao alcohólico natural (achégase informe sobre a necesidade da dita práctica):  
 Designación do produto

**ENDEREZO DAS INSTALACIÓNS DA INDUSTRIA NA QUE SE REALIZARÁN AS PRACTÍCAS**

TIPO  NOME DA VÍA  PROVINCIA

CONCELLO  CÓDIGO POSTAL  DÍA (soamente para o caso de aumento artificial do grao alcohólico natural)  HORA (soamente para o caso de aumento artificial do grao alcohólico natural)

ENÓLOGO OU EQUIPO TÉCNICO RESPONSABLE DA REALIZACIÓN  DNI

DOMICILIO  PROVINCIA  CONCELLO

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

Informe sobre a necesidade da dita práctica

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

<b>Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.</b>	<b>OPÓÑOME Á CONSULTA</b>
NIF da entidade declarante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa declarante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
NIF da entidade representante	<input type="checkbox"/>

Figura 3.1.1.b. Declaración de prácticas enolóxicas (modelo MR360C)

(Fonte: sede electrónica da Xunta de Galicia)



## INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e mais información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a> .
<b>Actualización normativa:</b> no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	

## LEXISLACIÓN APLICABLE

Decreto 158/2011, do 21 de xullo, polo que se ditan normas de aplicación sobre os documentos que se acompañan o transporte de produtos vitivinícolas, os rexistros e as declaracións de determinadas prácticas no sector vitivinícola na Comunidade Autónoma de Galicia.


Orde do 22 de abril de 2015 do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se adaptan e incorporan á sede electrónica da Xunta de Galicia os procedementos administrativos de prazo aberto da Consellería do Medio Rural e do Mar.

## SINATURA DA PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

 ,  de  de 

galicia

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

Xefatura territorial da Consellería do Medio Rural de



## 3.2. Declaracións ao Fogga e á AICA (INFOVI)

As empresas do sector vitivinícola están obrigadas a realizar unha serie de declaracións periódicas relativas á súa colleita, produción, existencias, compra-venda de produtos e eliminación de subprodutos, en virtude do establecido nas seguintes disposicións legais:

- Real decreto 739/2015, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola<sup>6</sup>, modificado polo Real decreto 313/2016, do 29 de xullo, polo que se modifican o Real decreto 739/2015, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola, e o Real decreto 740/2015, do 31 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, e se modifica o Real decreto 1079/2014, do 19 de decembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola.

O decreto contén a normativa básica en materia de declaracións obrigatorias necesaria para o desenvolvemento do Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios.

Este real decreto reforzou o sistema de declaracións obrigatorias no sector vitivinícola e creou un sistema unificado de información no devandito sector, adscrito ao ministerio competente en materia de agricultura. Fai responsables aos operadores da correcta actualización dos seus datos no devandito sistema de información, para o que deben darse de alta e actualizar os seus datos cando sexa necesario no Rexistro de Operadores do Sector Vitivinícola (REOVI), e deben así mesmo presentar as súas declaracións telematicamente a través da aplicación informática denominada Sistema de Información de Mercados do Sector Vitivinícola (INFOVI).

Este real decreto foi máis recentemente modificado polo Real decreto 557/2020, do 9 de xuño, polo que se adoptan medidas extraordinarias no sector do viño para facer fronte á crise causada pola pandemia de COVID-19, e polo que se fixa unha norma de comercialización no sector do viño e se modifica a regulación sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola e o programa de apoio ao sector do viño.

- Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español.

---

<sup>6</sup> Debe terse en conta que este Real decreto 739/2015 se baseaba no Regulamento (CE) 436/2009, o cal actualmente está derogado polo Regulamento delegado (UE) 2018/273. Polo tanto, é previsible que nun futuro próximo poida sufrir así mesmo algunha modificación adicional ás efectuadas polo Real decreto 557/2020.

- Decreto 256/2011 da Xunta de Galicia, do 7 de decembro, polo que se regula o potencial da produción vitícola de Galicia.

Este decreto foi modificado pola Orde do 22 de setembro de 2021 da Consellería do Medio Rural pola que se modifican anexos, prazos e normas procedementais do Decreto 256/2011, do 7 de decembro, polo que se regula o potencial de produción vitícola de Galicia, debido á necesidade de adecuar a normativa autonómica á normativa estatal básica, con motivo da publicación do Real decreto 739/2015.

O obxectivo destas declaracións é mellorar a rastrexabilidade da produción vitivinícola e, ao mesmo tempo, facilitar a recompilación de tanta información sexa necesaria para o cumprimento das obrigas de seguimento do mercado vitivinícola previstas na normativa comunitaria e na básica estatal.

Estas declaracións deben dirixirse a dous organismos: o Fogga (Galicia) e a AICA (España).

O Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) é un organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, creado pola Lei 7/1994, do 29 de decembro, pola que se crea o Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia, e adscrito á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia. Ademais de canalizar as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola (entre outros), é o organismo que se encarga de pagar os fondos europeos agrícolas en Galicia, como o Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e o Fondo Europeo Agrícola para o Desenvolvemento Rural (Feader).

O Fogga dispón dunha sede central en Santiago de Compostela e de servizos territoriais en cada unha das catro provincias galegas. Os seus enderezos están dispoñibles no seu sitio web.

Pode consultarse máis información sobre o Fogga, as súas actividades e os seus enderezos no seu sitio web: [www.fogga.xunta.gal](http://www.fogga.xunta.gal).

A Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA) é un organismo autónomo, adscrito ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación, creado mediante a Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, coa finalidade de controlar os dereitos e obrigas establecidos na devandita lei, instruindo ou iniciando o procedemento sancionador se detecta infraccións a esta.

Pode consultarse máis información sobre a AICA e as súas actividades no seu sitio web: [www.aica.gob.es](http://www.aica.gob.es).

Para realizar estas declaracións ao Fogga e á AICA, a adega debe estar dada de alta no **Registro de Operadores do Sector Vitivinícola (REOVI)** (ver parte 1, apdo. 1.4, desta guía).

As declaracións obrigatorias que deben presentar as adegas son as seguintes:

### A. Declaracións ao Fogga<sup>7</sup>:

- Declaración de colleita de uva para toda adega que cultiva uva, con certas excepcións (ver apdo. 3.2.1). Esta declaración divídese en dúas<sup>8</sup>:
  - Declaración da colleita de uva (código do procedemento MR441B).
  - Declaración da colleita de uva: Referencia SIXPAC das parcelas vitícolas (código do procedemento MR441C).
- Declaración de produción: persoas provedoras e xustificantes de compravenda de produtos, para toda adega que compra uva ou mosto a outras adegas ou viticultores (ver apdo. 3.2.2).
- Declaración de eliminación de subprodutos obtidos na transformación vinícola (código do procedemento MR441D; ver apdo. 3.2.3).
- Declaración destino das producións de plantacións ilegais (código do procedemento MR441G), se a adega dispón de viñedos propios<sup>9</sup>.

Cada unha destas declaracións faise unha vez ao ano, en determinados períodos establecidos para iso<sup>10</sup>.

Nota: Con anterioridade á publicación da Orde do 22 de setembro de 2021, da Consellería do Medio Rural, pola que se modifican anexos, prazos e normas procedementais do Decreto 256/2011, do 7 de decembro, polo que se regula o potencial de produción vitícola de Galicia, deberíanse presentarse ademais outras dúas declaracións:

- Declaración de existencias de viños e mostos no 31 de xullo (antigo código do procedemento MR441A).
- Declaración de produción (antigo código do procedemento MR441D).

Estas dúas declaracións quedaron eliminadas, dado que a información contida nestas xa se declara tamén á AICA no INFOVI.

<sup>7</sup> Ver Decreto 256/2011, art. 27.

<sup>8</sup> Ademais, a Orde do 22 de setembro de 2021 da Consellería do Medio Rural incorpora unha terceira declaración de colleita de uva (código do procedemento MR441I), que neste caso lle corresponde presentar a cada Consello Regulador.

<sup>9</sup> Ver Decreto 256/2011, capítulo III e arts. 24 e 27. Esta declaración non será tratada nesta guía, por tratarse dun requisito moi específico das plantacións de viñedo, tema que escapa dos obxectivos principais desta guía.

<sup>10</sup> Ver Decreto 256/2011, art. 27.

## B. Declaracións á AICA (INFOVI):

- Declaración de produción e existencias de viño e mosto (ver apdo. 3.2.4).

Esta declaración farase:

- a. Con carácter mensual, aqueles operadores que nas catro campañas anteriores tivesen unha produción media de viño e mosto maior ou igual a 1.000 hectolitros.
- b. Dúas veces ao ano (nos meses de agosto e decembro), aqueles operadores que nas catro campañas anteriores tivesen unha produción media de viño e mosto menor a 1.000 hectolitros.

### 3.2.1. Declaración de colleita de uva

Esta declaración está esixida polo art. 3 do Real decreto 739/2015, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola (modificado polo Real decreto 313/2016 e polo Real decreto 557/2020), e polo art. 25 do Decreto 256/2011, do 7 de decembro, polo que se regula o potencial vitícola de Galicia (modificado pola Orde do 22 de setembro de 2021 da Consellería do Medio Rural).

#### Formulario MR441B Formulario MR441C

##### Teño obriga?



Si, se son unha adega que recolleita uva, xa sexa como propietaria de viñedos e/ou comprándoa a viticultores, agás se cumpro algunha das seguintes condicións:

- A miña produción total de uva destínase a consumo en estado natural, ou a pasificación ou a transformación directa en zume de uva.
- A miña explotación ten menos de 0,1 hectáreas de viña en produción e non comercializo ningunha parte da colleita.
- A miña explotación ten menos de 0,1 hectáreas de viña en produción e entrégoa totalmente a unha adega cooperativa ou agrupación da que somos socios ou membros.

##### Código do procedemento?



Formulario MR441B, "Declaración de colleita de uva" (figura 3.2.2).  
Formulario MR441C, "Declaración de colleita de uva: Referencia SIXPAC das parcelas vitícolas" (figura 3.2.3).  
Entregarase un documento por cada provincia na que existan viñedos.

##### Onde o presento?



**Rexistro da sede electrónica da Xunta de Galicia**, dirixido á Xefatura Territorial que corresponda da Consellería do Medio Rural ou servizo territorial correspondente do Fogga.

Se son persoa física, tamén pode presentala dalgún dos outros modos previstos no art. 16 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Os máis habituais son:

- Oficinas de correos: nese caso debe levar a declaración dentro dun sobre aberto que ha de ir dirixido ao domicilio do servizo territorial correspondente do Fogga, e é conveniente levar tamén unha copia desa declaración. O funcionario de correos estamparalle, cun selo de correos que ten a data, o orixinal que está no sobre e a copia á parte que se queda o declarante como xustificante de entregalo en prazo.
- Nas oficinas de rexistro das oficinas agrarias comarcais (OAC).



Cando o presento?

Entre o 1 de agosto e o 10 de decembro de cada ano.



Base legal

- Real decreto 739/2015, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola.
- Real decreto 313/2016, do 29 de xullo, polo que se modifican o Real decreto 739/2015, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola, e o Real decreto 740/2015, do 31 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, e se modifica o Real decreto 1079/2014, do 19 de decembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola.
- Real decreto 557/2020, do 9 de xuño, polo que se adoptan medidas extraordinarias no sector do viño para facer fronte á crise causada pola pandemia de COVID-19, e polo que se fixa unha norma de comercialización no sector do viño e se modifica a regulación sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola e o programa de apoio ao sector do viño.
- Decreto 256/2011, do 7 de decembro, polo que se regula o potencial de produción vitícola de Galicia.
- Orde do 22 de setembro de 2021 da Consellería do Medio Rural pola que se modifican anexos, prazos e normas procedementais do Decreto 256/2011, do 7 de decembro, polo que se regula o potencial de produción vitícola de Galicia.

A continuación, explícanse brevemente ambos procedementos:

**PROCEDIMENTO MR441B:**

Correspóndese co ANEXO D: Ia do Decreto 256/2011, modificado pola Orde do 22 de setembro de 2021, que é o que se representa na figura 3.2.2<sup>11</sup>.

Componse de 3 cadros denominados da A ao C.

No cadro A, debe indicarse a cantidade de uva cultivada, por tipoloxía (para viño con DOP, con IXP, sen DOP/IXP, etc.), ademais da súa superficie en produción (en ha) e o rendemento obtido (en múltiplos de 100 kg/ha).

No cadro B, debe indicarse o destino de uva cultivada, en múltiplos de 100 kg.

No cadro C, a adega debe indicar o destinatario da uva. Normalmente será para si mesma, polo que o destinatario será a propia adega, pero tamén pode darse o caso de vender uva a outras adegas.

**Debe presentarse unha declaración por cada provincia onde se posúa superficie de viñado en produción, dirixindo cada unha delas (de ser o caso) ao servizo territorial correspondente do Fogga.**

<sup>11</sup> Na figura 3.2.2 non se representa a totalidade do formulario para cubrir, senón soamente as partes de interese específico para esta guía. O formulario completo (que inclúe algúns apartados adicionais para a comprobación de datos, información sobre protección de datos persoais e lexislación aplicable, así como espazo para a sinatura da persoa declarante ou o seu representante) pode obterse no DOG nº. 189, do 30 de setembro de 2021, ou na sede electrónica da Xunta de Galicia.

**PROCEDEMENTO MR441C:**

Correspóndese co ANEXO D: Ib do Decreto 256/2011, modificado pola Orde do 22 de setembro de 2021, que é o que se representa na figura 3.2.3<sup>12</sup>.

Debe utilizarse unha fila para cada recinto SIXPAC diferenciado. Indicaranse os números da referencia SIXPAC en cada un dos recadros, as superficies de cada un dos recintos (en ha) e a produción (en múltiplos de 100 kg) de cada un<sup>13</sup> deles. Estes datos han de ser coherentes globalmente cos reflectidos no cadro B do formulario MR441B.

<sup>12</sup> Na figura 3.2.3 non se representa a totalidade do formulario para cubrir, senón soamente as partes de interese específico para esta guía. O formulario completo (que inclúe algúns apartados adicionais para a comprobación de datos, información sobre protección de datos persoais e lexislación aplicable, así como espazo para a sinatura da persoa declarante ou o seu representante) pode obterse no DOG nº 189, do 30 de setembro de 2021, ou na sede electrónica da Xunta de Galicia.

<sup>13</sup> Ver Real decreto 557/2020, disposición final cuarta.



<b>PROCEDEMENTO</b> DECLARACIÓN DE COLLEITA DE UVA	<b>CÓDIGO DO PROCEDEMENTO</b> <span style="font-size: 1.2em; font-weight: bold;">MR441B</span>	<b>DOCUMENTO</b> DECLARACIÓN
---	---	---------------------------------

**DATOS DA PERSOA DECLARANTE**

NOME/RAZÓN SOCIAL <input style="width: 95%; height: 40px;" type="text"/>	PRIMEIRO APELIDO <input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	NIF <input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>
---	--	---	---

TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>

PARROQUIA	LUGAR
<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>

TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO
<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL <input style="width: 95%; height: 40px;" type="text"/>	PRIMEIRO APELIDO <input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	NIF <input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>
---	--	---	---

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

 PRIMEIRO APELIDO 
 SEGUNDO APELIDO 
 NIF

TIPO 
 NOME DA VÍA 
 NUM 
 BLOQ 
 ANDAR 
 PORTA

PARROQUIA 
 LUGAR

CÓDIGO POSTAL 
 PROVINCIA 
 CONCELLO 
 LOCALIDADE

TELÉFONO 
 FAX 
 TELÉFONO MÓBIL 
 CORREO ELECTRÓNICO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)**

NOME/RAZÓN SOCIAL 
 PRIMEIRO APELIDO 
 SEGUNDO APELIDO 
 NIF

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Notifíquese a:  Persoa ou entidade solicitante  Persoa ou entidade representante  
 Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL 
 CORREO ELECTRÓNICO

**ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE**

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.

**Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal> (<https://notifica.xunta.gal>). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

**Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria.

TIPO 
 NOME DA VÍA 
 NUM 
 BLOQ 
 ANDAR 
 PORTA

PARROQUIA 
 LUGAR

CÓDIGO POSTAL 
 PROVINCIA 
 CONCELLO 
 LOCALIDADE

**NATURALEZA XURÍDICA**

Persoa física  S.A.  S.L.  C.B.  Cooperativa  S.A.T.  Outras

**ACTIVIDADE EMPRESARIAL**

Produción  Industrialización  Comercialización  Transporte  GRUPO OU EPIGRAFE DA LICENZA

**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

Figura 4.1.2.a. Modelo de solicitude de autorización para o visado de documentos de acompañamento, páx. 1

(Fonte: Sede electrónica da Xunta de Galicia, procedemento MR360B)



ANEXO I  
(continuación)

**PRODUTOS PARA OS QUE SOLICITA A AUTORIZACIÓN**

Uva fresca para vinificación       Mostos       Vños

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
NIF da entidade representante	<input type="checkbox"/>

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e mais información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a> .

**Actualización normativa:** no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**


Decreto 158/2011, do 21 de xullo, polo que se ditan normas de aplicación sobre os documentos que se acompañan o transporte de produtos vitivinícolas, os rexistros e as declaracións de determinadas prácticas no sector vitivinícola na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 22 de abril de 2015 do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se adaptan e incorporan á sede electrónica da Xunta de Galicia os procedementos administrativos de prazo aberto da Consellería do Medio Rural e do Mar.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

LUGAR E DATA

,  de  de



**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

Xefatura territorial da Consellería do Medio Rural de

Figura 4.1.2.b. Modelo de solicitude de autorización para o visado de documentos de acompañamento, pág. 2

(Fonte: Sede electrónica da Xunta de Galicia, procedemento MR360B)

Figura 4.1.3. Selo de autovalidación para uva de vinificación

(Fonte: Anexo III do Decreto 158/2011)



Figura 4.1.4. Selo de autovalidación para viño e outros produtos vitivinícolas

(Fonte: Anexo III do Decreto 158/2011)




Figura 4.1.5. Selo de validación pola autoridade competente

(Fonte: Anexo III do Decreto 158/2011)



#### 4.1.4. Certificación de orixe dos viños con denominación de orixe protexida (DOP) ou indicación xeográfica protexida (IXP)<sup>12</sup>

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a certificación de orixe dos viños con denominación de orixe protexida (DOP) corresponde aos respectivos consellos reguladores. Para os viños acollidos a unha indicación xeográfica protexida (IXP), a certificación de orixe será realizada pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal).

Non obstante, a certificación de orixe poderá ser realizada polos operadores pertencentes a unha denominación de orixe protexida (DOP) ou a unha indicación xeográfica protexida (IXP) no caso de que os devanditos produtos circulen amparados por un documento de acompañamento electrónico (e-DA). Para estes efectos, os órganos de control establecerán, dentro das súas competencias, o sistema de información destes movementos.

Cando se utilice o documento de acompañamento establecido no Decreto 158/2011, a certificación de orixe ou procedencia dos produtos vitivinícolas figurará no recadro "Certificados" do correspondente documento de acompañamento (epígrafe 11 do modelo; ver figura 4.1.1).

Farase constar no documento a certificación de orixe co selo, a data e sinatura da persoa que certifica, anotando no recadro reservado a certificados as seguintes lendas:

- a. Para os viños DOP: "O presente documento ten valor de certificado de denominación de orixe protexida para os viños que nel figuran".
- b. Para os viños con IXP: "O presente documento ten valor de certificado de indicación xeográfica protexida para os viños que nel figuran".

## 4.2. Requisitos da AEAT

A Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) establece o requisito de elaborar un **documento de circulación** sempre que se realice unha expedición de viño.

Pero, dependendo de se a operación devindica o Imposto especial sobre o Viño e Bebidas Fermentadas (IVBF) ou non (é dicir, en réxime suspensivo), o devandito documento de circulación deberase tramitar dunha forma ou outra.

### QUE É O RÉXIME SUSPENSIVO?

A Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, establece (artigo 4) que o réxime suspensivo é un tipo de réxime fiscal, consistente na suspensión de impostos especiais,

<sup>12</sup> Decreto 158/2011, art. 8.



aplicable á fabricación, transformación, tenza ou circulación de produtos obxecto dos impostos especiais non incluídos nun réxime aduaneiro suspensivo. Polo tanto, aínda que se realizou o feito imponible (fabricación ou importación), non se produce o pagamento do imposto e, polo tanto, non resulta esixible o seu pagamento. En realidade, trátase dun atraso no pagamento do imposto, permitindo que os produtos obxecto de impostos especiais permanezan en situación de réxime suspensivo mentres non saian da fábrica na que se elaboraron, ou do depósito fiscal no que se almacenen, así como durante o transporte entre fábricas e depósitos fiscais, e mesmo cando o transporte transcorra entre distintos estados membros da UE.

Así, o viño circulará en réxime suspensivo cando non sexa produto de consumo final, e sempre que o destinatario sexa un operador rexistrado (é dicir, teña CAE); por exemplo, de adega a adega.

No esquema da figura 4.2.1 móstrase a principal casuística relativa á aplicabilidade do Imposto especial sobre o Viño e Bebidas Fermentadas (IVBF) en función de como saia o viño da nosa adega ("adega 1") e cal sexa o destinatario. Nos apdos. 4.2.2 a 4.2.4 explícase con máis detalle esta casuística.

Esencialmente, debemos comprender que, aínda que a adega é unha fábrica, tamén pode comportarse como un distribuidor ou un simple punto de venda. As existencias da fábrica atópanse por definición en réxime suspensivo, pero se se venden desde a mesma adega a destinatarios que non estean rexistrados para recibir mercadoría en réxime suspensivo (como o son habitualmente distribuidores, tendas, restaurantes ou particulares), considérase que a adega actúa como un distribuidor ou un punto de venda. Neste caso, a mercancía "trasládase" desde a adega-fábrica á adega-punto de venda nun movemento que devindica o imposto especial (IVBF), e que debe acompañarse dunha autofactura (se soamente se dispón dun NIF) ou dunha factura (se se dispón de NIF distintos para ambas as dúas actividades, elaboración e distribución).

Nesta autofactura ou factura debe constar a aplicación do imposto especial (polo menos a mención a este, do tipo "impostos especiais incluídos" ou similar, dado que o tipo impositivo actualmente é cero). A mercancía irá acompañada da correspondente documentación comercial e de transporte e na factura ao cliente xa non figurará mención a impostos especiais, dado que se fai desde a adega-punto de venda e o imposto xa se devindicou no traspaso da mercadoría da adega-fábrica á adega-punto de venda.

Para que o transporte se poida realizar baixo réxime suspensivo, a adega que envía a mercancía ten que asegurarse de que o destinatario é un operador rexistrado no seu país para a recepción de produtos en réxime suspensivo de impostos especiais. No caso contrario, o viño circulará suxeito ao IVBF (non facelo así pode ser sancionable pola AEAT).

Non obstante, no caso das adegas dáse a peculiaridade de que, actualmente, o **tipo de gravame do imposto especial é cero**.




Figura 4.2.1 Imposto sobre o viño e bebidas fermentadas: casuística  
(Fonte: elaboración propia)

### QUE PASA CO IVE?

Mentres o viño circule en réxime suspensivo, estará exento de IVE (Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido). Así, por exemplo, se unha adega vende viño a outra, o envío realizarase en réxime suspensivo do IVBF e exento de IVE.

Cando a circulación non se faga en réxime suspensivo, será de aplicación o IVE, tendo en conta que a súa base imponible será a suma da base imponible do IVBF máis o IVBF. Non obstante, lembremos unha vez máis que, actualmente, o tipo de gravame do IVBF é cero, polo que non ten repercusión cuantitativa na factura, aínda que é conveniente facelo constar (p. ex. mediante a expresión "impuestos especiais incluídos", "IVBF incluído", ou similar).

### QUE DOCUMENTOS DE CIRCULACIÓN PODEMOS UTILIZAR?

Os documentos válidos para amparar a circulación dos produtos suxeitos a impostos especiais, como é o caso do viño, son os seguintes (segundo cada caso):

- Documento administrativo electrónico (e-DA): sistema EMCS
- Documento simplificado de acompañamento (DSA)

- Albará de circulación
- Documentos aduaneiros
- Documento de acompañamento de emerxencia
- Recibos e comprobantes de entrega

Ademais, a oficina xestora de IIEE da AEAT podería autorizar, excepcionalmente, algún outro documento con carácter específico, distinto dos mencionados, para amparar a circulación entre establecementos dun mesmo titular.

O responsable de emitir o documento de circulación é, como regra xeral, o titular do establecemento desde o que se inicia a circulación, é dicir, o expedidor. Tamén, como regra xeral, é o expedidor o responsable das irregularidades que puidesen suceder durante o transporte dos produtos suxeitos a IIEE, e quedar liberado da devandita responsabilidade a partir do momento da recepción por parte do destinatario.

#### QUE É O SISTEMA EMCS?

O EMCS (*Excise Movement Control System*) é un sistema informatizado de control (en funcionamento desde 2010) que permite a todos os Estados membros da Unión Europea documentar a tempo real os movementos dos produtos suxeitos a impostos especiais (en réxime suspensivo).

O sistema EMCS baséase no previo rexistro do expedidor e do destinatario (cada un no seu país, se son distintos) como operadores autorizados para o movemento de produtos en réxime suspensivo de impostos especiais.

Para poder utilizalo, debemos facelo desde a sede electrónica da AEAT, ou ben utilizar un sistema propio que envíe os documentos XML á propia sede da AEAT. Nesta guía vaise tratar unicamente o primeiro formato, posto que é o método máis utilizado.

Na web da AEAT pode atoparse abundante información sobre o EMCS. Se nela buscamos o logo de aduanas e impostos especiais (figura 4.2.2) e facemos clic nel, entramos na páxina de aduanas e impostos especiais. Aquí debemos pulsar o logo de impostos especiais (figura 4.2.2), que nos leva á páxina de impostos especiais (figura 4.2.3).

Figura 4.2.2 Sede electrónica da AEAT, logotipos de "Aduanas e Impostos Especiais" e "impuestos Especiais"

(Fonte: AEAT)






Figura 4.2.3. Sede electrónica da AEAT, sección “Impostos Especiais” (Fonte: AEAT)

Facendo clic sobre o logo EMCS reconducesenos a outra páxina na que aparecen os diferentes tipos de EMCS (figura 4.2.4), así como as novidades recentes relativas a este.



Figura 4.2.4 Sede electrónica da AEAT, sección “Sistemas de control de movementos de impostos especiais” (Fonte: AEAT)


A continuación, explícase o funcionamento do sistema EMCS e a casuística nos tres tipos de envíos posibles:

1. Circulación interior (Península Ibérica e Baleares)
2. Circulación intracomunitaria (Estados membros da UE)
3. Circulación internacional (Estados fóra da UE, Canarias, Ceuta e Melilla)

#### 4.2.1. Funcionamento do sistema EMCS

O diagrama da figura 4.2.5 fai referencia ao funcionamento en condicións normais do sistema EMCS, que se explica a continuación. Posteriormente, explícase tamén como proceder en caso de indisponibilidade do sistema EMCS.

Figura 4.2.5 Esquema de funcionamento do sistema EMCS  
(Fonte: AEAT)



## I. EN CONDICIÓN NORMAIS

Sempre que a aplicación do EMCS na sede electrónica estea operativa (é dicir, en condicións normais de funcionamento), os pasos que se deberán levar a cabo serán os seguintes (ver figura 4.2.5):

1. O expedidor deberá cubrir o formulario EMCS para crear o documento administrativo electrónico, denominado e-DA, cunha antelación non superior a 7 días antes da data consignada como de expedición.
2. A AEAT valida, numera (asigna o código administrativo de referencia, ARC, composto por 21 caracteres, que servirá de referencia para identificar o documento) e devolve o e-DA ao expedidor.

Se os datos non fosen válidos, a AEAT informará sen demora o expedidor.

3. O expedidor envía fisicamente os produtos en réxime suspensivo amparados polo e-DA.

A persoa que acompañe a mercancía deberá portar unha **copia impresa do e-DA**, ou calquera outro documento comercial ou de acompañamento no que figure o ARC de forma claramente identificable, e deberá ser presentado ás autoridades competentes que o poidan requirir durante toda a circulación.

**NOTA IMPORTANTE**

A circulación de produtos suxeitos a IIEE de fabricación con fins comerciais no ámbito territorial interno<sup>13</sup>, que deba estar amparada por un e-DA e **careza de ARC**, ten o carácter de infracción **grave**.

4. A administración do expedidor (AEAT) transmite o e-DA á administración do Estado membro de destino (de ser o caso).
5. A administración do destinatario recibe o e-DA e envía ao destinatario.
6. Os produtos chegan fisicamente ao destinatario.
7. O destinatario comproba a mercancía e envía o certificado de recepción (mensaxe electrónica de conformidade ou con incidencias) á súa administración (é dicir, “pecha o EMCS”).  
Este paso, o “peche” do EMCS, é fundamental. Se non se efectúa, a AEAT pode sancionar os intervinientes na operación.  
Dispónse de 5 días para pechar o EMCS, aínda que debería pecharse no momento da recepción da mercancía, coas incidencias que poida haber (de ser o caso). P. ex. se se perderon 40 litros por rotura de botellas, sinalaríanse os litros realmente recibidos e a incidencia que ocorreu.
8. A administración de destino valida o certificado de recepción e devólveo ao destinatario.
9. A administración de destino envía tamén o certificado de recepción validado á administración de expedición.
10. A administración de expedición envía ao expedidor o certificado de recepción que recibiu de destino. Se o resultado foi conforme, con isto remátase o movemento.  
O expedidor ten a obriga de conservar a notificación de recepción en soporte papel ou informático durante un período de 4 anos.

Nota: O e-DA pode ser anulado polo expedidor en tanto non comezase a circulación da mercancía, o que se considera, como regra xeral, o momento no que os produtos abandonan o establecemento de expedición.

Nota: Tamén é posible modificar o lugar de destino a través do sistema EMCS para indicar un novo.

Nota: Non está permitido elaborar un e-DA con carácter “diferido”, é dicir, xeralo *a posteriori* de realizarse a circulación dos produtos, salvo en caso de indispoñibilidade do sistema EMCS (ver epígrafe seguinte).

<sup>13</sup> O “ámbito territorial interno” de aplicación é o territorio español peninsular e Baleares. Non inclúe Canarias, Ceuta e Melilla.

## II. SE O SISTEMA EMCS NON ESTÁ DISPOÑIBLE

Se se dese o caso de que o sistema informático EMCS non estivese dispoñible no momento de iniciar a circulación, a adega deberá realizar un documento administrativo de emerxencia que conteña os mesmos datos que o e-DA, e ademais deberá informar a oficina xestora da devandita indispoñibilidade.

O modelo para a circulación interior é o **modelo 525**, que pode localizarse na sede electrónica da AEAT.

En canto o sistema EMCS volva estar dispoñible, e como moi tarde o día hábil seguinte tras o restablecemento deste, o expedidor debe presentar o borrador do e-DA, indicando "modo diferido". Neste debe indicarse, como número de referencia local, o número asignado ao documento administrativo de emerxencia (modelo 525), de tal modo que haxa unha clara correlación entre ambos os dous documentos (o de emerxencia e o e-DA).

O documento administrativo de emerxencia utilizado debe ser conservado polo expedidor durante 4 anos, xa sexa en papel ou en soporte informático.

### 4.2.2. Circulación interior (Península Ibérica e Baleares) – EMCS interno



Como xa sabemos, a utilización ou non do EMCS depende do réxime que sexa aplicable ao envío:

1. **En réxime suspensivo:** transporte desde a adega a calquera operador nacional rexistrado (outras adegas elaboradoras, adegas almacenistas, feiras que dispoñan de CAE, etc.). Neste caso debe utilizarse un documento e-DA (documento administrativo electrónico), mediante o sistema EMCS interno.
2. **Fóra do réxime suspensivo:** transporte desde a adega a calquera operador nacional non rexistrado (habitualmente, distribuidores, grandes superficies, vinotecas, consumidores finais, feiras que non dispoñan de CAE, etc.). Neste caso non se considera EMCS. A saída de fábrica devindica o imposto<sup>14</sup>, polo que se trata dunha venda normal con albará de circulación e factura comercial suxeita a IVE.

<sup>14</sup> Se a saída se produce desde un punto de venda situado na adega, este non se considera fábrica, polo que se devindicará o IVBF no movemento da mercancía desde as instalacións produtivas ao



A casuística básica resúmese na figura 4.2.6.




Figura 4.2.6  
Casuística básica de circulación interior  
(Fonte: elaboración propia)

### 4.2.3. Circulación Intracomunitaria (países da UE) - EMCS intracomunitario



Enténdese por circulación intracomunitaria o envío de viño entre dous ou máis Estados membros da UE, o cal, como nos casos anteriores, pódese realizar en réxime suspensivo ou co imposto devindicado.

Todos os envíos que faga unha adega con CAE cara ao outro Estado membro son, en principio, en réxime suspensivo mediante o sistema EMCS, sempre e cando o destinatario

devandito punto de venda, o que debe ser documentado mediante unha factura (ou autofactura) con indicación do IVBF e o IVE (ver figura 4.2.1).

este autorizado para a recepción de produtos en réxime suspensivo de impostos especiais no seu país. Soamente fan envíos intracomunitarios fóra do réxime suspensivo (polo tanto, con imposto devindicado) os distribuidores ou comercializadores.

**O expedidor sempre debe asegurarse de que o receptor ten autorización para recibir o produto.**

1. **Réxime suspensivo** (aplicable ás adegas con CAE cara a calquera destinatario autorizado): transporte desde a adega a calquera operador (outras adegas elaboradoras ou almacenistas, feiras, etc.) debidamente autorizado para a recepción de produtos en réxime suspensivo de impostos especiais no seu país. Neste caso debe utilizarse un documento e-DA (documento administrativo electrónico), mediante o sistema EMCS intracomunitario.

**O expedidor debe asegurarse de que o receptor ten autorización para recepción en réxime suspensivo.**

Para iso, a UE dispón dun censo intracomunitario de operadores no ámbito dos impostos especiais, que permite verificar se un operador está autorizado para a recepción de produtos en réxime suspensivo: o SEED (*System for Exchange of Excise Data*)<sup>15</sup>.

Na circulación intracomunitaria, algúns destinatarios non dispoñen de rexistro no seu país, pero si poden dispoñer dun código de autorización de recepción para unha operación determinada, e que se extingue con ela, considerándose o destinatario como un operador rexistrado ocasional. Nestes casos a circulación tamén se efectúa en réxime suspensivo.

Cando se trate dun destinatario rexistrado de forma ocasional, o expedidor ten a obriga de requirir ao destinatario o documento que acredite o pagamento dos impostos especiais no Estado membro de destino, ou un documento de validez similar (hai que ter en conta que, nestes casos, o destinatario só está autorizado a recibir unha determinada cantidade de produtos, e que a autorización ten unha validez máxima de 6 meses durante os cales poden realizarse varios envíos, sempre e cando non se supere a cantidade máxima que está autorizado a recibir). O devandito documento debe indicar a oficina competente das autoridades fiscais do país de destino, así como a data e referencia do pagamento ou da aceptación da garantía de pagamento por parte da devandita oficina.

A AEAT poñerá ao dispor do expedidor a notificación de recepción que recibirá das autoridades fiscais do Estado membro de destino.

Convén lembrar aquí que, no caso de realizar envíos intracomunitarios, debe achegarse polo expedidor unha garantía do 1% do valor dos envíos intracomunitarios deste durante o ano anterior, cun mínimo de 1.000 euros (artigo 43.11 RIE).

<sup>15</sup> O código SEED fai referencia ao titular e ao establecemento. En España é o mesmo para ambos os dous (CAE), pero noutros países da UE utilízase un número para o titular e outro para cada establecemento, polo que no EMCS hai que consignar os códigos SEED correspondentes.

2. **Fóra de réxime suspensivo** (se o expedidor é un distribuidor ou comercializador, ou o destinatario non está autorizado para a recepción de produtos en réxime suspensivo): neste caso, o pagamento do imposto especial prodúcese no país de expedición; a continuación o produto circula e, coa chegada a destino, prodúcese un novo pagamento do imposto no Estado membro de destino, podendo entón, baixo certos requisitos, solicitarse a devolución do imposto de pagamento en España por parte do expedidor. Neste caso non se considera o uso do sistema EMCS intracomunitario, senón que se utiliza un **documento simplificado de circulación: o modelo 503** (documento simplificado de acompañamento para un envío determinado). Este modelo 503 preséntase hoxe en día electronicamente, polo que xa non é necesaria a presentación do antigo modelo 551 (modelo recapitulativo mensual dos documentos simplificados de acompañamento expedidos).

A casuística básica resúmese na figura 4.2.7.




Figura 4.2.7 Casuística básica de circulación intracomunitaria

(Fonte: elaboración propia)

<sup>1</sup> Salvo que o destinatario dispoña dun código de autorización para esa expedición concreta, é dicir, sexa un operador rexistrado ocasional, nese caso o envío realizaríase en réxime suspensivo.

### 3. Tipos especiais de envíos

É interesante mencionar dous tipos de envíos especiais con orixe nunha adega en circulación intracomunitaria:

a. Envíos garantidos (para envíos con destino a empresas ou profesionais).

Chámase envío garantido porque, en xeral, o receptor debe solicitar no seu país autorización para esa operación mediante a achega dunha garantía (fianza), que posteriormente recuperará ao peche da operación. Como expedidores, deberemos asegurarnos de que se garantiu a operación por parte do destinatario.

b. Venda a distancia (para envíos con destino a particulares).

Para máis información sobre estes tipos de envíos intracomunitarios recomendamos consultar a súa oficina xestora de IIEE da AEAT ou a caixa de correos electrónica das oficinas xestoras de IIEE da AEAT en Galicia ([oficinagestoraiee.galicia@correo.aeat.es](mailto:oficinagestoraiee.galicia@correo.aeat.es)).

#### 4.2.4. Circulación a terceiros países (fóra da UE ou a Canarias, Ceuta ou Melilla)

Este tipo de envíos é o que se realiza a un destinatario dun Estado non membro da UE, ou ben ás Illas Canarias, Ceuta ou Melilla<sup>16</sup>. Como nos casos anteriores, pódese realizar en réxime suspensivo ou co imposto devindicado.

1. **Réxime suspensivo** (aplicable ás adegas con CAE): deberemos realizar o e-DA mediante o sistema EMCS, indicando como destinatario a oficina de aduanas desde onde se exportará a mercancía (saída efectiva), onde nos tramitarán un DUA (Documento Único Administrativo) de exportación que ten que asociarse ao documento EMCS anterior para finalizar este.

Se a exportación se realiza con saída efectiva por unha aduana en territorio nacional (Península e Baleares), utilízase o sistema EMCS interno para o transporte ata esta. No caso en que a aduana de saída efectiva estea noutro Estado membro, deberase utilizar o sistema EMCS intracomunitario.

Para máis información sobre como debe cubrirse o DUA de exportación, recomendamos consultar as preguntas frecuentes dispoñibles na web da AEAT ou á súa oficina xestora.



<sup>16</sup> A saída de viño desde o ámbito territorial interno (territorio español peninsular e Baleares) con destino ás Illas Canarias, Ceuta ou Melilla constitúe, para os efectos de impostos especiais, unha exportación, dado que as operacións a estes destinos teñen o mesmo tratamento fiscal para os efectos de impostos especiais que as realizadas con países terceiros (é dicir, fóra da UE).

- 2. Fóra do réxime suspensivo** (se o expedidor é un distribuidor ou comercializador, ou o destinatario non está autorizado para a recepción de produtos en réxime suspensivo): tratarase dunha operación normal de exportación, suxeita á documentación propia destes casos (albará de circulación, factura e DUA).

#### 4.2.5. Resposta do receptor

Situámonos agora como receptores dos envíos de viño.

Partimos da base de que a nosa adega dispón de CAE, o que significa que todos os envíos que nos fagan poderán recibirse en réxime suspensivo, sempre que o expedidor dispoña do seu correspondente CAE ou equivalente noutros países.

De non ser así, a operación devindicará os correspondentes impostos especiais que lle sexan de aplicación, tanto se é unha compra-venda en España coma se se realiza a un operador dun país membro da UE ou de terceiros países.

Unha vez recibida a notificación electrónica de recepción por parte da AEAT, esta verificaráa. Se todo é correcto, confirmaranos, como receptores, o rexistro desta (en caso contrario informaranos canto antes) e poñeráa tamén ao dispor do expedidor.

En caso que, unha vez transcorridos os 5 días hábiles desde a recepción dos produtos, se atope non dispoñible o sistema EMCS ou, se a circulación se efectuou ao amparo dun documento de acompañamento de emerxencia, aínda que non se atopase no sistema EMCS o e-DA correspondente a este, como receptores deberemos comunicalo á nosa oficina xestora informando dos motivos. A partir de aí, a oficina xestora informaranos dos pasos que hai que seguir (que, xeralmente, será a presentación dunha notificación de recepción en soporte papel ou unha prórroga para presentar a notificación electrónica).

#### 4.2.6. Outros casos de circulación

A continuación indícanse algúns casos adicionais de circulación que poden ser de especial interese:

- 1. Circulación de produtos entre as fábricas e os seus almacéns auxiliares**

A circulación entre as fábricas e os seus almacéns auxiliares pódese realizar utilizando simplemente un documento interno da empresa, de acordo coas instrucións que se diten para o efecto pola oficina xestora da AEAT.

- 2. Expedicións de viño en cantidades non superiores a 90 litros**

As expedicións de viño que non teñan carácter de expedición comercial, é dicir, postas en circulación por particulares e en cantidades non superiores a 90 litros, non precisan ser amparadas por ningún documento de circulación específico de impostos especiais de fabricación.

No entanto, se a expedición ten finalidade comercial, aínda que non supere os 90 litros si debe estar acompañada polo correspondente documento de circulación.

Como, en xeral, unha adega se considera un expedidor comercial, a expedición de viño desde unha adega, aínda que sexa a un destinatario particular e en cantidade non superior a 90 litros, considérase un envío comercial, e debe ir acompañada do correspondente documento de circulación. Do mesmo xeito, se desde a nosa adega enviamos unha cantidade inferior a 90 litros a unha feira, por exemplo, en calidade de mostras gratuítas, a mercancía debe ir acompañada do correspondente documento de circulación, xa que se trata dunha expedición comercial (aínda que non se trate dunha venda).

### 3. Circulación de viño doutra propiedade

Debe terse en conta que o EMCS non ampara propiedades, senón movementos de produtos. Unha adega pode dispoñer de viño que non é da súa propiedade (p. ex. porque o elabora ou almacena para outra empresa); se o envía a un destinatario con CAE por orde do propietario, a adega ten que facer o EMCS para ese envío, aínda que non sexa a propietaria do produto que se expide.

### 4. Circulación de mostos

O movemento de mostos (por exemplo, dun lugar a outro durante a vendima, ou para realizar algunha operación sobre este con retorno á adega), **non está suxeito ao imposto especial sobre o viño e bebidas fermentadas** (debido a que non se trata dun destes produtos). Así pois, non é preciso documento de circulación dos esixibles pola AEAT para os produtos que si están suxeitos a este imposto especial. **Polo tanto, non se fará un EMCS nestes casos**, sendo suficiente cun albará que acompañe a mercancía.

Non obstante, si se considera un movemento de materia prima, polo que deberá consignarse nos libros rexistro correspondentes.

Ademais, o artigo 66.1 do RIE establece que «as primeiras materias entradas en fábrica non poderán ter outro destino que o do seu emprego na elaboración das bebidas que corresponden á inscrición no rexistro territorial, salvo autorización expresa da oficina xestora». Polo tanto, calquera envío de mosto que se inicie desde unha adega (e, polo tanto, xa estea contabilizado) **deberá contar con autorización expresa da oficina xestora da AEAT**.

Por outra banda, algúns consellos reguladores poden esixir un documento de acompañamento ao transporte de mosto (habitualmente denominado “guía”, que tamén esixen para o transporte de viño).







# Requisitos relativos a nomes comerciais, marcas comerciais e etiquetaxe

Esta parte recolle os requisitos administrativos relativos aos nomes comerciais, marcas comerciais e etiquetaxe dos produtos.

Soamente se explicarán os requisitos recollidos na lexislación xeral (a nivel autonómico, estatal e comunitario). Os requisitos impostos polos consellos reguladores das denominacións de orixe vitivinícolas galegas (establecidos nos seus correspondentes pregos de condicións e/ou regulamentos) son mencionados cando se considerou relevante, pero deben ser consultados a cada un deles.

É importante destacar que nesta parte 5 fíxose un esforzo de simplificación á hora de reproducir aquí os devanditos requisitos xerais, dada a amplitude e complexidade destes, e que en todo caso é recomendable consultar sempre as disposicións legais íntegras; por este motivo se incorporaron numerosas notas ao pé nas que se fai referencia a estas.

### **NOTA IMPORTANTE**

Dada a constante evolución desta normativa, en especial a relativa á etiquetaxe, recoméndase consultar sempre os textos consolidados (é dicir, actualizados) da lexislación mencionada.

## 5.1. Base normativa

Os requisitos legais relativos aos nomes comerciais, marcas comerciais e etiquetaxe dos produtos vitivinícolas están recollidos, esencialmente, nas seguintes disposicións legais vixentes no momento de redactar este documento:

a. A nivel comunitario (Unión Europea):

- Regulamento delegado (UE) nº 2019/33 da Comisión, do 17 de outubro de 2018, polo que se completa o Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ás solicitudes de protección de denominacións de orixe, indicacións xeográficas e termos tradicionais do sector vitivinícola, ao procedemento de oposición, ás restricións de utilización, ás modificacións do prego de condicións, á cancelación da protección e á etiquetaxe e á presentación.
- Regulamento delegado (UE) nº 2019/934 da Comisión, do 12 de marzo de 2019, polo que se completa o Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ás zonas vitícolas onde o grao alcohólico poida verse incrementado, as prácticas enolóxicas autorizadas e as restricións aplicables á produción e conservación dos produtos vitícolas, a porcentaxe mínima de alcohol para subprodutos e a eliminación destes, e a publicación das fichas da OIV.
- Regulamento (UE) nº 2018/848 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, sobre produción ecolóxica e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos, e polo que se derroga o Regulamento (CE) 834/2007 do Consello.
- Regulamento (UE) nº 2017/1001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre a marca da Unión Europea.
- Regulamento delegado (UE) nº 664/2014 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, polo que se completa o Regulamento (UE) nº 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao establecemento dos símbolos da Unión para as denominacións de orixe protexidas, as indicacións xeográficas protexidas e as especialidades tradicionais garantidas e no que incumbe a determinadas normas sobre a procedencia, certas normas de procedemento e determinadas disposicións transitorias adicionais.
- Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) nº 922/72, (CEE) nº 234/79, (CE) nº 1037/2001 e (CE) nº 1234/2007.
- Regulamento (UE) nº 1169/2011, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, sobre a información alimentaria facilitada ao consumidor, e polo que se modifican os regulamentos (CE) nº 1924/2006 e (CE) nº 1925/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se derrogan a Directiva 87/250/CEE da Comisión, a Directiva 90/496/CEE do Consello, a Directiva 1999/10/CE da Comisión, a Directiva

2000/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, as directivas 2002/67/CE e 2008/5/CE da Comisión e o Regulamento (CE) n° 608/2004 da Comisión.

- Regulamento (CE) n° 889/2008 da Comisión, do 5 de setembro de 2008, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n° 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos.
- Regulamento (CE) n° 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos.

b. A nivel estatal (España):

- Lei 6/2015, do 12 de maio, de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas de ámbito territorial supraautonómico.
- Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño.
- Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas.
- Real decreto 1363/2011, do 7 de outubro, polo que se desenvolve a regulamentación comunitaria en materia de etiquetaxe, presentación e identificación de determinados produtos vitivinícolas.
- Real decreto 1801/2008, do 3 de novembro, polo que se establecen normas relativas ás cantidades nominais para produtos envasados e ao control do seu contido efectivo.
- Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios.
- Real decreto 1808/1991, do 13 de decembro, polo que se regulan as mencións ou marcas que permiten identificar o lote ao que pertence un produto alimenticio.

c. A nivel autonómico (Galicia):

- Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.
- Decreto 158/2011, do 21 de xullo, polo que se ditan normas de aplicación sobre os documentos que acompañan o transporte de produtos vitivinícolas, os rexistros e as declaracións de determinadas prácticas no sector vitivinícola na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores.
- Orde do 19 de xullo de 2010, da Consellería do Medio Rural, pola que se establecen normas sobre as condicións de utilización das indicacións facultativas relativas ao ano de colleita e á variedade ou variedades de uva na etiquetaxe e presentación dos viños sen denominación de orixe nin indicación xeográfica protexida.
- Pregos de condicións e regulamentos das diferentes denominacións de orixe vitivinícolas de Galicia.

## 5.2. Definicións

Convén, en primeiro lugar, presentar algunhas definicións que serán utilizadas ao longo desta parte da guía:

- **Razón social:** nome que identifica unha persoa xurídica como responsable de relacións xurídicas e, polo tanto, susceptible de dereitos e obrigas.
- **Embotellador:** persoa física ou xurídica, ou agrupación destas persoas, que efectúe ou faga efectuar por conta súa o embotellamento<sup>1</sup>.
- **Embotellamento:** a introdución do produto en envases dunha capacidade igual ou inferior a 60 litros para a súa venda posterior<sup>2</sup>.
- **Marca comercial:** signo susceptible de representación gráfica que serve para distinguir no mercado os produtos dunha empresa dos produtos idénticos ou similares doutra.
- **Nome comercial:** todo signo ou medio, gráfico ou denominativo, que identifica unha empresa no tráfico mercantil e que serve para distinguila das demais empresas que desenvolven actividades idénticas ou similares. Unha mesma persoa natural ou xurídica pode ter varios nomes comerciais para identificar diferentes sectores de tráfico económico. O nome comercial non ten por que coincidir coa razón social.
- **Etiquetaxe:** toda palabra, indicación, marca rexistrada, marca comercial, motivo ilustrado ou símbolo colocados en calquera envase, documento, aviso, etiqueta, anel ou colar que acompañe ou faga referencia ao produto<sup>3</sup>. Polo tanto, inclúe a etiqueta frontal, contraetiqueta, colariño, encapsulado ou calquera outro elemento incorporado ao envase.
- **Presentación:** a información transmitida aos consumidores sobre o produto de que se trate, incluída a forma e o tipo das botellas<sup>4</sup>.

## 5.3. Requisitos relativos aos nomes comerciais e marcas comerciais

Neste apartado abordaremos os requisitos esenciais relativos aos nomes comerciais e marcas comerciais.

<sup>1</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 46.

<sup>2</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 46.

<sup>3</sup> Ver Regulamento (UE) n° 1308/2013, art. 117.

<sup>4</sup> Ver Regulamento (UE) n° 1308/2013, art. 117.

### 5.3.1. Protección do nome xeográfico

A Lei 6/2015, do 12 de maio, de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas de ámbito territorial supraautonómico, dedica o seu artigo 13, "Protección", a establecer requisitos especificamente relativos á utilización dos nomes comerciais e marcas comerciais, así como algunhas cuestións relativas á etiquetaxe.

De conformidade coa protección ofrecida pola normativa da Unión Europea:

1. *Os nomes protexidos por estar asociados a unha DOP ou IXP non poderán utilizarse para a designación doutros produtos comparables non amparados.*
2. *A protección estenderase desde a produción a todas as fases de comercialización, á presentación, á publicidade, á etiquetaxe e aos documentos comerciais dos produtos afectados. A protección aplícase contra calquera uso indebido, imitación ou evocación e implica a prohibición de empregar calquera indicación falsa ou falaz en canto á procedencia, á orixe xeográfica, á natureza ou ás características esenciais dos produtos no envase ou na embalaxe, na publicidade ou nos documentos relativos a eles.*
3. *Os nomes que sexan obxecto dunha DOP ou IXP non poderán ser empregados na designación, na presentación ou na publicidade de produtos de similar especie ou servizos, aos que non lles foi asignado o nome e que non cumpran os requisitos do devandito tipo de protección ou designación, aínda que tales nomes vaian traducidos a outras linguas ou precedidos de expresións como «tipo», «estilo», «imitación» ou outros similares, nin aínda cando se indique a verdadeira orixe xeográfica do produto. Tampouco poderán empregarse expresións do tipo «producido en...», «con fabricación en...» ou outras análogas.*
4. *Os nomes obxecto dunha DOP ou IXP non poderán utilizarse como nomes de dominio da internet cando o seu titular careza de dereitos ou intereses lexítimos sobre o nome e o empregue para a promoción ou comercialización de produtos comparables non amparados por elas. Para estes efectos, os nomes obxecto dunha DOP ou IXP están protexidos fronte ao seu uso en nomes de dominio da internet que consistan, conteñan ou evoquen as ditas DOP ou IXP.*
5. *Non poderán rexistrarse como marcas, nomes comerciais ou razóns sociais os signos que reproduzan, imiten ou evoquen unha denominación protexida como DOP ou IXP, sempre que se apliquen aos mesmos produtos ou a produtos similares, comparables ou que poidan considerarse ingredientes ou que poidan aproveitarse da reputación daquelas.*

Este punto ten un especial interese, debido a que prohíbe utilizar o nome da denominación de orixe nunha marca comercial, mesmo a unha adega inscrita na mesma denominación de orixe. Por exemplo, se unha adega da DO Monterrei quixese utilizar a marca "Castelo de Monterrei", isto non sería posible.

Isto entra en confrontación con outras disposicións autonómicas anteriores vixentes (a Lei 2/2005 e o Decreto 4/2007) que si o permiten (véxase apdo. 5.3.4). Con todo, ao ter a Lei 6/2015 a consideración xurídica de norma básica, debe prevalecer.

Soamente existe unha excepción a esta regra, e é que a marca comercial estea rexistrada con anterioridade á entrada en vigor da figura de protección, é dicir, á denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida (isto sucede con algunhas marcas comerciais galegas). Neste caso, non hai obxección ao uso da devandita marca comercial mentres esta non incorra en causa de nulidade ou revogación da marca rexistrada<sup>5</sup>.

6. *Os operadores agrarios e alimentarios deberán introducir nas etiquetas e presentación dos produtos acollidos a unha DOP ou IXP elementos suficientes para diferenciar de maneira sinxela e clara a súa designación ou tipo de protección e a súa orixe xeográfica ou procedencia, e para evitar, en todo caso, a confusión nos consumidores.*
7. *Non poderá esixirse aos operadores dunha determinada DOP ou IXP o uso de marcas en exclusiva para os produtos da devandita DOP ou IXP. En calquera caso, a designación e presentación dos produtos do devandito operador conterá elementos identificativos suficientes para evitar que se induza a erro ou confusión ao consumidor.*

Este é outro punto de especial interese. Significa que unha marca que se comercialice por unha adega nunha DOP/IXP pode ser tamén comercializada noutras DOP/IXP. Isto tamén supón un conflito con outras disposicións autonómicas anteriores vixentes (a Lei 2/2005 e o Decreto 4/2007) que si o permiten (véxase apdo. 5.3.4).

8. *A solicitude xustificada do grupo de produtores previsto no apartado 1 do artigo 14 poderase regular, nos correspondentes pregos de condicións, a protección dos nomes xeográficos das subzonas e municipios, notablemente vinculados ás DOP e IXP, utilizados para a comercialización do produto agrario ou alimentario amparado por tales figuras, sempre e cando non se opoña ao establecido na normativa xeral sobre información alimentaria.*

### 5.3.2. Protección do nome da variedade Albariño

O Real decreto 1363/2011, do 7 de outubro, polo que se desenvolve a regulamentación comunitaria en materia de etiquetaxe, presentación e identificación de determinados produtos vitivinícolas, establece no seu artigo 15 que determinadas variedades de uva non poderán ser utilizadas na etiquetaxe de viños sen denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida.

<sup>5</sup> Ver Regulamento (UE) 1308/2013, art. 102.

Polo momento, a única variedade de uva no ámbito nacional incluída neste artigo 15 é a variedade Albariño.

### 5.3.3. Protección do nome de variedades autóctonas

A Orde do 19 de xullo de 2010, da Consellería do Medio Rural, pola que se establecen normas sobre as condicións de utilización das indicacións facultativas relativas ao ano de colleita e á variedade ou variedades de uva na etiquetaxe e presentación dos viños sen denominación de orixe nin indicación xeográfica protexida, establece no seu artigo 5º que determinadas variedades de uva autóctonas non poderán ser utilizadas na etiquetaxe de viños sen denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida na Comunidade Autónoma de Galicia.

Isto é especialmente importante para aquelas adegas que, aínda estando inscritas nas DOP/IXP galegas, e elaborando viños baixo o amparo das ditas DOP/IXP, elaboren tamén viños sen o devandito amparo (p. ex. por autodescualificacións ao non cumprir os requisitos fisicoquímicos ou organolépticos esixidos pola DOP/IXP correspondente).

As ditas variedades son as seguintes, tal como figuran no devandito artigo 5º:

- a. Brancas: Albariño, Branca de Monterrei, Caíño branco, Dona Branca, Godello, Lado, Loureira (Loureiro branco, Marqués), Torrontés e Treixadura.
- b. Tintas: Brancellao, Caíño bravo, Caíño longo, Caíño tinto, Espadeiro (Torreiro), Ferrón, Mouratón (Juan García), Loureiro tinto, Mencía, Merenzao (María Ordoña), Pedral (Dozal) e Sousón.

### 5.3.4. Rexistro de nomes comerciais e marcas comerciais

As marcas comerciais utilizadas nos produtos do sector vitivinícola, como todas as marcas comerciais, deberán cumprir o disposto na normativa nacional de transposición da Directiva 2008/95/CE (en España, a Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas), e no Regulamento (UE) nº 2017/1001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre a marca da Unión Europea.

Ademais, deben cumprir tamén as disposicións que para o efecto introducen o Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) nº 922/72, (CEE) nº 234/79, (CE) nº 1037/2001 e (CE) nº 1234/2007 e o Regulamento delegado (UE) nº 2019/33 da Comisión, do 17 de outubro de 2018, polo que se completa o Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ás solicitudes de protección das denominacións de orixe, indicacións xeográficas e termos tradicionais do sector vitivinícola, ao



procedemento de oposición, ás restricións de utilización, ás modificacións do prego de condicións, á cancelación da protección e á etiquetaxe e a presentación.

En canto aos nomes comerciais, o Real decreto 1363/2011, do 7 de outubro, polo que se desenvolve a regulamentación comunitaria en materia de etiquetaxe, presentación e identificación de determinados produtos vitivinícolas, di no seu artigo 10 o seguinte:

*En aplicación do artigo 70.3 do Regulamento (CE) nº 607/2009 da Comisión, do 26 de maio de 2009, o embotellador, produtor, importador ou vendedor, que queira indicar na etiquetaxe o seu nome ou razón social mediante un nome comercial cuxa titularidade fose inscrita ao seu favor, como nome comercial, na Oficina Española de Patentes e Marcas, deberá comunicalo ao correspondente Rexistro de Envasadores de Viños para a súa anotación neste.*

É dicir, en termos prácticos, é necesario que o embotellador estea debidamente rexistrado no Rexistro de embotelladores (ver parte 1, apdo. 1.2, desta guía) para poder etiquetar produtos vitivinícolas co seu nome comercial, para o que debe ser titular deste na Oficina Española de Patentes e Marcas.

Nota: O mencionado Regulamento (CE) nº 607/2009 da Comisión, do 14 de xullo de 2009, está actualmente derogado polo Regulamento delegado (UE) nº 2019/33 da Comisión, do 17 de outubro de 2018, polo que se completa o Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ás solicitudes de protección das denominacións de orixe, indicacións xeográficas e termos tradicionais do sector vitivinícola, ao procedemento de oposición, ás restricións de utilización, ás modificacións do prego de condicións, á cancelación da protección e á etiquetaxe e a presentación. Non obstante, no momento de elaborar esta guía, en España segue estando vixente o Real decreto 1363/2011, polo que este requisito continúa en vigor.

Este requisito non é aplicable ás marcas comerciais. Non obstante, algúns consellos reguladores esixen que as marcas comerciais estean á súa vez concedidas a favor do operador pola Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM) ou a Oficina de Propiedade Intelectual da Unión Europea (EUIPO), ou outro organismo equivalente a nivel internacional.

### 5.3.5. Requisitos autonómicos

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, os requisitos relativos a marcas e nomes comerciais están establecidos na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, e no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores.

## 5.3.5.1. Lei 2/2005

A Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, establece, no seu artigo 9, "Ámbito da protección", o seguinte:

1. *Os nomes de cada denominación quedarán protexidos fronte a un uso distinto ao regulado na presente lei e normas concordantes.*
2. *A protección estenderase desde a produción a todas as fases de comercialización, presentación, publicidade e etiquetaxe, así como aos documentos comerciais dos produtos afectados. A protección implica a prohibición de empregar calquera indicación falsa ou enganosa en canto á procedencia, orixe, natureza ou características esenciais dos produtos no envase ou embalaxe, a publicidade ou os documentos relativos a estes.*
3. *Os nomes protexidos por unha denominación non poderán ser empregados na designación, presentación ou publicidade dos produtos que non cumpran os requisitos esixidos na denominación, aínda que tales nomes vaian traducidos a outras linguas ou vaian precedidos de expresións como «tipo», «estilo», «imitación» ou outras similares, nin aínda cando se indique a verdadeira orixe do produto. Tampouco poderán empregarse expresións do tipo «embotellado en», «envasado en» ou outras análogas.*

Este punto supón que os viños non amparados polas denominacións de orixe non poden utilizar en ningún caso o nome dunha denominación de orixe, nin sequera recoñecendo ou informando do feito de non estar amparados por esta.

4. *As marcas, nomes comerciais ou razóns sociais que fagan referencia aos nomes xeográficos protexidos polas denominacións unicamente poderán utilizarse en produtos con dereito á denominación de que se trate, sen prexuízo do contemplado na normativa comunitaria nesta materia.*

Este punto entra en contradición co artigo 13.5 da Lei 6/2015 (véxase apdo. 5.3.1), a cal prevalece. Polo tanto, en realidade non pode utilizarse o nome dunha denominación de orixe nunha marca ou nome comercial.

5. *No caso de que unha mesma marca, nome comercial ou razón social sexa utilizada para a comercialización dun produto con denominación xeográfica de calidade e outro ou outros de similar especie que carezan da devandita denominación de calidade, haberá de introducirse na etiquetaxe, presentación e publicidade destes produtos elementos suficientes que permitan diferenciar de maneira clara e sinxela o produto con denominación do que non a ten, para evitar, en todo caso, a confusión nos consumidores.*

Isto é especialmente importante para aquelas adegas que, aínda estando inscritas nas DOP/IXP galegas, e elaborando viños baixo o amparo das ditas DOP/IXP, elaboren tamén viños sen o devandito amparo (p. ex. por autodescualificacións ao non cumprir os requisitos fisicoquímicos ou organolépticos esixidos pola DOP/

IXP correspondente). Non é suficiente con que a etiquetaxe non leve precinta de garantía, ou que simplemente se utilice unha etiqueta moi similar suprimindo o nome da denominación de orixe: deberá ser claramente diferenciable, desde o punto de vista do consumidor, o produto non amparado do amparado.

6. *Sen prexuízo do que dispón o apartado anterior, a normativa propia de cada denominación xeográfica de calidade poderá esixir que as marcas comerciais que se utilicen nos produtos por ela amparados non sexan utilizadas noutros de similar especie que non estean acollidos á súa protección.*

Este punto tampouco é aplicable, pois entra en contradición co artigo 13.7 da Lei 6/2015, o cal prevalece (véxase apdo. 5.3.1).

#### 5.3.5.2 Decreto 4/2007

Pola súa banda, o Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, no seu artigo 10 restrinxe o uso da denominación de orixe e a súa simboloxía aos operadores inscritos nos rexistros de adegas de cada Consello Regulador:

- *O dereito ao uso da correspondente denominación e dos seus símbolos, anagramas e logotipo na propaganda, publicidade, documentación, precintos e etiquetas, é exclusivo das firmas inscritas nos diferentes rexistros do Consello Regulador, sen prexuízo do establecido no artigo 14.3<sup>o</sup> <sup>6</sup>.*

Ademais, o mencionado Decreto 4/2007 establece no seu artigo 12 certos requisitos para as marcas comerciais, nomes comerciais e razóns sociais, que son unha réplica dos incluídos na Lei 2/2005 (véxase apartado anterior):

1. *As marcas, nomes comerciais ou razóns sociais que fagan referencia aos nomes xeográficos protexidos polas denominacións, unicamente se poderán utilizar en produtos con dereito á denominación de que se trate, sen prexuízo do previsto na normativa comunitaria nesta materia.*

(Equivalente ao artigo 9.4 da Lei 2/2005.)

2. *No caso de que unha mesma marca, nome comercial ou razón social sexa utilizada para a comercialización dun produto con denominación xeográfica de calidade e outro ou outros de similar especie que carezan da devandita denominación de calidade, deberá introducirse na etiquetaxe, presentación e publicidade deses produtos elementos*

<sup>6</sup> No seu art. 14.3<sup>o</sup>, o Decreto 4/2007 permite, aos establecementos de venda polo miúdo, que expandan produto amparado por unha denominación xeográfica, utilizar o distintivo desta, colocado de forma visible e de forma que permita unha correcta identificación do produto protexido, de acordo co que se estableza na normativa propia da denominación.

*suficientes que permitan diferenciar de forma clara e sinxela o produto con denominación do que non a ten, para evitar, en todo caso, a confusión nos consumidores.*

(Equivalente ao artigo 9.5 da Lei 2/2005.)

3. *Sen prexuízo do que dispón o parágrafo anterior, o regulamento de cada denominación xeográfica de calidade poderá esixir que as marcas comerciais que se utilicen nos produtos por ela amparados non sexan utilizadas noutros de similar especie que non estean acollidos á súa protección.*

(Equivalente ao artigo 9.6 da Lei 2/2005.)

## 5.4. Requisitos relativos á etiquetaxe

Neste apartado ocuparémonos dos requisitos relativos á etiquetaxe. En primeiro lugar, explicaranse os requisitos xerais relativos á etiquetaxe, para, a continuación, desenvolver os requisitos sobre as indicacións obrigatorias e facultativas nesta.

### 5.4.1. Requisitos xerais sobre etiquetaxe

A etiquetaxe dos viños, como produto de alimentación, está suxeita ás disposicións, transversais para toda a etiquetaxe alimentaria, do Regulamento (UE) n° 1169/2011, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, sobre a información alimentaria facilitada ao consumidor, e polo que se modifican os regulamentos (CE) n° 1924/2006 e (CE) n° 1925/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se derrogan a Directiva 87/250/CEE da Comisión, a Directiva 90/496/CEE do Consello, a Directiva 1999/10/CE da Comisión, a Directiva 2000/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, as directivas 2002/67/CE e 2008/5/CE da Comisión e o Regulamento (CE) n° 608/2004 da Comisión.

A nivel nacional, a etiquetaxe dos viños, como produto de alimentación, está suxeita tamén aos principios xerais de etiquetaxe e presentación dos produtos de alimentación, recollidos no artigo 4 do Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios. Estes principios xerais son os seguintes:

1. *A etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios e as modalidades de realizala, non deberán ser de tal natureza que induzan a erro ao comprador, especialmente:*
  - a. *Sobre as características do produto alimenticio e, en particular, sobre a súa natureza, identidade, calidades, composición, cantidade, duración, orixe ou procedencia e modo de fabricación ou de obtención.*

- b. *Atribuindo ao produto alimenticio efectos ou propiedades que non posúa.*
  - c. *Suxerindo que o produto alimenticio posúe características particulares, cando todos os produtos similares posúan estas mesmas características.*
  - d. *Atribuindo a un produto alimenticio propiedades preventivas, terapéuticas ou curativas dunha enfermidade humana, nin mencionando as ditas propiedades, sen prexuízo das disposicións aplicables ás augas minerais naturais e aos produtos alimenticios destinados a unha alimentación especial.*
2. *Estas prohibicións aplicaranse igualmente á presentación dos produtos alimenticios (en especial á forma ou ao aspecto que se dea a estes ou ao seu envase, ao material usado para este e á forma en que estean dispostos, así como á contorna en que estean expostos) e á publicidade.*

As autoridades competentes dos Estados membros deberán adoptar as medidas oportunas para garantir que os produtos que non estean etiquetados seguindo estes principios non se comercialicen ou sexan retirados do mercado.

O incumprimento dos requisitos de etiquetaxe, que é responsabilidade exclusiva do operador, ou de ambos os dous operadores solidariamente en caso de embotellamento por encargo<sup>7</sup>, ten a consideración de infracción administrativa, podendo ser esta de carácter leve, grave ou moi grave<sup>8</sup>.

Os requisitos xerais relativos á etiquetaxe dos produtos vitivinícolas en particular están establecidos nas seguintes disposicións legais:

- A nivel estatal, no Real decreto 1363/2011, do 7 de outubro, polo que se desenvolve a regulamentación comunitaria en materia de etiquetaxe, presentación e identificación de determinados produtos vitivinícolas.
- A nivel comunitario, no Regulamento delegado (UE) nº 2019/33 da Comisión, do 17 de outubro de 2018, polo que se completa o Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ás solicitudes de protección de denominacións de orixe, indicacións xeográficas e termos tradicionais do sector vitivinícola, ao procedemento de oposición, ás restricións de utilización, ás modificacións do prego de condicións, á cancelación da protección e á etiquetaxe e a presentación, o cal completa o Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) nº 922/72, (CEE) nº 234/79, (CE) nº 1037/2001 e (CE) nº 1234/2007.

<sup>7</sup> Ver Decreto 158/2011, art. 30.

<sup>8</sup> Ver Lei 24/2003, título III, capítulo II; Lei 6/2015, capítulo VI, e Lei 2/2005, título VI, capítulo II.

En particular, o Real decreto 1363/2011 establece, no seu artigo 3, a **obriga de etiquetar** os viños embotellados en España<sup>9</sup>, coas seguintes excepcións:

- a. Os viños transportados entre dous ou máis instalacións dunha mesma empresa.
- b. O viño non destinado á venda, ata un máximo de 30 litros por partida.
- c. O viño destinado ao consumo familiar do produtor e dos seus empregados.
- d. As botellas de viños espumosos con denominación de orixe protexida elaborados segundo o “método tradicional” que satisfagan, ademais, os seguintes requisitos:
  1. Que as botellas circulen dentro da zona de produción da denominación de orixe protexida de que se trate e entre as adegas con dereito a esta.
  2. Que as botellas se atopen en fase de elaboración pechadas con tapón de tiraxe no que se identifiquen o lote de procedencia e a adega que efectuou a súa tiraxe e fermentación.
  3. Que vaian provistos dun documento de acompañamento.
  4. Que sexan obxecto de controis específicos.

Adicionalmente, os viños producidos nas denominacións de orixe protexidas (DOP) e as indicacións xeográficas protexidas (IXP) (“termos protexidos”) estarán protexidos fronte a<sup>10</sup>:

- a. Calquera usurpación do termo protexido, mesmo cando este vaia acompañado dunha expresión semellante a «estilo», «tipo», «método», «como se produce en», «imitación», «sabor», «como» ou calquera outra expresión similar.
- b. Calquera outra indicación falsa ou enganosa en canto á natureza, ás características ou ás calidades esenciais do produto colocada no seu envase interior ou exterior, na publicidade ou nos documentos relativos ao produto de que se trate.
- c. Calquera outra práctica que poida inducir a erro aos consumidores, en especial facéndolles crer que o viño goza do termo tradicional “protexido”.

#### 5.4.2. Indicacións na etiquetaxe (requisitos comunitarios e estatais)

Neste apartado trataranse os requisitos relativos ás indicacións na etiquetaxe. Estes requisitos son, na súa maioría, establecidos a nivel comunitario. Non obstante, para algunhas das indicacións sinálanse tamén requisitos nacionais aplicables.

<sup>9</sup> Ver Real decreto 1363/2011, art. 3.

<sup>10</sup> Ver Regulamento (UE) n° 1308/2013, art. 113.

As indicacións da etiquetaxe poderán ser obrigatorias ou facultativas<sup>11</sup>.

Para a etiquetaxe de produtos destinados á exportación, serán de aplicación ademais as indicacións da normativa vixente en cada país de destino.

#### 5.4.2.1 INDICACIÓNS OBRIGATORIAS

As indicacións obrigatorias, segundo a normativa europea sectorial en vigor<sup>12</sup>, son as seguintes para todos os produtos vitivinícolas:

- a. Categoría do produto vitivinícola<sup>13</sup>. Non obstante, esta indicación é facultativa para os viños con DOP ou IXP<sup>14</sup>.
- b. Expresión do nivel de protección: nos viños con DOP ou IXP, a expresión "denominación de orixe protexida", ou "indicación xeográfica protexida", xunto co nome correspondente da DOP ou IXP (non obstante, existen termos tradicionais substitutivos aceptados pola Unión Europea; véxase máis adiante).

Para estes produtos, pode omitirse a referencia á categoría de produto vitivinícola (letra a) anterior).

- c. Grao alcohólico volumétrico adquirido.
- d. Procedencia.
- e. Embotellador ou, no caso do viño espumoso, o viño espumoso gasificado, o viño espumoso de calidade ou o viño espumoso aromático de calidade, o nome do produtor ou do vendedor.
- f. Importador, no caso dos viños importados.
- g. Para o viño espumoso, o viño espumoso gasificado, o viño espumoso de calidade ou o viño espumoso aromático de calidade, indicación do contido de azucre.

Por outra banda, existen outras indicacións obrigatorias reguladas na normativa horizontal da Unión Europea e/ou na lexislación nacional:

- a. Número do Rexistro de embotelladores<sup>15</sup>.

<sup>11</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, capítulo IV.

<sup>12</sup> Ver Regulamento (UE) nº 1308/2013, art. 119.

<sup>13</sup> As categorías dos produtos vitivinícolas están establecidas no Regulamento (UE) nº 1308/2013, anexo VII parte II.

<sup>14</sup> Ver Regulamento (UE) nº 1308/2013, art. 119.2.

<sup>15</sup> Ver Real decreto 1363/2011, art. 4.



- b. Volume nominal<sup>16</sup>.
- c. Número de lote (excepto nos envases ou recipientes cuxa cara maior teña unha superficie inferior a 10 centímetros cadrados, nese caso esta indicación non será obrigatoria)<sup>17</sup>.
- d. Presenza dun ou máis ingredientes alérxenos<sup>18</sup>.

**As indicacións obrigatorias deberán ir no mesmo campo visual da botella, é dicir, de tal maneira que sexan simultaneamente lexibles sen ter que virar esta (a excepción do número de lote e as mencións a determinadas substancias ou produtos que causan alerxias ou intolerancias), en caracteres indelebles e de tamaño igual ou superior a 1,2 mm en todos os casos, e distinguirse claramente do texto ou debuxos adxacentes<sup>19</sup>.**

En canto á lingua na que deben expresarse estas indicacións:

- Na comercialización en España, debe utilizarse polo menos a lingua española oficial do Estado<sup>20</sup>.
- Se a comercialización se fai no ámbito da comunidade autónoma con lingua oficial propia, como é o caso de Galicia, o anterior non é aplicable<sup>21</sup>, e podería utilizarse unicamente a lingua galega.
- Na Unión Europea deberá utilizarse unha das linguas oficiais, que comprendan facilmente os consumidores dos Estados onde se comercializa o alimento, sen prexuízo de que poidan utilizarse varias (por outra banda, cada Estado membro pode estipular que as mencións se faciliten nunha ou máis linguas de entre as oficiais na Unión Europea)<sup>22</sup>.
- Na exportación a terceiros países, poden utilizarse outras linguas, en función do destino do produto (ver epígrafe 5.4.2.3).

A continuación, entramos en máis detalle nestas indicacións obrigatorias, partindo da hipótese de que **somos unha adega pertencente a unha DOP ou IXP**.

<sup>16</sup> Ver Real decreto 1334/1999, art. 5.1, Real decreto 1801/2008, art. 9, e Regulamento (UE) 1169/2011, art. 23.

<sup>17</sup> Ver Real decreto 1334/1999, art. 5.1, e Real decreto 1808/1991, art. 3.

<sup>18</sup> Ver Real decreto 1334/1999, art. 7, e Regulamento (UE) 1169/2011, art. 21.

<sup>19</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 40 e art. 41. Aínda que no Regulamento (UE) 1169/2011, que é normativa horizontal sobre información alimentaria, indícase que o tamaño da letra poderá ser igual ou superior a 0,9 mm no caso dos envases cuxa superficie maior sexa inferior a 80 cm<sup>2</sup>, este Regulamento delegado (UE) 2019/33 soamente permite o tamaño igual ou superior a 1,2 mm.

<sup>20</sup> Ver Real decreto 1334/1999, art. 18.

<sup>21</sup> Ver Real decreto 1334/1999, art. 18.

<sup>22</sup> Ver Regulamento (UE) 1169/2011, art. 15.

1. **Expresión do nivel de protección:** “denominación de orixe protexida”, ou “indicación xeográfica protexida”, xunto co nome correspondente da DOP ou IXP (que debe aparecer inmediatamente próximo)<sup>23</sup>.

En lugar da expresión “denominación de orixe protexida”, pode utilizarse tamén a expresión “denominación de orixe”, que é un termo tradicional substitutivo<sup>24</sup> recoñecido na base de datos eAmbrosia<sup>25</sup>, da Unión Europea.

Existen outros termos tradicionais substitutivos<sup>26</sup> para a expresión “denominación de orixe protexida”, tales como “viño de calidade con indicación xeográfica”, “denominación de orixe cualificada”, “viño de pago”, “viño de pago cualificado”, etc., pero en Galicia unicamente é aplicable “denominación de orixe”.

No caso das indicacións xeográficas protexidas, este nome pode substituírse polo termo tradicional “viño da terra”, tamén recollido na devandita base de datos eAmbrosia.

2. **Grao alcohólico volumétrico adquirido**<sup>27</sup>. Indicarase en unidades ou medias unidades porcentuais. A cifra irá seguida do símbolo «% vol.» e poderá ir precedida dos termos «grao alcohólico adquirido» ou «alcohol adquirido», ou da abreviatura «alc.».

Sen prexuízo das tolerancias previstas polo método de análise de referencia utilizado, o grao alcohólico indicado non poderá ser superior nin inferior en máis dun 0,5 % vol. ao grao determinado pola análise. Non obstante o anterior, sen prexuízo das tolerancias previstas polo método de análise de referencia utilizado, o grao alcohólico indicado non poderá ser superior nin inferior en máis dun 0,8 % vol. ao grao determinado pola análise para determinados viños (entre eles os almacenados en botella máis de 3 anos).

3. **Procedencia do produto**<sup>28</sup> (“produto de España” ou “viño de España” ou “producido en España”, ou expresións equivalentes).

<sup>23</sup> Ver Regulamento (UE) n.º 1308/2013, art. 119 e Real decreto 1363/2011, art. 16.

<sup>24</sup> Ver Real decreto 1363/2011, art. 16, e Regulamento (UE) 1308/2013, subsección 3.

<sup>25</sup> <https://ec.europa.eu/info/food-farming-fisheries/food-safety-and-quality/certification/quality-labels/geographical-indications-register/tdt>

<sup>26</sup> Ver Lei 6/2015, disposición adicional terceira.

<sup>27</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 44. Nota importante: Neste regulamento delegado suprimíuse o antigo punto 54.2 do Regulamento (CE) 607/2009, que dicía: “O grao alcohólico volumétrico adquirido aparecerá na etiqueta con caracteres dunha altura mínima de 5 milímetros, se o volume nominal é superior a 100 centilitros, de 3 milímetros, se é igual ou inferior a 100 centilitros e superior a 20 centilitros, e de 2 milímetros, se é igual ou inferior a 20 centilitros.”

<sup>28</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 45.

4. **Indicación do embotellador**<sup>29</sup>: nome do embotellador e enderezo (municipio e Estado membro, é dicir, España), precedidos do termo “embotellador” ou “embotellado por”.

No caso dun embotellamento por encargo, a indicación do embotellador completárase mediante os termos “embotellado para” ou, no caso de que conste o nome e o enderezo da persoa que procedese ao embotellamento por conta dun terceiro, mediante os termos “embotellado para (...) por (...)”.

No caso dos recipientes distintos das botellas, os termos «*embotellador*» e «*embotellado por [...]*» poderán substituírse por «*envasador*» e «*envasado por [...]*», respectivamente.

Cando o embotellamento se realice nun lugar distinto ao do embotellador (é dicir, por encargo e noutro municipio), as indicacións consideradas anteriormente deberán acompañarse dunha referencia ao lugar exacto onde tivese lugar a operación.

O nome do embotellador e o seu enderezo (municipio e Estado membro) poden ser substituídos por un código, baixo certas condicións<sup>30</sup>. Este código será o seu número de inscrición no Rexistro de embotelladores<sup>31</sup>.

De forma práctica, e simplificando, a seguinte podería ser unha “fórmula” posible para indicar os embotellamentos por encargo:

Condición	Expresión
Se quen encarga o embotellamento e quen embotella están no mesmo municipio	“ <b>Embotellado para</b> + razón social completa + nome do municipio + España <b>por R.E. nº ...</b> ”
Se quen encarga o embotellamento e quen embotella están en distintos municipios	“ <b>Embotellado para</b> + razón social completa + nome do municipio de quen encarga + España <b>por R.E. nº ...</b> + nome do municipio de quen embotella + <b>España</b> ”

Debe terse en conta que, no caso de que o enderezo conste de, ou conteña, o nome dunha DOP ou IXP, o dito enderezo deberá aparecer en caracteres dun tamaño non superior á metade dos utilizados para a DOP ou IXP (ou ben ser substituído polo código mencionado anteriormente)<sup>32</sup>.

<sup>29</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 46, onde se pode consultar máis información respecto á indicación do embotellador e tamén do produtor, importador e vendedor, de ser o caso.

<sup>30</sup> Ver Real decreto 1363/2011, arts. 6, 7, 8 e 9.

<sup>31</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 46, e Real decreto 1363/2011, art. 6.

<sup>32</sup> Ver Real decreto 1363/2011, art. 7.2, e Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 46.6.

É importante engadir que, nos embotellamentos por encargo, ademais dos requisitos propios da etiquetaxe, deben cumprirse os seguintes<sup>33</sup>:

- a. No caso de que un operador embotelle produtos para outras adegas, industrias ou marquistas, deberá ter ao dispor do servizo provincial competente o contrato do embotellamento ou envasado feito por encargo.
  - b. Os embotellamentos por encargo reflectiranse no Libro Rexistro de Embotellamento, facendo constar o nome e enderezo da persoa embotelladora.
5. Para os **viños espumosos**, indicación do **contido en azucre** (expresado en termos de glicosa, frutosa e sacarosa), segundo a seguinte táboa<sup>34</sup>:

Termo	Contido en azucre
Brut nature	Se o seu contido de azucre é inferior a 3 gramos por litro; estes termos unicamente poderán utilizarse para os produtos aos que non se engadiu azucre despois da fermentación secundaria
Extra brut	Se o seu contido de azucre se sitúa entre 0 e 6 gramos por litro
Brut	Se o seu contido de azucre é inferior a 12 gramos por litro
Extra seco	Se o seu contido de azucre se sitúa entre 12 e 17 gramos por litro
Seco	Se o seu contido de azucre se sitúa entre 17 e 32 gramos por litro
Semiseco	Se o seu contido de azucre se sitúa entre 32 e 50 gramos por litro
Doce	Se o seu contido de azucre é superior a 50 gramos por litro

Nota 1: Se o contido de azucre do produto xustifica o uso de dous destes termos, só poderá empregarse un deles<sup>35</sup>.

Nota 2: O contido de azucre non poderá ser superior nin inferior en máis de 3 gramos por litro ao contido en azucre que aparece na etiqueta do produto<sup>36</sup>.

<sup>33</sup> Ver Decreto 158/2011, art. 29.

<sup>34</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 47.

<sup>35</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 47.

<sup>36</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 47.

**6. Número do rexistro de embotelladores**<sup>37</sup>.**7. Volume nominal** do envase (capacidade)<sup>38</sup>, utilizando como unidades de medida o litro, o centilitro ou o mililitro, en caracteres dunha altura mínima de:

- 6 mm, se a cantidade nominal é superior aos 100 centilitros.
- 4 mm, se a cantidade nominal está comprendida entre os 100 centilitros, incluso, e os 20 centilitros, exclusive.
- 3 mm, se a cantidade nominal está comprendida entre os 20 centilitros, incluso, e os 5 centilitros, exclusive.
- 2 mm, se a cantidade nominal é igual ou inferior aos 5 centilitros.

O volume irá seguido da unidade de medida (ou ben o seu símbolo), utilizándose "litros" ("l" ou "L"), "centilitros" ("cl") ou "mililitros" ("ml").

**8. Número de lote** (excepto nos envases ou recipientes cuxa cara maior teña unha superficie inferior a 10 centímetros cadrados, nese caso esta indicación non será obrigatoria), precedido da letra "L"<sup>39</sup>.

Enténdese por lote un conxunto de unidades de venda producido e envasado en circunstancias practicamente idénticas<sup>40</sup>.

O lote será determinado e estará baixo a responsabilidade do produtor e/ou o envasador<sup>41</sup>.

**9. Indicación de presenza de sulfitos**<sup>42</sup> (p. ex. "Contén sulfitos"; pode indicarse en lingua española, inglesa, francesa, italiana e portuguesa)<sup>43</sup>.

<sup>37</sup> Ver Lei 24/2003, disposición adicional 4ª, e Real decreto 1363/2011, art. 4.

<sup>38</sup> Ver Real decreto 1334/1999, art. 5.1, Real decreto 1801/2008, art. 9, e Regulamento (UE) 1169/2011, art. 23.

<sup>39</sup> Ver Real decreto 1334/1999, art. 5.1, e Real decreto 1808/1991, do 13 de decembro, art. 3.

<sup>40</sup> Ver Real decreto 1808/1991, art. 1.

<sup>41</sup> Ver Real decreto 1808/1991, art. 3.

<sup>42</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 41, e Regulamento (UE) 1169/2011, art. 21.

<sup>43</sup> Acordo adoptado polo Instituto Nacional do Consumo (INC) e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, na reunión celebrada o 11 de xuño de 2012, o cal foi comunicado oficialmente á DG – AGRI da Comisión Europea.

10. No caso de que poidan presentarse outros **elementos alérxenos**<sup>44</sup>, concretamente ovo, produtos a base de ovo, leite e/ou derivados do leite, deberá indicarse na etiquetaxe, obrigatoriamente en lingua española<sup>45</sup>.
11. Disposicións específicas para os viños espumosos gasificados, viños de agulla gasificados e viños espumosos de calidade<sup>46</sup>.
12. As demais de cumprimento obrigatorio establecidas no prego de condicións aplicable ao operador<sup>47</sup>.

#### 5.4.2.2. INDICACIÓNS FACULTATIVAS

As indicacións facultativas terán que cumprir os principios xerais da etiquetaxe e presentación dos produtos alimenticios (ver apdo. 5.4 deste documento), así como ser demostrables e verificables.

##### NOTA IMPORTANTE

Algunhas destas indicacións facultativas poden ser de cumprimento obrigatorio, ou estar modificadas ou prohibidas, parcial ou totalmente, polos pregos de condicións correspondentes.

Comezaremos polas indicacións recollidas no Regulamento delegado (UE) 2019/33, concretamente na súa sección 2, "Indicacións facultativas", que son as seguintes:

- Ano de colleita (artigo 49).
- Nome da variedade de uva de vinificación (artigo 50).

Nota: O Regulamento delegado (UE) 2019/33 dispón tamén (no seu artigo 51) normas específicas para a indicación de variedades de uva de vinificación en produtos vitivinícolas que non estean acollidos a unha denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida, que saen do obxecto desta guía.

- Indicación do contido de azucre nos produtos vitivinícolas distintos do viño espumoso, o viño espumoso gasificado, o viño espumoso de calidade ou o viño espumoso aromático de calidade (artigo 52).

<sup>44</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 41, e Regulamento (UE) 1169/2011, art. 21.

<sup>45</sup> Acordo adoptado polo Instituto Nacional do Consumo (INC) e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, na reunión celebrada o 11 de xuño de 2012, o cal foi comunicado oficialmente á DG – AGRI da Comisión Europea.

<sup>46</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 48.

<sup>47</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 47.

- Termos que se refiren a determinados métodos de produción (artigo 53).
- Indicación da explotación vitícola (artigo 54).
- Referencia a nomes de unidades xeográficas menores ou máis amplas que a zona abranguida pola denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida (artigo 55).

Ademais das anteriores, o Regulamento delegado (UE) 2019/33 dedica tamén certa atención aos símbolos comunitarios da DOP e IXP, no seu artigo 22, os cales poden entenderse tamén como unha indicación facultativa na etiquetaxe (sempre que os viños teñan DOP ou IXP).

1. **Ano da colleita.** Un mínimo do 85% do volume<sup>48</sup> procederá de uva vendimada no ano en cuestión<sup>49</sup>.

Pódese empregar a palabra "ano", "colleita" ou "vendima" (en castelán ou galego) precedendo ao ano da colleita.

Nota 1: Algúns consellos reguladores poden facer obrigatoria esta indicación, polo menos nalgúns tipos de viño, a través dos seus correspondentes pregos de condicións.

Nota 2: En toda España, os viños con DOP que utilicen as mencións "crianza", "reserva" ou "gran reserva" deben indicar obrigatoriedade o ano da colleita<sup>50</sup>.

2. Nome da(s) **variedade(s) de uva de vinificación**<sup>51</sup>.

En caso de indicar na etiquetaxe máis dunha variedade, ordenaranse de forma decrecente, segundo a súa achega ao viño, con igual tamaño e tipo de letra.

Se só figura unha variedade, a súa achega ten que ser cando menos do 85% do total<sup>52</sup>.

Se se mencionan dúas ou máis variedades, teñen que supoñer o 100% do total<sup>53</sup>.

Nota: As variedades terán que corresponderse coas incluídas nos correspondentes pregos de condicións.

<sup>48</sup> Nesa cifra non se incluírán produtos utilizados na edulcoración, licores de expedición e de tiraxe, ou determinados produtos que se utilizan na elaboración de viños de licor.

<sup>49</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 49.

<sup>50</sup> Ver Real decreto 1363/2011, art. 23.

<sup>51</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 50.

<sup>52</sup> Nesa cifra non se incluírán produtos utilizados na edulcoración, licores de expedición e de tiraxe, ou determinados produtos que se utilizan na elaboración de viños de licor.

<sup>53</sup> Nesa cifra non se incluírán produtos utilizados na edulcoración, licores de expedición e de tiraxe, ou determinados produtos que se utilizan na elaboración de viños de licor.



3. Para os viños distintos dos espumosos, indicación do contido en azucre (expresado en termos de glicosa máis frutosa), segundo a seguinte táboa.

Termo	Contido en azucre
Seco	Se o seu contido de azucre non é superior a: <ul style="list-style-type: none"> <li>• 4 gramos por litro, ou</li> <li>• 9 gramos por litro, cando a acidez total expresada en gramos de ácido tartárico por litro non sexa inferior en máis de 2 gramos ao contido de azucre residual</li> </ul>
Semiseco	Se o seu contido de azucre supera o máximo autorizado pero non é superior a: <ul style="list-style-type: none"> <li>• 12 gramos por litro, ou</li> <li>• 18 gramos por litro, cando a acidez total expresada en gramos de ácido tartárico por litro non sexa inferior en máis de 10 gramos ao contido de azucre residual</li> </ul>
Semidoce	Se o seu contido de azucre supera o máximo autorizado pero non é superior a 45 gramos por litro
Doce	Se o seu contido de azucre é igual ou superior a 45 gramos por litro

Nota 1: Se o contido de azucre do produto xustifica o uso de dous destes termos, só poderá empregarse un deles<sup>54</sup>.

Nota 2: O contido de azucre non poderá ser superior nin inferior en máis de 1 gramo por litro ao que aparece na etiqueta do produto<sup>55</sup>.

A modo de exemplo<sup>56</sup>, un viño que presente un contido en azucre residual de 5,8 g/l (expresado en glicosa e frutosa) e unha acidez total de 5,7 g/l (expresado en ácido tartárico), podería utilizar a indicación "seco" (xa que o azucre residual menos a acidez total é 0,1 g, é dicir, inferior a 2 g).

No entanto, un viño que presente un contido en azucre residual de 5,4 g/l (expresado en glicosa e frutosa) e unha acidez total de 3,2 g/l (expresado en ácido tartárico), non podería utilizar a indicación "seco" (xa que o azucre residual menos a acidez total é 2,2 g, é dicir, superior a 2 g), pero si podería utilizar a indicación "semiseco".

4. Termos que se refieren a determinados **procesos de produción**, sempre que sexan comprobables. Entre eles cabe destacar:

a. A **fermentación, crianza ou envellecemento en recipientes de madeira**, de capacidade máxima de 600 litros, pode sinalarse na etiqueta mediante as mencións

<sup>54</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 52.

<sup>55</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 52.

<sup>56</sup> Fonte: Documento "Etiquetado y presentación de productos vitícolas", Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, Madrid, 2012.

“fermentado en barrica (ou tonel) de ...”, “criado en barrica (ou tonel) de ...”, ou “envellecido en barrica (ou tonel) de ...”, indicando o tipo de madeira<sup>57</sup>.

O termo “barrica” pode utilizarse cando o recipiente sexa de calquera tipo de madeira<sup>58</sup>. Poden utilizarse os termos *noble*, *añejo* e *roble* cando o devandito recipiente sexa de madeira de carballo. En particular, os termos tradicionais *noble* e *añejo* deberán cumprir as demais condicións establecidas para eles na Lei 6/2015<sup>59</sup> e recollidas na base de datos eAmbrosia<sup>60</sup> da Unión Europea.

Nota: Estes termos tradicionais non están rexistrados na UE en galego (si en castelán), e, polo tanto, non deben traducirse.

Estas indicacións non poderán utilizarse para designar produtos vitivinícolas elaborados con axuda de anacos de madeira de carballo, aínda cando se empregasen tamén nos devanditos procesos recipientes de madeira de carballo ou doutras especies<sup>61</sup>.

Debe terse en conta, respecto a estas mencións, que<sup>62</sup>:

1. O termo “**barrica**” será aplicable aos viños con denominación de orixe ou indicación xeográfica protexidas que fosen fermentados, criados ou envellecidos en recipientes de madeira. Cando se empregue ou se faga referencia a este termo, **deberá indicarse nas informacións relativas ao viño en cuestión o período de tempo, en meses ou anos, que permaneceu en tales recipientes de madeira**. Non obstante o anterior, poderá utilizarse a indicación “fermentado en barrica” sempre que a fermentación do viño tivese lugar nos recipientes citados, sen que sexa preciso indicar neste caso o período de tempo de permanencia.
2. O termo “**roble**” será aplicable aos viños con denominación de orixe ou indicación xeográfica protexidas que fosen fermentados, criados ou envellecidos en recipientes de madeira de carballo. Cando se empregue ou se faga referencia a este termo, deberá indicarse nas informacións relativas ao viño en cuestión o período de tempo, en meses ou anos, que permaneceu en recipientes de madeira desa especie.

Cando o envellecemento se efectúe en barricas de carballo, poderán empregarse na etiquetaxe os termos tradicionais: “**crianza**”, “**reserva**” e “**gran reserva**”, sempre que se

<sup>57</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 53.

<sup>58</sup> Ver Real decreto 1363/2011, art. 18.

<sup>59</sup> Ver Lei 6/2015, disposición adicional segunda, “Indicacións relativas ás características dos viños”.

<sup>60</sup> <https://ec.europa.eu/info/food-farming-fisheries/food-safety-and-quality/certification/quality-labels/geographical-indications-register/tdt>

<sup>61</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 53, e Real decreto 1363/2011, art. 18.

<sup>62</sup> Ver Real decreto 1363/2011, anexo III.

cumpran as condicións para eles establecidas na Lei 6/2015<sup>63</sup> e recollidas na base de datos eAmbrosia<sup>64</sup> da Unión Europea:

1. **Crianza:** viños, salvo os espumosos, viños de agulla e viños de licor, que cumpren as condicións seguintes:
  - Os viños tintos deben ter un período mínimo de envellecemento de 24 meses, dos cales deben permanecer polo menos 6 meses en barricas de carballo dunha capacidade máxima de 330 l;
  - Os viños brancos e rosados deben ter un período mínimo de envellecemento de 18 meses, dos cales deben permanecer polo menos 6 meses en barricas de carballo da mesma capacidade máxima.
2. **Reserva:** viños, salvo os espumosos, viños de agulla e viños de licor, que cumpren as condicións seguintes:
  - Os viños tintos deben ter un período mínimo de envellecemento de 36 meses, dos cales deben permanecer polo menos 12 meses en barricas de carballo dunha capacidade máxima de 330 l, e en botella o resto deste período;
  - Os viños brancos e rosados deben ter un período mínimo de envellecemento de 24 meses, dos cales deben permanecer polo menos 6 meses en barricas de carballo da mesma capacidade máxima e en botella o resto deste período.
3. **Gran reserva:** viños, salvo os espumosos, viños de agulla e viños de licor, que cumpren as condicións seguintes:
  - Os viños tintos deben ter un período mínimo de envellecemento de 60 meses, dos cales deben permanecer polo menos 18 meses en barricas de carballo dunha capacidade máxima de 330 l, e en botella o resto deste período;
  - Os viños brancos e rosados deben ter un período mínimo de envellecemento de 48 meses, dos cales deben permanecer polo menos 6 meses en barricas de carballo da mesma capacidade máxima, e en botella o resto deste período.

Ademais, nestes casos:

1. Será obrigatorio indicar o ano da colleita<sup>65</sup>.
2. Indicaranse en caracteres de tamaño igual ou inferior ao dos utilizados no nome xeográfico<sup>66</sup>.

<sup>63</sup> Ver Lei 6/2015, disposición adicional segunda, "Indicacións relativas ás características dos viños".

<sup>64</sup> <https://ec.europa.eu/info/food-farming-fisheries/food-safety-and-quality/certification/quality-labels/geographical-indications-register/tdt>

<sup>65</sup> Ver Real decreto 1363/2011, art. 23.

<sup>66</sup> Ver Real decreto 1363/2011, art. 21.

b. A mención **“fermentación en botella”** só se poderá utilizar para a designación de viños espumosos a condición de que<sup>67</sup>:

1. O produto utilizado se fixese espumoso nunha segunda fermentación alcohólica en botella.
2. A duración do proceso de elaboración que inclúa o envellecemento na empresa de produción, calculada a partir da fermentación destinada a facer o viño base espumoso, non sexa inferior a nove meses.
3. A duración da fermentación destinada a facer o viño base espumoso e a duración da presenza do viño base nas lías fosen, como mínimo, de 90 días.
4. O produto fose retirado das lías por filtración segundo o método de transvasamento ou por degolamento

c. As mencións **“fermentación en botella segundo o método tradicional”, “método tradicional”, “método clásico” ou “método clásico tradicional”** só poderán utilizarse para a designación de viños espumosos a condición de que<sup>68</sup>:

1. Se fixese espumoso nunha segunda fermentación alcohólica en botella.
2. Permanecese sen interrupción en lías e na mesma empresa durante polo menos nove meses a partir da constitución do viño base.
3. Fose retirado das lías por degolamento.

d. As referencias á **produción ecolóxica** das uvas están reguladas polo Regulamento (CE) n° 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos<sup>69</sup>, desenvolto polo Regulamento (CE) n° 889/2008 da Comisión, do 5 de setembro de 2008, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n° 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos.

Nota: Este Regulamento (CE) 834/2007 foi derogado polo Regulamento (UE) n° 2018/848 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, sobre produción ecolóxica e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos, e polo que se derroga o Regulamento (CE) 834/2007 do Consello, con entrada en vigor na data 1 de xaneiro de 2021.

<sup>67</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 53.

<sup>68</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 53.

<sup>69</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 53.

e. Outros métodos de produción. En España, a normativa nacional reserva as seguintes indicacións para certas categorías de viños con DOP ou IXP e métodos de produción (na táboa seguinte exclúuse a categoría “viños de licor”)<sup>70</sup>:

Indicación	Categoría de produto	Condições de utilización
Maceración carbónica	Viños con DOP ou IXP	Aplicable aos viños en cuxo proceso de fermentación se seguiu o devandito método
Naturalmente doce	Viños con DOP e viños con IXP de uvas sobremaduradas	Aplicable aos viños con DOP elaborados sen aumento artificial da súa graduación e co alcohol procedente na súa totalidade da fermentación, cun grao alcohólico volumétrico natural superior a 15% vol. e un grao alcohólico volumétrico adquirido non inferior a 13% vol., e tamén aos viños con IXP de uva sobremadurada
Vendima tardía	Viños de uvas sobremaduradas con DOP ou IXP	
Vendima seleccionada	Viños con DOP Viños con IXP: viños de uvas sobremaduradas, viños de licor e viños de agulla	Aplicable aos viños con denominación de orixe ou indicación xeográfica protexidas, para os que a elección da uva utilizada na súa elaboración se realizou seguindo criterios ou normas especiais

5. Indicación da **explotación vitícola**<sup>71</sup>.

O Regulamento delegado (UE) 2019/33 establece certas consideracións para os termos que fagan referencia a unha explotación vitícola enumerados no anexo VI do dito regulamento, distintos da indicación do nome do embotellador, produtor ou vendedor, e que estarán reservados aos produtos vitivinícolas con denominacións de orixe ou indicacións xeográficas protexidas.

Os ditos termos deberán utilizarse unicamente se o produto vitivinícola se elaborou exclusivamente con uvas cultivadas en viñas que pertenzan a esa explotación vitícola, e a vinificación se efectuou enteiramente nesa explotación.

Os Estados membros regularán o uso dos seus respectivos termos enumerados no anexo VI. Os terceiros países establecerán normas de utilización aplicables aos seus respectivos termos enumerados no anexo VI, incluídas as que emanen de organizacións profesionais representativas.

<sup>70</sup> Ver Real decreto 1363/2011, art. 17.

<sup>71</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 54.

Os operadores que interveñan na comercialización dos produtos vitivinícolas producidos en tal explotación só poderán utilizar o nome da explotación na etiquetaxe e a presentación deses produtos vitivinícolas se a explotación en cuestión está de acordo coa dita utilización.

No entanto, ata a data, España non ten regulado ningún termo deste tipo. En Portugal, por exemplo, están regulados os termos "casa", " herdade", " paço", "palacio", "quinta" e "solar", que son similares a outros utilizados nas marcas e a etiquetaxe dos viños galegos e españois.

6. **Referencias a unidades xeográficas** menores ou máis amplas que as abarcadas pola denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida<sup>72</sup>. A etiqueta poderá incluír unha referencia ao nome dunha unidade xeográfica menor ou máis ampla (localidade ou grupo de localidades, municipio ou parte dun municipio, subrexión ou parte da subrexión vitivinícola ou zona administrativa) que a zona da denominación de orixe ou a indicación xeográfica.

Polo que respecta aos produtos vitivinícolas producidos nunha unidade xeográfica menor, polo menos o 85 % das uvas<sup>73</sup> coas que se elaborou o produto vitivinícola deberá proceder desa unidade xeográfica menor, e o 15% das uvas restantes utilizadas na produción procederán da zona xeográfica delimitada da denominación de orixe ou indicación xeográfica de que se trate.

Algúns consellos reguladores establecen, nos seus pregos de condicións, requisitos específicos para facer constar na etiquetaxe o nome da unidade xeográfica menor (é o caso das subzonas existentes na DO Rías Baixas e a DO Ribeira Sacra).

Con respecto ás unidades xeográficas maiores que a zona abarcada pola DOP, actualmente non hai ningunha regulada para a Comunidade Autónoma de Galicia.

7. **Símbolos comunitarios da DOP e IXP.**

Aínda que non figura na sección 2, "Indicacións facultativas", do Regulamento delegado (UE) 2019/33, no seu artigo 22 dáse a entender que os operadores inscritos na DOP ou IXP poderían utilizar os símbolos comunitarios para viños con DOP ou IXP (ver figura 5.4.1).

A utilización destes símbolos no sector do viño español é voluntaria<sup>74</sup>.

Nota: Ningún dos pregos de condicións das DOP galegas establece nada respecto ao uso destes símbolos na etiquetaxe, nin son habitualmente utilizados.

<sup>72</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 55.

<sup>73</sup> Nesa cifra non se inclúran produtos utilizados na edulcoración, licores de expedición e de tiraxe, ou determinados produtos que se utilizan na elaboración de viños de licor.

<sup>74</sup> [https://administracion.gob.es/pag\\_Home/Tu-espacio-europeo/derechos-obligaciones/empresas/inicio-gestion-cierre/derechos/denominaciones-origen.html](https://administracion.gob.es/pag_Home/Tu-espacio-europeo/derechos-obligaciones/empresas/inicio-gestion-cierre/derechos/denominaciones-origen.html)




Figura 5.4.1 Símbolos comunitarios de DOP e IXP (Fonte: Regulamento delegado (UE) 664/2014, anexo<sup>75</sup>)

8. Para indicar a presenza de elementos **alérxenos**, concretamente sulfitos, ovo, produtos a base de ovo, leite e/ou derivados do leite, poderá utilizarse o correspondente pictograma (ver Figura 5.4.2)<sup>76</sup>. Debe terse en conta que o uso dos pictogramas non substitúe a indicación dos alérxenos, que debe expresarse sempre no texto (ver apdo. 5.4.2.1).




Figura 5.4.2 Pictogramas relativos á presenza de alérxenos

(Fonte: Regulamento delegado (UE) 2019/33, anexo I, parte B)

<sup>75</sup> Regulamento delegado (UE) n° 664/2014 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao establecemento dos símbolos da Unión para as denominacións de orixe protexidas, as indicacións xeográficas protexidas e as especialidades tradicionais garantidas e no que atinxe a determinadas normas sobre a procedencia, certas normas de procedemento e determinadas disposicións transitorias adicionais.

<sup>76</sup> Ver Regulamento delegado (UE) 2019/33, art. 41.



En particular, para indicar a presenza de ovo, produtos a base de ovo, leite e/ou derivados do leite, ademais da obrigatoria indicación en lingua española, poderá indicarse de maneira complementaria, en calquera das demais linguas sinaladas anteriormente (inglesa, francesa, italiana e portuguesa)<sup>77</sup>.

9. Mencións relativas a **unha cor particular**. En España están reguladas<sup>78</sup> as mencións:

- Branco
- Branco de uva branca
- Branco de uva tinta
- Rosado<sup>79</sup>
- Clarete
- Tinto


10. **Signo CE "e"**. Este signo certifica, baixo a responsabilidade do envasador, que o envase cumpre coas disposicións do Real decreto 1801/2008, do 3 de novembro, polo que se establecen normas relativas ás cantidades nominais para produtos envasados e ao control do seu contido efectivo, podendo incluírse nos envases que respondan ás modalidades de control estatístico de lotes establecidas no citado real decreto.

O signo CE "e", dunha altura mínima de 3 milímetros, colócase no mesmo campo visual que a indicación da masa ou volume nominais, e toma a forma representada polo debuxo da figura 5.4.3.

As dimensións deste debuxo exprésanse en función da unidade que representa o diámetro do círculo circunscrito á letra "e".

Figura 5.4.3 Signo CE "e"

(Fonte: Real decreto 1801/2008, art. 9)



<sup>77</sup> Acordo adoptado polo Instituto Nacional do Consumo (INC) e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, na reunión celebrada o 11 de xuño de 2012, o cal foi comunicado oficialmente á DG – AGRI da Comisión Europea.

<sup>78</sup> Ver RD 1363/2011, art. 12 e anexo I.

<sup>79</sup> En relación coa mención "Rosado", "a mestura dun viño branco sen DOP ou IXP cun viño tinto sen DOP ou IXP non poderá dar lugar a un viño rosado" (Regulamento delegado (UE) nº 2019/934, art. 8).

11. **Símbolo do punto verde.** A inclusión deste símbolo na etiqueta significa que a compañía que fabricou e envasou o produto está financiado cunha cota por cada envase que pon no mercado o sistema de reciclaxe de envases de vidro que xestiona Ecovidrio, cumprindo así co Principio de responsabilidade ampliada do produtor.

Polo tanto, este símbolo actúa como información e garantía para os cidadáns e administracións públicas que ese envase cumpre coa lexislación e que o envasador financia o sistema integrado de xestión de residuos.

Ao respecto, véase a parte 6, "Requisitos relativos a residuos de envases", e en particular o apdo. 6.3, "Requisitos xerais", de esta guía.

12. **Marca comercial.** A marca comercial é, en principio, facultativa, aínda que os pregos de condicións adoitan facela obrigatoria na etiquetaxe.

As marcas comerciais deben cumprir o disposto na Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, así como cos requisitos establecidos no Regulamento (UE) 1308/2013, no Regulamento delegado (UE) 2019/33 e no Regulamento (UE) 2017/1001.

13. As demais de cumprimento facultativo establecidas no prego de condicións aplicable ao operador.

**CASO PRÁCTICO**

A nosa adega, UVAS BRANCAS, S.L., lanza un viño baixo a marca "La Zorra y las Uvas" na Denominación de Orixe Rías Baixas. A etiquetaxe compoñerese dunha etiqueta frontal e dunha contraetiqueta (ou etiqueta traseira), cuxos esbozos, enviados ao Consello Regulador para a súa aprobación, móstranse na figura 5.4.4.




Figura 5.4.4 Esbozos presentados (Fonte: elaboración propia a partir de material proporcionado polo Consello Regulador da DO Rías Baixas)

Nota: Neste exemplo non entraremos en consideracións sobre incorreccións nos tamaños dos caracteres, por cuestións de edición e para evitar confusións ao lector, pero é un dos tipos de incorreccións máis habituais nos esbozos que as adegas presentan para a súa autorización.

O Consello Regulador non aproba a etiqueta, ao presentar esta unha serie de erros, que se reflicten na figura 5.4.5.

**Etiqueta frontal**



**Non figura o ano de colleita** (na DO Rías Baixas a indicación do ano da colleita é obrigatoria, excepto para os espumosos de calidade, e o tamaño dos caracteres ha de ser  $\geq 3$  mm)

**Non todas as indicacións obrigatorias figuran no mesmo campo visual.** A indicación "Producto de España" está na etiqueta frontal, mentres que todas as demais están na etiqueta traseira

**Etiqueta traseira**



**A categoría de protección "Denominación de Origen" e o nome xeográfico (Rías Baixas) non aparecen inmediatamente próximos,** senón separados pola palabra "Albariño"

**Non se inclúe nº de lote.** Aínda que nun esbozo isto non é imprescindible, dado que adoita imprimirse mediante un loteador sobre a etiqueta, debe preverse a súa localización

**Non aparece o nome do Estado membro (España),** si o municipio e a provincia (esta última non é obrigatoria)

**O grao alcohólico volumétrico adquirido presenta dous erros:**

- Utilízase o símbolo "º vol.," que é incorrecto; debe utilizarse "% vol."
- Deben utilizarse unidades ou medias unidades porcentuais: a indicación 12,1 % vol. non é correcta; debe utilizarse 12 % vol. ou 12,5 % vol.

Figura 5.4.5 Incorreccións nos esbozos presentados

(Fonte: elaboración propia a partir de material proporcionado polo Consello Regulador da DO Rías Baixas)

Unha vez efectuadas as correccións, os esbozos definitivos son os da figura 5.4.6.




Figura 5.4.6 Esbozos correctos (Fonte: elaboración propia a partir do material proporcionado polo Consello Regulador da DO Rías Baixas)

Como pode verse no exemplo, todas as indicacións obrigatorias están agora no mesmo campo visual da botella (etiqueta traseira), mesmo tamén a mención á presenza de sulfitos e o número de lote, que non terían por que estar no mesmo campo visual.

### 5.4.2.3 INDICACIONES PARA A EXPORTACIÓN

Para a etiquetaxe de produtos destinados á exportación serán de aplicación, ademais das anteriores, as indicacións da normativa vixente en cada país de destino.

Un exemplo son as advertencias de tipo sanitario. Algúns países, como Estados Unidos, obrigan a incluír na etiquetaxe un *Government Warning* (figura 5.4.7) que advirte de posibles efectos adversos para as mulleres en estado de xestación (incluso imponendo un logotipo respecto diso, ver figura 5.4.8) e para a capacidade de condución, así como outros problemas de saúde.

Figura 5.4.7  
*Government warning*  
(Fonte: ivanvino.com)




Figura 5.4.8 Exemplo  
de logotipo indicativo  
de que o produto  
pode ser inapropiado  
durante a xestación  
(Fonte: vectorstock.com)



Se algunha das indicacións da normativa vixente no país de destino entra en conflito coas normas da UE, pode incorporarse á etiquetaxe se así o esixe a lexislación do terceiro país de que se trate.

Estas indicacións poden aparecer en linguas distintas das oficiais na UE.

### 5.4.3. Outros requisitos sobre etiquetaxe propios do Estado español

A Lei 6/2015, do 12 de maio, de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas de ámbito territorial supraautonómico, establece a obriga, para os operadores, de

comunicar as etiquetas comerciais ante o órgano de xestión (o Consello Regulador correspondente), polo menos quince días antes da súa posta en circulación. Ante tal comunicación, o órgano de xestión poderá presentar observacións<sup>80</sup>.

#### 5.4.4. Outros requisitos sobre a etiquetaxe propios da Comunidade Autónoma de Galicia

Os requisitos autonómicos que afectan a etiquetaxe están contemplados, esencialmente, na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, e no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores.

##### 5.4.4.1. Lei 2/2005

A Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, establece unha serie de requisitos relacionados coa etiquetaxe.

Por unha banda, establécense obrigas para os operadores alimentarios (entre eles, as adegas):

1. *Informar o receptor ou consumidor sobre as características esenciais e condicións de produción e distribución dos produtos alimentarios ou as materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias*<sup>81</sup>.
2. *Igualmente, asegurarán que a información relativa á etiquetaxe, publicidade e presentación, incluída a súa forma, aparencia ou envasado e os materiais de envasado dos produtos alimentarios ou as materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias, non inducen a engano aos receptores e consumidores*<sup>82</sup>.
3. *Dispoñer dos elementos necesarios que demostren a veracidade e exactitude das informacións facilitadas ou que figuren na etiquetaxe, os documentos de acompañamento, os documentos comerciais, a publicidade e a presentación dos produtos alimentarios, materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias que comercialicen, así como dos produtos utilizados na súa produción ou transformación*<sup>83</sup>.
4. *No caso de que unha mesma marca, nome comercial ou razón social sexa utilizada para a comercialización dun produto con denominación xeográfica de calidade e outro ou outros de similar especie que carezan da devandita denominación de calidade, haberá de*

<sup>80</sup> Lei 6/2015, art. 25.

<sup>81</sup> Lei 2/2005, art. 5.

<sup>82</sup> Lei 2/2005, art. 9.

<sup>83</sup> Lei 2/2005, art. 9.

*introducirse na etiquetaxe, presentación e publicidade destes produtos elementos suficientes que permitan diferenciar de maneira clara e sinxela o produto con denominación do que non a ten, para evitar, en todo caso, a confusión nos consumidores*<sup>84</sup>.

#### 5.4.3.2. Decreto 4/2007

O Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, establece tamén, no seu artigo 13, unha serie de requisitos para a etiquetaxe:

1. *As etiquetas comerciais de cada produto, antes da súa posta en circulación, **deberán ser autorizadas polo correspondente Consello Regulador**, que comprobará os aspectos relativos á denominación xeográfica e á súa normativa específica.*

Aínda que este punto limita a obriga dos consellos reguladores a comprobar o cumprimento dos requisitos relativos á denominación de orixe e á súa normativa específica, a realidade é que os consellos reguladores adoitan revisar o cumprimento coa lexislación xeral en materia de etiquetaxe.

Aínda así, e como xa se dixo anteriormente, debe quedar moi claro que a responsabilidade sobre o cumprimento dos requisitos legais da etiquetaxe é exclusiva do operador, ou de ambos os dos operadores solidariamente en caso de embotellamento por encargo<sup>85</sup>. Tamén o é comunicar ao Consello Regulador as modificacións da etiquetaxe, cando se realicen, para que o Consello Regulador poida facer unha nova comprobación (na medida do necesario) e autorizalas. É dicir, non só se teñen que autorizar as etiquetas totalmente novas, senón tamén as modificacións das xa autorizadas<sup>86</sup>.

2. *Non se poderán autorizar as etiquetas incorrectas ou que por calquera causa poidan inducir á confusión ao consumidor e prohibiranse as que resulten contrarias aos dereitos constitucionais da infancia, a muller e a xuventude. Tamén poderá ser revogada a autorización dunha xa concedida anteriormente, cando variasen as circunstancias da firma propietaria dela, instruándose o oportuno expediente conforme as normas recollidas no Manual de calidade, procedementos operativos e instrucións técnicas.*

Isto significa que os consellos reguladores teñen a potestade de denegar a autorización dunha etiquetaxe, non só por incumprimento de indicacións, dimensións, etc., senón tamén sempre que o consideren xustificado por algunha destas razóns.

3. *En todo caso, respectaranse as competencias que correspondan a outras institucións en materia de supervisión do cumprimento das normas xerais de etiquetaxe.*

<sup>84</sup> Lei 2/2005, art. 9.

<sup>85</sup> Ver Decreto 158/2011, art. 30.

<sup>86</sup> Sobre isto, cada Consello Regulador pode establecer normativa ou instrucións específicas.



4. Ademais, nas etiquetas comerciais do produto deberá figurar obrigatoriamente e de forma destacada a mención correspondente á denominación xeográfica de que se trate, así como os datos que, con carácter xeral, se determinan na lexislación vixente.

A maioría dos consellos reguladores establecen, nos seus pregos de condicións, dimensións mínimas para o nome xeográfico da súa denominación de orixe.

## 5.5. Precintas de garantía

O Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, da Xunta de Galicia, determina o seguinte no seu artigo 70.3:

- *Todos os produtos, nas súas distintas presentacións, levarán unha precinta de garantía, etiqueta ou contraetiqueta, que será controlada, subministrada e expedida polo órgano de control e certificación, de acordo coas normas propias da denominación. O devandito distintivo será colocado antes da expedición e de forma que facilite a identificación do produto certificado e, na medida do posible, que protexa a denominación da súa utilización fraudulenta. Non obstante o anterior, cando así se recolla nas normas específicas da denominación e se establezan adecuados mecanismos de control da rastrexabilidade, o distintivo poderá ser aplicado fóra das instalacións industriais inscritas no Consello Regulador.*

A esa "precinta de garantía, etiqueta ou contraetiqueta" (en ocasións tamén denominado "marchamo") denomínaselle habitualmente no sector "tirilla" ou "contraetiqueta" (termo este último un tanto inadecuado, pois confúndese coa auténtica contraetiqueta, ou etiqueta traseira, que a maioría dos produtos leva). Para evitar confusións, nesta guía denominarémola unicamente "precinta de garantía". É un elemento da etiquetaxe, que garante que un determinado produto conta coa certificación do Consello Regulador correspondente, é dicir, que cumpre con todas as disposicións técnicas e/ou legais establecidas pola denominación de orixe correspondente, comprobadas polo Consello Regulador nas súas actividades de control. Na figura 5.5.1 móstrase un exemplo.



Figura 5.5.1 Precinta de garantía

(Fonte: Consello Regulador DO Rías Baixas)

As precintas de garantía só poden ser concedidas polo Consello Regulador, e normalmente só poden ser recollidas nas súas instalacións.

Cada Consello Regulador establece os seus propios mecanismos relativos á xestión das precintas de garantía (solicitude, entrega, rastrexabilidade, solicitudes adicionais en caso de deterioración, obriga ou non de devolución no caso de que sobren, etc.).

Na maioría deles, as precintas de garantía son “tirillas” independentes do resto da etiquetaxe, que o operador debe colocar durante a fase de etiquetaxe dos seus produtos. Nalgúns consellos reguladores, en cambio, permítense integracións das “tirillas” na propia etiquetaxe en certos casos (etiquetaxes “envolventes”, botellas de pequeno volume, etc.).

## 5.6. Infraccións

As infraccións por incumprimento dos requisitos relativos a nomes comerciais, marcas comerciais e etiquetaxe están recollidas na Lei 6/2015, do 12 de maio, de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas de ámbito territorial supraautonómico, a Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, e a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

### 5.6.1. Infraccións segundo a Lei 6/2015

Segundo a Lei 6/2015, as infraccións poden categorizarse como leves, graves e moi graves.

Son infraccións leves<sup>87</sup> as seguintes:

- *A expresión en forma distinta á indicada no respectivo prego de condicións ou na normativa específica de indicacións obrigatorias ou facultativas na etiquetaxe ou na presentación dos produtos regulados nesta lei.*
- *A non presentación de etiquetas comerciais á entidade de xestión, cando esta teña recoñecida tal función.*

Son infraccións graves<sup>88</sup>:

- *A falta de etiquetas, a omisión nestas de indicacións obrigatorias ou a súa rotulación de forma non indeleble cando fosen preceptivas para aqueles produtos amparados por unha DOP ou IXP.*
- *A utilización na etiquetaxe, presentación ou publicidade dos produtos regulados nesta lei, de denominacións, indicacións, cualificacións, expresións ou signos que non cumbran*

<sup>87</sup> Lei 6/2015, art. 30.

<sup>88</sup> Lei 6/2015, art. 31.

*co establecido na normativa específica da DOP ou IXP ou induzan a confusión, salvo o previsto nas infraccións moi graves.*

- *O incumprimento das normas específicas da DOP ou IXP sobre características, prácticas de produción, elaboración, transformación, conservación, almacenamento, transporte, etiquetaxe, envasado ou presentación.*
- *A expedición, comercialización ou circulación de produtos amparados por unha DOP ou IXP ou as súas materias primas sen estar provistos das contraetiquetas, precintos numerados ou calquera outro medio de control establecido para o tipo de protección correspondente.*
- *A produción, elaboración, envasado, etiquetaxe ou comercialización de produtos amparados por unha DOP ou IXP en establecementos, explotacións, parcelas, instalacións ou industrias non inscritas nos rexistros da correspondente DOP ou IXP.*

Son infraccións moi graves<sup>89</sup>:

- *A utilización, cando non se teña dereito a iso, de indicacións, nomes, nomes comerciais, marcas, símbolos ou emblemas que fagan referencia aos nomes amparados por unha DOP ou IXP, ou que, pola súa similitude fonética ou gráfica cos nomes protexidos ou cos signos ou emblemas que sexan característicos, poidan inducir a confusión sobre a natureza, calidade ou orixe xeográfica dos produtos agrarios e alimentarios, aínda que vaian precedidos polos termos «tipo», «estilo», «xénero», «imitación», «sucedáneo» ou outros análogos.*
- *O uso dos nomes protexidos nos produtos aos que expresamente se lles negou, así como o incumprimento do preceptuado nos apartados 2 e 3 do artigo 13.*
- *A indebida tenza, negociación ou utilización de documentos, etiquetas, contraetiquetas, precintas e outros elementos de identificación propios da DOP ou IXP, contemplados no prego de condicións ou utilizados no seu control.*

*Exclusivamente para os supostos de indebida tenza ou utilización de etiquetas, contraetiquetas, precintas e outros elementos de identificación poderase establecer unha **marxe de tolerancia dun máximo do 3%**.*

- *A ausencia nas etiquetas e presentación dos produtos agroalimentarios da DOP e IXP dos elementos suficientes para diferenciar claramente a súa cualificación e procedencia, co fin de evitar producir confusión nos consumidores, derivada da utilización dunha mesma marca, nome comercial ou razón social na comercialización de tales produtos correspondentes a distintas DOP e IXP ou procedentes de diferentes ámbitos xeográficos.*

<sup>89</sup> Lei 6/2015, art. 32.

Por outra banda, en canto á responsabilidade nas infraccións<sup>90</sup>:

- *Salvo que a normativa europea prevea un réxime diferente, das infraccións en produtos envasados serán responsables as firmas ou razóns sociais, incluído o distribuidor, que figuren na etiqueta, ben nominalmente ou mediante calquera indicación que permita a súa identificación certa. Exceptúanse os casos en que se demostre falsificación ou mala conservación do produto polo tedor, sempre que se especifiquen na etiquetaxe as condicións de conservación.*
- *Así mesmo, será responsable solidario o elaborador, fabricante ou envasador que non figure na etiqueta se se proba que coñecía a infracción cometida e prestou o seu consentimento.*
- *No caso de que se falsificasen as etiquetas, a responsabilidade corresponderá ao falsificador e a quen coñecendo a falsificación comercialice os produtos.*
- *Das infraccións nos produtos a granel, ou envasados sen etiqueta, ou cando na etiqueta non figure ningunha firma ou razón social, será responsable o seu tedor, excepto cando se poida identificar de maneira certa a responsabilidade dun tedor anterior, todo iso sen prexuízo da responsabilidade que corresponda ao actual.*

### 5.6.2. Infraccións segundo a Lei 24/2003

A Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, clasifica tamén as infraccións en leves, graves e moi graves<sup>91</sup>.

Son infraccións leves<sup>92</sup>:

- *A falta dalgunha das indicacións obrigatorias na etiquetaxe ou presentación dos produtos, salvo o previsto no parágrafo e) do artigo seguinte, ou a súa expresión en forma distinta á regulamentaria*

Son infraccións graves<sup>93</sup>:

- *A omisión na etiqueta da razón social responsable, ou a falta de etiquetas ou rotulación indeleble que fosen preceptivas, ou a utilización de envases ou embalaxes que non reúnan os requisitos esixidos polas disposicións vixentes.*
- *A utilización na etiquetaxe, presentación ou publicidade dos produtos, das denominacións, indicacións, cualificacións, expresións ou signos que non correspondan ao produto ou induzan a confusión, salvo o previsto nos parágrafos a) e c) do apartado 2 do artigo*

<sup>90</sup> Lei 6/2015, art. 33.

<sup>91</sup> Lei 24/2003, art. 37.

<sup>92</sup> Lei 24/2003, art. 38.

<sup>93</sup> Lei 24/2003, art. 39.

*seguinte. En particular, a utilización, cando non se teña dereito a iso, das mencións sobre envellecemento reguladas no parágrafo a) do artigo 3, ou das mencións reservadas a viños de calidade producidos nunha rexión determinada v.c.p.r.d. distintas ás reguladas no parágrafo b) do mesmo artigo.*

En particular, para operadores inscritos nunha DOP ou IXP:

- *O incumprimento das normas específicas do nivel de protección, sobre prácticas de produción, elaboración, transformación, conservación, transporte, acondicionamento, etiquetaxe, envasado e presentación.*
- *A expedición, comercialización ou circulación de viños amparados sen estar provistos das contraetiquetas, precintas numeradas ou calquera outro medio de control establecido pola norma reguladora do nivel de protección.*
- *Efectuar operacións de elaboración, envasado ou etiquetaxe de viños amparados en instalacións non inscritas no nivel de protección correspondente nin autorizadas.*

Son infraccións moi graves<sup>94</sup>:

- *A non introdución nas etiquetas e presentación dos viños dos elementos suficientes para diferenciar claramente a súa cualificación e procedencia, co fin de evitar confusión nos consumidores, derivada da utilización dunha mesma marca, nome comercial ou razón social na comercialización de viños correspondentes a distintos niveis de protección ou procedentes de diferentes ámbitos xeográficos.*
- *A utilización, cando non se teña dereito a iso, de indicacións, nomes comerciais, marcas, símbolos ou emblemas que fagan referencia aos nomes amparados por un nivel de protección, ou que, pola súa similitude fonética ou gráfica cos nomes protexidos ou cos signos ou emblemas que lle sexan característicos, poidan inducir a confusión sobre a natureza, calidade ou orixe dos produtos, aínda que vaian precedidos polos termos "tipo", "estilo", "xénero", "imitación", "sucedáneo" ou outros análogos.*
- *A utilización, cando non se teña dereito a iso, das mencións reservadas a viños de calidade producidos nunha rexión determinada (v.c.p.r.d.) reguladas no parágrafo b) do artigo 3.*
- *O uso dos nomes protexidos nos produtos aos que expresamente se lles negou, así como as infraccións dos artigos 18.2 e 18.3.*
- *A indebida tenza, negociación ou utilización dos documentos, etiquetas, contraetiquetas, precintas e outros elementos de identificación propios do v.c.p.r.d., así como a falsificación destes, sempre que isto non sexa constitutivo de delito ou falta.*

<sup>94</sup> Lei 24/2003, art. 40.

Por outra banda, en canto á responsabilidade das infraccións<sup>95</sup>:

- *Das infraccións nos produtos envasados serán responsables as firmas ou razóns sociais que figuren na etiqueta, ben nominalmente ou ben mediante calquera indicación que permita a súa identificación certa.*
- *Así mesmo, será responsable solidario o elaborador, fabricante ou envasador que non figure na etiqueta se se proba que coñecía a infracción cometida e que prestou o seu consentimento. No caso de que se falsificasen as etiquetas, a responsabilidade corresponderá ás persoas que comercialicen os produtos a propósito da falsificación.*
- *Das infraccións nos produtos a granel, ou envasados sen etiqueta, ou cando na etiqueta non figure ningunha firma ou razón social, será responsable o seu tedor, excepto cando se poida identificar de maneira certa a responsabilidade dun tedor anterior, sen prexuízo da responsabilidade que corresponda ao actual.*

### 5.6.3. Infraccións segundo a Lei 2/2005

Segundo a Lei 2/2005, as infraccións poden clasificarse tamén en leves, graves ou moi graves<sup>96</sup>.

No que respecta á etiquetaxe, son infraccións leves<sup>97</sup>:

- *As inexactitudes, erros ou omisións de datos ou informacións na etiquetaxe, documentos de acompañamento, documentos comerciais, rexistros, rotulación, presentación e embalaxe dos produtos alimentarios ou as materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias, cando estas inexactitudes, erros ou omisións non afecten a natureza, identidade, calidade, características, composición, procedencia ou orixe destes.*
- *A falta de autorización para etiquetar nos supostos en que esta autorización sexa preceptiva ou que as indicacións que consten non sexan as autorizadas.*

Son infraccións graves<sup>98</sup>:

- *A omisión na etiqueta da razón social responsable.*
- *As inexactitudes, erros ou omisións de datos ou informacións na etiquetaxe, documentos de acompañamento, documentos comerciais, rexistros, rotulación, presentación e embalaxes, cando esas inexactitudes, erros ou omisións afecten a natureza, identidade, calidade, características, composición, procedencia ou orixe dos produtos.*

<sup>95</sup> Lei 24/2003, art. 41.

<sup>96</sup> Lei 2/2005, art. 66.

<sup>97</sup> Lei 2/2005, art. 67.

<sup>98</sup> Lei 2/2005, art. 68.

- *A imposibilidade de demostrar a exactitude das informacións que consten na etiquetaxe, documentos de acompañamento ou documentos comerciais, así como dos produtos utilizados na súa produción ou transformación.*
- *A comercialización de produtos ou materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias sen a etiquetaxe correspondente, documentos de acompañamento, documentos comerciais, rotulación, presentación, embalaxes, envases ou recipientes que sexan preceptivos, ou ben que a información que conteñan induza a engano aos seus receptores ou consumidores.*
- *A utilización na etiquetaxe, envases, embalaxes, presentación, oferta, publicidade dos produtos alimentarios ou as materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias de indicacións, razóns sociais, nomes ou denominacións comerciais, expresións, signos, marcas, símbolos, emblemas, denominacións, designacións, cualificacións, clases de produto, indicacións de orixe ou procedencia, indicacións sobre o sistema de produción ou elaboración que:*
  - a. Non correspondan ao produto e/ou que, pola súa similitude fonética, gráfica ou ortográfica, poidan inducir a confusión, aínda que vaian precedidos polos termos «tipo», «estilo», «xénero», «imitación», «sucedáneo» ou outros análogos.*
  - b. Non correspondan á verdadeira identidade do operador.*
  - c. Non correspondan ao verdadeiro lugar de produción, fabricación, elaboración, envasado, comercialización ou distribución.*
  - d. Non poidan ser verificados.*

(Todo o anterior enténdese sen prexuízo do establecido no punto 1 do artigo 69).

Son infraccións moi graves<sup>99</sup>:

- *A utilización, cando non se teña dereito a iso, de indicacións, nomes comerciais, marcas, símbolos ou emblemas que fagan referencia aos nomes protexidos por unha denominación xeográfica ou outras figuras de protección da calidade alimentaria ou que, pola súa similitude fonética ou gráfica cos nomes protexidos ou os signos ou emblemas característicos, poidan inducir a confusión sobre a natureza, calidade ou orixe dos produtos, aínda que vaian acompañados dos termos «tipo», «estilo», «xénero», «imitación», «sucedáneo» ou outros análogos.*
- *Non introducir nas etiquetas e presentación dos produtos alimentarios os elementos suficientes para diferenciar claramente a súa cualificación e procedencia, coa fin de evitar confusión nos consumidores, derivada da utilización dunha mesma marca, nome comercial ou razón social na comercialización de produtos incluídos nunha determinada denominación xeográfica ou outro indicativo de calidade e noutros que non o están.*

<sup>99</sup> Lei 2/2005, art. 69.



- *A indebida tenza, negociación ou utilización de documentos, precintas, etiquetas ou outros elementos de identificación propios das denominacións xeográficas ou outras figuras de protección da calidade alimentaria, así como a falsificación destes.*

Por outra banda, en canto á responsabilidade das infraccións<sup>100</sup>:

- *Presumiranse responsables das infraccións nos produtos envasados, etiquetaxes ou pechados con peche íntegro os seguintes:*
  - a) A firma ou razón social que figure na etiqueta ou documentos de acompañamento, sexa nominalmente ou mediante calquera indicación que permita a súa identificación certa, agás que se demostre que o tedor falsificou ou non conservou correctamente o produto, sempre que na etiquetaxe se especificasen as condicións de conservación.*
  - b) Tamén será responsable o elaborador ou fabricante que non figura na etiquetaxe ou documentos de acompañamento, se se proba a conivencia. No suposto de que se falsificase a etiquetaxe ou documentos de acompañamento, a responsabilidade corresponderá a quen o falsificase.*
  - c) Quen comercialice produtos non conformes, se da etiquetaxe ou documentos de acompañamento se deducise directamente a infracción.*
  - d) Se o produto envasado non achegase os datos necesarios para identificar o responsable, conforme o disposto na normativa vixente, será considerado responsable quen comercializou o produto, salvo que puidese identificarse o envasador, sen prexuízo da responsabilidade que corresponda ao tedor.*
- *Presumirase responsable das infraccións nos produtos a granel ou envasados sen etiqueta ou cando na etiqueta non figure ningunha firma ou razón social ao seu tedor, excepto cando poida identificarse de maneira certa a responsabilidade dun tedor anterior, e sen prexuízo da responsabilidade que corresponda ao actual.*

<sup>100</sup> Lei 2/2005, art. 70.



# Requisitos relativos aos residuos de envases

Esta parte recolle os requisitos administrativos derivados da xeración de residuos de envases dos produtos comercializados polas adegas.

Estes requisitos teñen como obxectivo reducir o impacto ambiental causado polos residuos dos envases, e establécense, fundamentalmente, na Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, e o Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases (aprobado polo Real decreto 782/1998, do 30 de abril).

### 6.1. Base normativa

Os requisitos legais relativos aos residuos de envases están recollidos, esencialmente, nas seguintes disposicións legais vixentes no momento de redactar este documento:

- a. A nivel comunitario (Unión Europea):
  - Directiva 94/62/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 1994, relativa aos envases e residuos de envases.
  - Directiva (UE) 2018/850 do Parlamento Europeo, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 1999/31/CE relativa á vertedura de residuos.
  - Directiva (UE) 2018/851 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre os residuos.



- Directiva (UE) 2018/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 94/62/CE relativa aos envases e residuos de envases.

b. A nivel estatal (España):

- Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases.
- Real decreto 782/1998, do 30 de abril, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases.
- Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

c. A nivel autonómico (Galicia):

- Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

## 6.2. Definicións

Convén previamente presentar algunhas definicións que serán utilizadas ao longo desta parte 6, e que pertencen todas elas á Lei 11/1997, artigo 2:

- **Envase:** todo produto fabricado con materiais de calquera natureza e que se utilice para conter, protexer, manipular, distribuír e presentar mercancías, desde materias primas ata artigos acabados, en calquera fase da cadea de fabricación, distribución e consumo. Considéranse tamén envases todos os artigos desbotables utilizados con esta mesma fin. Dentro deste concepto inclúense unicamente os envases de venda ou primarios, os envases colectivos ou secundarios e os envases de transporte ou terciarios.

(...) Os elementos do envase e elementos auxiliares integrados nel consideraranse parte do envase ao que van unidos; os elementos auxiliares directamente colgados do produto ou atados a el e que desempeñen a función de envase consideraranse envases, salvo que formen parte integrante do produto e todos os seus elementos estean destinados a ser consumidos ou eliminados conxuntamente

- **Residuo de envase:** todo envase ou material de envase do cal se desprenda o seu posuidor ou teña a obriga de desprenderse en virtude das disposicións en vigor.
- **Xestión de residuos de envases:** a recollida, a clasificación, o transporte, o almacenamento, a valorización e a eliminación dos residuos de envases, incluída a vixilancia destas operacións e dos lugares de descarga despois do seu peche.
- **Prevención:** a redución, en particular mediante o desenvolvemento de produtos e técnicas non contaminantes, da cantidade e do impacto para o medio de:
  - o Os materiais e substancias utilizadas nos envases e presentes nos residuos de envases.

o Os envases e residuos de envases no proceso de produción e na comercialización, a distribución, a utilización e a eliminación.

- **Envasadores:** os axentes económicos dedicados tanto ao envasado de produtos como á importación ou adquisición noutros Estados membros da Unión Europea de produtos envasados, para a súa posta no mercado.

Con respecto á definición de "envasadores", o Real decreto 782/1998 engade:

«Para os efectos do establecido no artigo 2.12 da Lei 11/1997, no suposto de produtos postos no mercado mediante marcas de distribución, considerarase envasador aquel que se presente ao público con tal condición poñendo no envase o seu nome, denominación social, marca ou código de barras, de tal forma que se lle poida identificar como envasador de forma inequívoca. Cando nestes produtos non se identifique o envasador segundo o anteriormente indicado, será responsable do cumprimento das obrigas sinaladas no capítulo IV da Lei 11/1997 o titular da marca de distribución baixo a cal se comercialice o produto».

### 6.3. Requisitos xerais

As adegas, como calquera outra organización que comercializa produtos envasados, teñen a obriga de cumprir coa Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, e do Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases (aprobado polo Real decreto 782/1998), para reducir o impacto ambiental dos residuos dos envases usados. É dicir, as adegas non poden conformarse con vender o seu produto: deben tamén responsabilizarse do impacto ambiental asociado aos residuos que xeran estes produtos ao final da súa vida útil.

A Lei 11/1997 establece no seu artigo 6 a obriga para os envasadores, importadores e comerciantes, de poñer en funcionamento un sistema de depósito, devolución e retorno (SDDR), consistente en cobrar aos seus clientes, ata o consumidor final, unha cantidade (en depósito) por cada envase obxecto de transacción, e de devolver idéntica suma de diñeiro pola devolución do envase baleiro. Non obstante, a lei contempla no seu artigo 7 a exención desta obriga se se adhiren a un **sistema integrado de recollida selectiva e xestión de residuos de envases**.

Polo tanto, a modalidade máis adecuada para cumprir con esta obriga legal esencial é adherirse a un Sistema integrado de xestión de residuos de envases (SIX), tamén denominado Sistema colectivo de responsabilidade ampliada do produtor (SCRAP), que garanta a dita recollida selectiva dos envases. No noso país, o SIX ao que deben adherirse as adegas é ECOVIDRIO (por ser o vidro o compoñente principal do envase, e, polo tanto, o residuo principal que se xera tras o seu consumo). O sector do viño é un dos que están asociados a ECOVIDRIO, sendo a Federación Española do Viño (FEV) unha das súas entidades fundadoras.

Pode consultarse máis información sobre Ecovidrio e as súas funcións na súa web, [www.ecovidrio.es](http://www.ecovidrio.es).

Entre as obrigas concretas que se derivan da aplicación da Lei 11/1997 e do Real decreto 782/1998 están as seguintes:

- Adherirse ao SIX (Ecovidrio) (salvo que a organización implante un sistema SDDR).
- Colocar o símbolo do punto verde na etiqueta do envase.
- Realizar unha declaración anual dos envases postos en circulación no mercado.
- Se o volume de vidro posto no mercado supera as 250 toneladas, ou o volume total de residuos (incluíndo outros, como papel e cartón, madeira, cápsulas, rollas de cortiza, etc.) supera as 350 toneladas, adoptar medidas de prevención da xeración de residuos.

A continuación desenvólvense estas obrigas con maior detalle.

### 6.3.1. Adhesión ao SIX (Ecovidrio)

A adhesión a Ecovidrio realízase nas condicións estipuladas no contrato de adhesión. A versión xenérica deste contrato pode descargarse na web de Ecovidrio.

### 6.3.2. Colocación do punto verde na etiqueta do envase

Cando a adega se adhira ao SIX, incorre na obriga de financiar o sistema mediante a achega económica correspondente, calculada a partir da declaración anual de envases (ver apdo. 6.3.3), e ten tamén a obriga de incluír o símbolo do punto verde (ver figura 6.3.1) nas etiquetas.

A inclusión deste símbolo na etiqueta significa que a compañía que fabricou e envasou o produto está a financiar cunha cota por cada envase que pon no mercado o sistema de reciclaxe de envases de vidro que xestiona Ecovidrio, cumprindo así co Principio de responsabilidade ampliada do produtor.

Polo tanto, este símbolo actúa como información e garantía para os cidadáns e administracións públicas que ese envase cumpre coa lexislación e que o envasador financia o sistema integrado de xestión de residuos.



Figura 6.3.1 Símbolo do punto verde  
(Fonte: Ecovidrio)

Na web de Ecovidrio dispónse de toda a información sobre as características do símbolo (dimensións, proporcións, cores, restricións de uso, etc.).

### 6.3.3. Declaración anual de envases<sup>1</sup>

Cando a adega se adhire ao SIX, adquire a obriga de realizar unha declaración anual dos envases postos no mercado, mediante a Ficha de Declaración Anual de Envases.

Esta declaración anual de envases é un instrumento indispensable que permite a Ecovidrio rexistrar a cantidade de envases que as empresas adheridas poñen no mercado. A declaración serve, polo tanto, para calcular os residuos de envases de vidro potenciais que haberán de ser xestionados.

Ademais, a declaración anual recolle o cálculo da **contribución económica ao SIX**, que debe achegar a entidade adherida respecto aos produtos envasados comercializados por esta no territorio nacional. A dita contribución dependerá tanto do número de envases postos no mercado como do peso destes e do tipo de materiais.

A declaración anual de envases realízase sobre a base das vendas reais do ano anterior. A dita declaración é de carácter provisional durante o ano en curso e regularízase unha vez transcorrido o ano cando a empresa adherida remita de novo a súa declaración anual de envases cos envases reais do ano anterior. Esta última declaración terá a consideración de definitiva do ano anterior e provisional do novo ano en curso.

	<p><b>Teño obriga?</b></p>
	<p>Si, debo adherirme a Ecovidrio (Sistema integrado de xestión de envases e residuos de envases) e realizar unha declaración anual de envases mediante a Ficha de Declaración Anual de Envases de Ecovidrio.</p>
	<p><b>Onde o presento?</b></p>
	<p>A través da páxina web de Ecovidrio, <a href="http://www.ecovidrio.es">www.ecovidrio.es</a>, ou por correo ordinario.</p>
	<p><b>Cando o presento?</b></p>
	<p>Ata o último día de febreiro de cada ano.</p>
	<p><b>Materiais que cómpre declarar?</b></p>
	<p>Todos os que inclúa o envase: botellas de vidro (as etiquetas considéranse incluídas), rollas de cortiza, cápsulas e caixas, de todos os tipos e tamaños, e de todos os envases utilizados para a comercialización dos produtos na Península, Baleares, Canarias, Ceuta, Melilla e tendas <i>Duty free</i>.</p>

<sup>1</sup> A información aquí descrita está baseada e pode consultarse con maior detalle na *Guía para la declaración anual de envases*, que publica anualmente Ecovidrio no seu sitio web, [www.ecovidrio.es](http://www.ecovidrio.es).



### 6.3.3.1. FORMALIZACIÓN DA FICHA DE DECLARACIÓN ANUAL DE ENVASES

A declaración anual de envases vai referida ás vendas do ano natural, que comeza o 1 de xaneiro e remata o 31 de decembro de cada ano. Deberanse indicar os envases postos no mercado por tipo de produto. É dicir, se comercializa dous produtos deberá achegar dúas declaracións nun mesmo documento. Por exemplo, se unha empresa comercializa viño e augardente, primeiro introducirá os datos de información da empresa e posteriormente deberá facer unha declaración para o viño e outra declaración para a augardente. Ambas declaracións quedarán presentadas nun único documento.

A declaración debe cubrirse e presentarse a Ecovidrio **antes do último día de febreiro de cada ano**.

Se a empresa é de nova creación, o ano da súa primeira declaración realizará unha previsión ou estimación cos envases que poñerá no mercado durante este.

En cumprimento do disposto no artigo 15 do Regulamento (Real decreto 782/1998), é obrigatorio cubrir na declaración anual de envases os seguintes recadros:

Nº de envases	Declárase o total de unidades de envases comercializados
Kg de material	Declárase o total de kg dos envases baleiros
Kg ou litros de produto	Declárase o total de kg ou litros de produto contido dentro dos envases

Téñense que declarar todos os envases utilizados para a comercialización dos produtos na Península, Baleares, Canarias, Ceuta, Melilla e tendas *Duty free*. Polo tanto, deben ser declaradas na Ficha de Declaración Anual de Envases todas as unidades postas en territorio nacional, que comprendan as vendas de todo o ano natural, incluídas as promocións e mostras.

### 6.3.3.2. COTA DE CONTRIBUCIÓN POR ENVASES DE VIDRO

A cota de contribución por envases de vidro obtense a partir das unidades de envases de vidro comercializados no mercado nacional e os quilogramos dos devanditos envases. É dicir, a contribución dos envases de vidro calcúlase da seguinte forma: o número de envases de vidro multiplicado pola súa cota por unidade, máis a cantidade de quilogramos de vidro correspondentes aos devanditos envases multiplicada pola súa cota por quilogramo. Os quilos ou litros de produto contido non contribúen, aínda que hai que declarar a súa cantidade.

No seguinte cadro móstrase un exemplo<sup>2</sup>:

Envases de vidro	Comercialización no mercado nacional	Cota	Importe	Total
Nº de envases	10.000	0,00348 €/ud.	34,80 €	140,19 €
Kg de material	4.300	0,02451 €/kg	105,39 €	
Kg ou litros de produto	7.500			

Cando non se alcancen os 1.000 envases de vidro ao ano, contribuírase por un mínimo de 1.000 uds.

En canto ás importacións ou exportacións, as esixencias do regulamento que desenvolve a Lei 11/1997 fan necesario que se proporcionen datos dos produtos envasados con orixe ou destino en países da Unión Europea e exportacións ao resto do mundo. Na Ficha de Declaración Anual de Envases os envases exportados detráense do total de envases declarados no mercado nacional máis importacións, de ser o caso. Na figura 6.3.2 ilústrase un exemplo:

#### EJEMPLO: Empresa adherida que ha comercializado:

- 10.000 envases de vidro en el mercado nacional.
- 4.000 envases de vidrio en el mercado nacional procedente de importaciones.
- 3.000 envases de vidrio como exportaciones.

Figura 6.3.2 Exemplo de declaración con datos nacionais, importacións e exportacións

(Fonte: *Guía para la declaración anual de envases 2020*, Ecovidrio)

Nº TOTAL	+	IMPORTACIÓN	-	EXPORTACIÓN	=	BASE LIQUIDABLE
MERCADO NACIONAL SIN IMPORTACIONES + EXPORTACIONES	+	IMPORTACIONES	-	EXPORTACIONES	=	MERCADO NACIONAL
13.000	+	4.000	-	3.000	=	14.000

#### 6.3.3.3. COTA DE CONTRIBUCIÓN POR OUTROS MATERIAIS

O resto de materiais contribúen exclusivamente en función do peso, de acordo co número de quilogramos de material correspondente aos envases multiplicado pola súa cota por quilogramo.

<sup>2</sup> Fonte: *Guía para la declaración anual de envases 2020* de Ecovidrio.

Por exemplo<sup>3</sup>:

Caixa de cartón menor ou igual a 100 g	Comercialización no mercado nacional	Cota	Importe	Total
Kg de material	480	0,076 €/kg	36,48 €	36,48 €
Nº de caixas	1.600			

Polo que respecta aos elementos de peche dos envases, como os tapóns e cápsulas, cada un deles ha de declararse por separado e polo material correspondente. No caso de tapóns ou cápsulas de materiais compostos, que non poidan ser separados polo consumidor final, declararanse polo material maioritario.

Isto é aplicable tamén aos envases compostos, é dicir, aqueles formados por dous ou máis materiais que na súa orixe están separados, pero que ao formar o envase son dificilmente separables polo consumidor final; polo tanto, cotizarán polo material maioritario. Por este motivo non é necesario declarar o material de etiquetaxe, xa que o consumidor final non pode separalo da botella de vidro.

#### 6.3.3.4. DECLARACIÓN DE MARCAS

É necesario tamén, na declaración anual de envases, declarar as marcas postas no mercado e polas que se contribúe, xa sexan:

- Marcas da súa titularidade.
- Marcas importadas.
- Marcas brancas ou de distribución nas que se identifiquen inequivocamente como envasadores.

#### 6.3.3.5. DECLARACIÓN DO IMPORTE DA CIFRA DE NEGOCIOS

Se o Órgano de Control detecta que unha adega efectuou cambios nos tipos de viño que elabora, ou modificacións nas súas instalacións que puidesen afectar a conformidade dos seus produtos, isto poderá ocasionar a modificación do alcance da certificación, e, polo tanto, do seu certificado.

En particular, se unha adega decide ampliar o alcance da certificación a un novo produto, deberá solicitalo ao Consello Regulador seguindo os pasos descritos no apartado 7.4.2, mediante unha nova solicitude de certificación do produto.

Doutra banda, a certificación para un determinado tipo de viño poderá revogarse, é dicir, finalizarse<sup>18</sup> (polo tanto, reducirase o alcance) cando o operador:

1. Comunique que deixa de producir ese tipo de viño.
2. Permaneza durante un período sen retirar precintas de garantía para ese tipo de viño (este período será establecido por cada Consello Regulador no seu esquema de certificación).

O Órgano de Control decidirá se é necesario comprobar eses cambios nunha auditoría extraordinaria ou se pode facer na seguinte auditoría de seguimento que se realice.

En calquera caso, as modificacións do alcance serán estudadas e valoradas polo Comité de Certificación do Consello Regulador que, en función dos resultados obtidos, decidirá se se cambia o alcance. Só o Comité de Certificación pode modificar o alcance das certificacións concedidas.

#### 7.4.11. Retirada e restitución da certificación

A certificación do produto pode ser retirada e restituída<sup>19</sup> baixo determinadas condicións explicitadas no esquema de certificación de cada Consello Regulador. A figura 7.4.3 resume graficamente este tipo de decisións.

A decisión de retirar a certificación do produto dun operador corresponde exclusivamente ao Comité de Certificación do Consello Regulador, salvo en caso de suspensión ou baixa do operador dos rexistros do Consello Regulador (decisións que corresponden ao Pleno).

Cando se trate de non conformidades detectadas no transcurso das auditorías, seguiranse os pasos descritos no apartado 7.4.4.

<sup>18</sup> Norma UNE-EN ISO/IEC 17065:2012, apdo. 7.11.

<sup>19</sup> Norma UNE-EN ISO/IEC 17065:2012, apdo. 7.11.

Cando a decisión se deba tomar como resultado de non conformidades detectadas fóra das auditorías, unha vez pechado o proceso de tratamento e resolución de non conformidades, o expediente trasladarase ao Comité de Certificación, para que este o revise e tome unha decisión.

O Comité de Certificación do Consello Regulador estudará e deberá proceder á retirada temporal (suspensión) da certificación do produto do operador cando este non emendase en absoluto, ou non o fixese de maneira suficiente, nos prazos concedidos para iso, as non conformidades que se lle detectaron en actividades de vixilancia ou auditoría de renovación por parte do Órgano de Control (ver epígrafe 7.4.11.1).

O Comité de Certificación poderá proceder á suspensión cautelar da certificación do produto do operador cando este incorra nalgún dos supostos establecidos para iso no esquema de certificación do Consello Regulador (ver epígrafe 7.4.11.2).

O operador poderá optar á restitución da certificación do produto se emenda de forma correcta as ditas non conformidades durante o período de retirada temporal. Esta decisión será adoptada, de ser o caso, polo Comité de Certificación (ver epígrafe 7.4.11.3).

O Comité de Certificación do Consello Regulador estudará e deberá proceder á retirada definitiva (cancelación) da certificación do produto do operador cando este non emendase en absoluto, ou non o fixese de maneira suficiente, durante o prazo de retirada temporal (suspensión) da certificación, as non conformidades que motivaron esta (ver epígrafe 7.4.11.4).




Figura 7.4.3 Esquema das decisións de retirada e restitución da certificación do produto (Fonte: elaboración propia)



### 7.4.11.1. RETIRADA TEMPORAL (SUSPENSIÓN) DA CERTIFICACIÓN

A retirada temporal (suspensión) da certificación dun operador poderá afectar un ou varios dos seus produtos certificados, en función da natureza das non conformidades, e segundo decida o Comité de Certificación.

Así, unha adega que elabore dous tipos de viño para os que conta con certificación, podería ver retirada temporalmente a certificación dun deles, sen que o outro se vexa afectado, sempre e cando as non conformidades que provocan a retirada sexan exclusivamente aplicables ao primeiro tipo de viño e non teñan nada que ver co segundo.

Esta suspensión da certificación poderá prolongarse durante un período máximo establecido por cada Consello Regulador, desde a toma de decisión.

Se, dentro deste período, o operador emenda, a xuízo do Órgano de Control, as non conformidades que motivaron a suspensión, o Comité de Certificación avaliará a posible restitución da certificación do produto (ver epígrafe 7.4.11.3).

Se, finalizado este prazo, o operador non emendou en absoluto, ou de forma non satisfactoria a xuízo do Órgano de Control, as causas que motivaron a suspensión, o Comité de Certificación avaliará a posible retirada definitiva (cancelación) da certificación do produto (ver epígrafe 7.4.11.4).

A retirada temporal (suspensión) da certificación para un tipo de viño supón para o operador unha serie de restricións, as cales deberían ser polo menos as seguintes<sup>20</sup>:

1. Non dispoñer de precintas de garantía para partidas dese tipo de viño, mesmo cando a verificación de aptitude xa se realizase e fose positiva.
2. Non dispoñer de verificacións de aptitude para partidas dese tipo de viño.
3. Non dispoñer de autorización para a venda de graneis dese tipo de viño a outros operadores, mesmo coa verificación de aptitude xa realizada e positiva, salvo aqueles dos que o operador poida demostrar inequívoca e fidedignamente que non están afectados en absoluto pola irregularidade que provocou a retirada temporal da certificación.
4. Non dispoñer de certificados que fagan referencia a ese tipo de viño (p. ex. en trámites para subvencións).
5. Non poder utilizar referencias á certificación na súa web e no novo material publicitario ou de calquera outro tipo.

<sup>20</sup> Non obstante, para coñecer con exactitude estas repercusións, debe consultarse respecto diso o esquema de certificación de cada Consello Regulador.

Un operador coa certificación retirada temporalmente para un tipo de viño si poderá<sup>21</sup>:

- a. Comercializar no mercado as partidas dese tipo de viño verificadas positivamente e para as que xa dispoña das precintas outorgadas polo Consello Regulador con anterioridade á decisión da suspensión da certificación.
- b. Realizar a vendima e elaborar viño baixo o control do Órgano de Control.

No caso de que o Pleno do Consello Regulador decida a suspensión temporal dos dereitos do operador na DO por outros motivos (en aplicación do regulamento da DO e do seu Consello Regulador), isto implicará automaticamente a retirada temporal da certificación de todos os produtos desa adegas durante o mesmo período, sen necesidade de convocar o Comité de Certificación.

Isto débese a que a certificación do produto só ten validez mentres un operador se atope plenamente inscrito nun rexistro de adegas do Consello Regulador (ver apdo. 7.2).

A retirada temporal da certificación do produto será comunicada ao operador por escrito e de forma fidedigna polo/a secretario/a do Consello Regulador. Na comunicación ao operador debería constar:

1. A data da toma de decisión por parte do Comité de Certificación.
2. A exposición dos motivos da retirada da certificación.
3. O carácter temporal da retirada, sinalando que, en caso de emendarse as causas desta, convocará o Comité de Certificación para que este avalíe a posible restitución da certificación do produto<sup>22</sup>.
4. O prazo máximo de duración da suspensión, indicando a data límite de finalización desta.
5. As consecuencias para o operador da retirada temporal da certificación do produto.
6. O dereito do operador para presentar apelación a esta decisión e o prazo máximo de que dispón para iso.

#### 7.4.11.2. SUSPENSIÓN CAUTELAR DA CERTIFICACIÓN

O Comité de Certificación do Consello Regulador poderá suspender a certificación do produto dun operador, sen necesidade de esperar á resposta do operador á non conformidade en prazo (é dicir, con carácter cautelar), en certos supostos. Aínda que estes deben ser

<sup>21</sup> Non obstante, debe consultarse respecto diso o esquema de certificación de cada Consello Regulador.

<sup>22</sup> Naqueles consellos reguladores que así o establezan.

establecidos por cada Consello Regulador, en xeral pode considerarse esta opción cando o operador:

1. Incorra en acto constitutivo de presunta fraude, sexa esta detectada polo persoal do Consello Regulador ou doutros servizos de inspección da Administración autonómica ou estatal.
2. Dea información falsa ou incorrecta ao Consello Regulador.
3. Reincida nunha non conformidade grave, evidenciando falta ou abandono de implantación de accións correctivas á dita non conformidade grave, previamente detectada na auditoría ou actividade de vixilancia.
4. Faga un uso da marca fraudulento ou que provoque confusión no mercado.
5. Incumpra as obrigas derivadas da certificación do produto.

En particular, atrasar inxustificadamente a realización dunha auditoría ou actividade de vixilancia con respecto á data proposta polo Órgano de Control, ou non presentarse a unha destas actividades na data acordada, pode ser considerada falta de colaboración co Consello Regulador, o que, en xeral, é unha non conformidade grave.

6. Actúe contra a denominación de orixe ou poña en perigo o seu prestixio.

Nestes casos, o Comité de Certificación poderá ser convocado con carácter urgente. A decisión de suspensión cautelar da certificación do produto será comunicada por escrito e de forma fidedigna ao operador polo/a secretario/a do Consello Regulador.

### 7.4.11.3. RESTITUCIÓN DA CERTIFICACIÓN

Se, dentro do período de retirada temporal (suspensión) da certificación, o operador emenda, a xuízo do Órgano de Control, as non conformidades que motivaron esta, o Comité de Certificación avaliará a posible restitución da certificación do produto<sup>23</sup>.

Previamente a esta reunión, por decisión do Órgano de Control ou do Comité de Certificación, pode ser necesario que o Órgano de Control realice unha auditoría extraordinaria para comprobar que as accións correctivas foron efectivamente implantadas e que son eficaces.

A decisión sobre a restitución da certificación do produto será comunicada ao operador por escrito e de forma fidedigna polo/a secretario/a do Consello Regulador.

No caso de que o Comité de Certificación decida manter a retirada temporal e non restituír a certificación do produto, na comunicación ao operador inclúiranse todos os puntos

<sup>23</sup> Nalgúns consellos reguladores non cabe restitución antes de finalizar o período da retirada temporal da certificación.

indicados no apdo. 7.4.11.1, tendo en conta que a data límite da retirada temporal seguirá sendo esta.

#### 7.4.11.4. RETIRADA DEFINITIVA (CANCELACIÓN) DA CERTIFICACIÓN

Se, finalizado o prazo máximo de retirada temporal (suspensión) da certificación, o operador non emendou en absoluto, ou de forma non satisfactoria a xuízo do Órgano de Control, as non conformidades abertas, o Comité de Certificación avaliará a posible retirada definitiva (cancelación) da certificación do produto.

Xeralmente, os consellos reguladores establecen que a retirada definitiva afecte todos os produtos (tipos de viño) do operador, aínda que a retirada temporal previa afectase soamente un ou varios.

No caso de baixa da adega nos rexistros do Consello Regulador por decisión plenaria (en aplicación do Regulamento da DO e do seu Consello Regulador), isto implicará automaticamente a retirada definitiva da certificación de todos os produtos desa adega, sen necesidade de convocar o Comité de Certificación.

A retirada definitiva (cancelación) da certificación para un tipo de viño supón para o operador unha serie de restricións, as cales deberían ser, polo menos, as seguintes<sup>24</sup>:

1. Non dispoñer de precintas de garantía para partidas de ningún tipo de viño, mesmo cando a verificación de aptitude xa se realizase e fose positiva.
2. Non dispoñer de verificacións de aptitude para partidas de ningún tipo de viño.
3. Non dispoñer de autorización para a venda de graneis de viño a outros operadores, mesmo con verificación de aptitude xa realizada e positiva, salvo aqueles dos que o operador poida demostrar inequívoca e fidedignamente que non están afectados en absoluto pola irregularidade que provocou a cancelación da certificación.
4. Non dispoñer de certificados que fagan referencia a ningún tipo de viño (p. ex. en trámites para subvencións).
5. Non poder utilizar o seu certificado do produto, debendo devolvelo ao Consello Regulador.
6. Non poder utilizar referencias á certificación do produto na súa web e en material publicitario ou de calquera outro tipo.
7. Non poder participar en feiras ou eventos promocionais.

<sup>24</sup> Non obstante, debe consultarse respecto diso o esquema de certificación de cada Consello Regulador.

8. Non poder solicitar unha nova certificación para ningún tipo de viño nun prazo desde a data da retirada definitiva (xeralmente o mesmo prazo dunha baixa, que adoita estar establecido en dous anos).

Un operador coa certificación cancelada si poderá, mentres permaneza inscrito nos rexistros de adegas do Consello Regulador<sup>25</sup>:

1. Comercializar no mercado as partidas verificadas positivamente e para as que xa dispoña das precintas outorgadas polo Consello Regulador con anterioridade á decisión da retirada definitiva da certificación.
2. Realizar vendima e elaborar viño baixo o control do Órgano de Control.

A retirada definitiva da certificación do produto será comunicada ao operador por escrito e de forma fidedigna polo/a secretario/a do Consello Regulador. Na comunicación ao operador debería constar:

1. A data da toma de decisión por parte do Comité de Certificación.
2. A exposición dos motivos da retirada da certificación.
3. O carácter definitivo da retirada, incluíndo que o operador non poderá solicitar unha nova certificación do produto no prazo que se estableza.
4. As consecuencias para o operador da retirada definitiva da certificación do produto.
5. O dereito do operador para presentar apelación a esta decisión e o prazo máximo de que dispón para iso.

Unha vez retirada definitivamente a certificación do produto, para recuperala debe iniciarse de novo na súa totalidade o proceso de certificación descrito neste capítulo, o cal poderá realizarse unha vez transcorrido o prazo que o Consello Regulador estableza desde a data da decisión da retirada definitiva ou ata a finalización do período de baixa, de ser o caso.

A retirada definitiva da certificación do produto dun operador debería comportar a información deste feito por parte do/a secretario/a do Consello Regulador ao Pleno, para que este avalíe a conveniencia de que o operador continúe inscrito nesas condicións nos rexistros do Consello Regulador.

<sup>25</sup> Non obstante, debe consultarse respecto diso o esquema de certificación de cada Consello Regulador.

## 7.5. Aspectos de especial interese

Neste apartado dedicaremos a nosa atención a certos aspectos da xestión das adegas que teñen un especial interese para obter e manter a certificación dos seus produtos por parte do Consello Regulador.

### 7.5.1. Autocontrol dos rendementos de produción

O prego de condicións de cada DO vitivinícola especifica uns **rendementos máximos de produción de uva, expresados en quilogramos por hectárea (kg/ha)**. Estes rendementos adoitan ser distintos dependendo do tipo de uva (branca ou tinta) e/ou das variedades (principais ou preferentes e secundarias ou autorizadas). Algunhas variedades concretas poden ter rendementos específicos, p. ex. a variedade Albariño ou a variedade Caíño tinto na DO Rías Baixas.

Actualmente, os consellos reguladores non esixen que o cumprimento dos rendementos de produción se cumpra parcela a parcela (quizais nun futuro si sexa esixible). O que se esixe é que o conxunto das parcelas dun viticultor cumpra cos devanditos rendementos.

Así mesmo, debe terse en conta que, cando os rendementos sexan distintos en función das variedades, é imprescindible a entrega separada de variedades durante a vendima para poder asegurar o cumprimento. Todos os consellos reguladores vitivinícolas galegos esixen a dita entrega separada en calquera caso.

Para conseguir que o viño elaborado pola adega proceda de uvas que cumpran cos devanditos rendementos de produción, é imprescindible que a adega dispoña dun sistema de autocontrol sobre a uva que procesa durante a vendima, tanto a propia como a que compre a provedores de uva.

Para construír o devandito sistema de autocontrol é imprescindible:

1. Coñecer a cantidade máxima de uva por variedade que pode producir cada viticultor (incluíndo a propia adega cando posúa viñedos, obviamente) en función da súa superficie inscrita no Rexistro de Viñas do Consello Regulador.

Cada Consello Regulador proporciona aos viticultores inscritos no seu Rexistro de Viñas a información sobre a superficie e os rendementos máximos recollidos no seu prego de condicións. Adoita ser habitual que o Consello Regulador indique mesmo a cada viticultor a súa cantidade máxima por variedade de uva. Esta información adoita emitirse (mediante as denominadas "fichas de parcelas inscritas", "fichas de explotador" ou "cartas de produción"), ou poñerse ao dispor dos viticultores, anualmente, debido que o Rexistro de Viñas sofre modificacións ao longo do ano debido a baixas, altas, cambios e axustes nas parcelas inscritas.

Por outra banda, a maioría dos pregos de condicións recolle a posibilidade de que, en campañas determinadas e por razóns xustificadas tecnicamente, estes rendementos máximos poidan ser ampliados ata un 25% máis. Isto debe terse en conta naquelas campañas nas que se aplique.

Polo tanto, para coñecer a cantidade máxima por variedade de uva dun proveedor, a adega pode solicitarlle a dita información, e asegurar que non recibe máis uva que a súa cantidade máxima. Con todo, isto soamente asegura o cumprimento cando existe exclusividade, é dicir, cando o viticultor só entrega uva a esa adega e a ningunha outra.

Pero hai que ter en conta que un viticultor pode entregar uva a varias adegas. Cando non exista un acordo de exclusividade, sería conveniente pechar outro tipo de acordos ou contratos nos que se asegure que o viticultor non entregará, no conxunto de adegas ás que poida fornecer uva, unha cantidade maior que a súa cantidade máxima por variedade de uva. Deste xeito, a responsabilidade no caso de que o Consello Regulador detecte un exceso de rendemento de produción que fornecese uva a varias adegas, recaería sobre o viticultor.

2. Controlar, durante a vendima, a cantidade entregada e a cantidade restante ata chegar á cantidade máxima por variedade de uva do viticultor.

Non é suficiente con coñecer a cantidade máxima por variedade de uva do viticultor. Se non controlamos a cantidade de uva entregada por variedade, non podemos saber en que momento se alcanza a devandita cantidade máxima por variedade de uva. Polo tanto, é necesario rexistrar todas e cada unha das entradas de uva, en quilos e variedade, e ir descontando estas cantidades da cantidade máxima de uva permitida por variedade do viticultor. Deste xeito, a adega saberá en todo momento que cantidade de uva de cada variedade pode aínda recibir de cada viticultor e deter as entradas de uva en caso de alcanzar o límite.

Para lograr isto, a adega debe dispoñer dun sistema de rexistro de entradas que lle permita levar o dito control. Algunhas adegas dispoñen de ferramentas informáticas comerciais ou desenvoltas *ad hoc* que lles permiten levar facilmente este control, pero unha simple folla de cálculo xa facilita moito o labor. Tamén se pode facer manualmente se se ten o suficiente coidado, utilizando algún formato similar ao que se mostra na figura 7.5.1.

 <b>REGISTRO DE ENTRADAS DE UVA</b>									
DATA	Nº VITICULTOR	NOME VITICULTOR	VARIEDADE	CAIXAS	QUILOS	PARCELA DE PROCEDECENCIA	ESTADO SANITARIO	GRAO ALCOHÓLICO NATURAL PROBABLE	OBSERVACIÓNS

Figura 7.5.1 Exemplo de rexistro de entradas de uva (Fonte: elaboración propia)



Aínda que os consellos reguladores dispoñen de sistemas de información que lles permiten comprobar o cumprimento dos rendementos de produción, é importante sinalar que a normativa sobre certificación do produto obriga os operadores a realizar o devandito autocontrol por si mesmos. Polo tanto, **o sistema de control do Consello Regulador non pode substituír o sistema de autocontrol da adega**. Isto é extensivo a outros autocontrois, por exemplo o de existencias ou o dos rendementos de elaboración de viño.

### 7.5.2. Autocontrol dos rendementos de elaboración

O prego de condicións de cada DO vitivinícola especifica uns **rendementos máximos de elaboración ou produción de viño, expresados en litros por quilogramo de uva (l/kg), ou hectolitros por hectárea (hl/ha)**. Estes rendementos adoitan ser distintos dependendo dos tipos de viño (brancos, tintos, tostados, rosados, etc.). Mesmo algunhas variedades concretas poden ter rendementos específicos; p. ex. a variedade Albariño ou a variedade Caiño tinto na DO Rías Baixas (debido a que teñen rendementos específicos de produción), pero non é o habitual.

Nalgúns pregos de condicións, fálase de rendementos de “extracción do mosto”. Con todo, adoita ser criterio dos consellos reguladores considerar que estes rendementos se apliquen ao produto rematado (é dicir, á cantidade final de viño, obtido tras a súa elaboración completa). Nalgúns consellos reguladores estableceuse tamén un rendimento “intermedio” un tanto maior, ata unha determinada data, para permitir certos excesos naturais e propios de certos procesos produtivos (p. ex. elaboración sobre lías, etc.) sobre os devanditos rendementos do prego.

Polo tanto, é imprescindible que a adega dispoña dun sistema de autocontrol dos seus rendementos de elaboración, para os distintos tipos de viño que produza, e durante todas as etapas da elaboración, desde a prensadura da uva e a extracción do mosto. Aconséllase dispoñer dalgún formato, en soporte papel ou electrónico, no cal se anotén os quilogramos de uva que entran en prensa e os litros de mosto obtidos, coa maior exactitude posible dentro do razoable, para deste xeito controlar se os rendementos entran, ou poderán entrar, dentro do permitido. Na figura 7.5.2 móstrase un exemplo.

Nota: En relación a esta cuestión, moitas adegas alegan que as prensas e os métodos de prensadura que utilizan xa non lles permiten exceder os rendementos máximos permitidos, polo que non é necesario manter este tipo de autocontrol documentado. Aínda que iso sexa certo, non é suficiente para demostrar un autocontrol dos rendementos de elaboración.


 <b>PARTE DE PRENSADURA</b>										
PRENSADURA Nº:			PRENSA:		DATA:		HORA:		VENDIMA:	
KG TOTAIS:			LITROS OBTIDOS:			RTO:		RTO. MÁX. PERMITIDO PREGO:		
DEPÓSITO DESTINO:			LITROS:		OBSERVACIÓNS:					
DEPÓSITO DESTINO:			LITROS:		OBSERVACIÓNS:					
DEPÓSITO DESTINO:			LITROS:		OBSERVACIÓNS:					
PESADAS										
Nº	DATA	HORA	ALBARÁ	VARIETADE	CÓD. PROV.	PROVEDOR	PARCELA	GRAO	ESTADO SANITARIO	KG NETOS
									TOTAL KG NETOS:	
OBSERVACIÓNS:									RESPONSABLE:	
									SINATURA:	

Figura 7.5.2 Exemplo de rexistro de prensaduras (Fonte: elaboración propia)

### 7.5.3. Autocontrol da rastrexabilidade

O autocontrol da rastrexabilidade é unha esixencia fundamental en toda a industria alimentaria, sobre todo por razóns de seguridade alimentaria. Pero, ademais, nos operadores adscritos a figuras de calidade protexidas, como son as DOP e IXP, ten un papel fundamental na salvagarda da orixe e a calidade dos seus produtos.

O artigo 44º da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, titulado "Aseguramento da rastrexabilidade dos produtos", di textualmente:

1. *A rastrexabilidade dos produtos alimentarios e as materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias haberá de asegurarse en todas as etapas da produción, transformación e comercialización.*

2. *Os operadores alimentarios están obrigados a establecer sistemas e procedementos adecuados e comprensibles da rastrexabilidade, os cales han de permitir coñecer en todo momento a identidade e localización dos subministradores e receptores dos lotes ou partidas de produtos alimentarios e materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias con que traballen, así como as informacións relativas aos devanditos produtos e, particularmente, a súa identificación, natureza, orixe, rexistros dos produtos, características cualitativas e condicións de produción e comercialización.*
3. *As informacións que non poidan ser verificadas nin contrastadas polo propio operador e polos servizos de inspección e control non poderán ser incluídas nos sistemas e procedementos de aseguramento da rastrexabilidade.*
4. *Os operadores alimentarios haberán de ter ao dispor dos servizos de inspección e control toda a información relativa ao sistema e aos procedementos de aseguramento da rastrexabilidade, así como os datos que conteñan.*
5. *O sistema de aseguramento da rastrexabilidade que haberán de ter os operadores alimentarios conterá, sen prexuízo de normas sectoriais que sexan de aplicación, polo menos os elementos seguintes:*
  - a. *A identificación dos produtos.*
  - b. *Os rexistros dos produtos.*
  - c. *A documentación que acompaña ao transporte dos produtos.*

Polo tanto, as adegas, como operadores alimentarios, deben dispoñer dun sistema de autocontrol da rastrexabilidade que cumpra con estes requisitos. Este sistema debe permitir **acreditar as especificacións de todas as partidas de viño en canto á procedencia da uva, variedades empregadas, operacións de elaboración (incluíndo as prácticas enolóxicas) e comercialización realizadas, e identidade dos provedores e control dos lotes de materiais e produtos enolóxicos utilizados**. Ademais, este autocontrol da rastrexabilidade debe permitir verificar o cumprimento dos **rendementos autorizados de produción e de elaboración**.

Para conseguir este propósito, a adega debe rexistrar todos os movementos e procesos de elaboración efectuados en todas as súas partidas de viño, de modo que poida ser rastrexable **calquera depósito ou envase ata o provedor da uva**. Ou dito doutro xeito: se collemos unha botella de produto rematado, temos que ser capaces de chegar desde ela (co dato do lote presente na etiquetaxe e/ou da precinta de garantía que porta a botella) ata os vicultores que forneceron a uva que rematou nesa botella, sen roturas nin ambigüidades no rastrexado. O mesmo ten que ocorrer se tomamos unha botella non etiquetada, ou un determinado depósito. E teñen que poder coñecerse tamén os lotes de produtos enolóxicos utilizados nos procesos produtivos que resultaron no devandito produto rematado, así como os doutros materiais empregados (tales como, polo menos, botellas, tapóns e precintas de garantía).

Loxicamente, un sistema que permita esta comprobación, deberá permitir tamén facela en sentido contrario: desde un determinado proveedor de uva ata as botellas do produto rematado nas que estea presente esa materia prima.

Polo tanto, o sistema de autocontrol da rastrexabilidade debe ser facilmente intelixible, íntegro e sen fisuras. Ademais, debe estar ao día e ao dispor da autoridade competente e dos servizos de control dos consellos reguladores, para as súas inspeccións, auditorías e controis.

Os rexistros de rastrexabilidade poden realizarse mediante **calquera sistema de autocontrol da rastrexabilidade adecuado para iso, manual ou informático, e en soporte papel ou electrónico**, a elección da adega.

Convén resaltar aquí que **a adega non está obrigada a adquirir e implantar un sistema de autocontrol da rastrexabilidade en soporte electrónico**, aínda que, indubidablemente, un programa informático pode facilitalo moito, sobre todo en adegas de certo tamaño e con gran número de operacións. O autocontrol pode facerse mediante recursos ofimáticos (Excel) ou mesmo manualmente, e hai adegas que o fan así con gran precisión. O verdadeiramente importante é a disciplina na anotación das operacións **desde a entrada da uva ata o embotellamento e a embalaxe do produto rematado** (variedades, prensadura, descuba, trasfegas, mesturas, clarificacións, sulfitados, etc.), anotando correctamente as datas, os quilos de uva ou litros de mosto ou viño involucrados en cada operación, as prensas, os depósitos, as doses de produtos enolóxicos empregados, as precintas de garantía utilizadas, etc. Esta disciplina é necesaria tanto se se utiliza un soporte papel como electrónico. **Dispoñer dun bo programa informático non serve de nada se non se ten o necesario rigor no rexistro de todas as operacións.**

Ademais, de acordo con artigo 9º e seguintes do Decreto 158/2011, do 21 de xullo, polo que se ditan normas de aplicación sobre os documentos que acompañan o transporte de produtos vitivinícolas, os rexistros e as declaracións de determinadas prácticas no sector vitivinícola na Comunidade Autónoma de Galicia, as adegas “deberán levar unha contabilidade vitivinícola mediante rexistros, nos que anotarán, en particular, as entradas e saídas do devandito produto, así como as manipulacións que se efectúen e os produtos empregados nestas”. Estes rexistros deberán levarse nos libros rexistro establecidos polo devandito Decreto 158/2011, sendo en particular os involucrados no control da rastrexabilidade os seguintes:

- Libro Rexistro de Entradas e Saídas para Viños con DOP ou IXP.
- Libro Rexistro de Embotellamento para Viños con DOP ou IXP.
- Libro Rexistro de Prácticas Enolóxicas.
- Libro Rexistro de Procesos de Elaboración.

Convén resaltar que **a levanza dos mencionados libros rexistro é obrigatoria e constitúe unha parte importante do sistema de autocontrol da rastrexabilidade, pero non é suficiente**. Como se dixo antes, debe poder rastrexar calquera depósito ou envase

ata o proveedor da uva. Isto significa que todas as trasfegas ou mesturas, mesmo dun mesmo tipo de viño, teñen que estar debidamente documentadas. O Libro Rexistro de Entradas e Saídas non está pensado nin resulta práctico para este nivel de detalle, debendo a adega habilitar outro tipo de formatos ou programas informáticos para iso.

Neste sentido, é fundamental que exista integridade entre os datos:

- Rexistrados no sistema de autocontrol documentado da rastrexabilidade da adega.
- Declarados ou comunicados ao Consello Regulador, segundo as disposicións establecidas por este, así como a outras entidades (Fogga, AEAT).
- Anotados nos libros rexistro obrigatorios.

Nas auditorías de certificación do produto efectuadas por auditores do Órgano de Control do correspondente Consello Regulador realízase sempre un exercicio de demostración do sistema de autocontrol da rastrexabilidade da adega, que se inicia nunha botella de produto rematado elixida polo auditor ou, na súa falta, un depósito. Os auditores deben cotexar tamén a coincidencia (integridade) dos datos anotados nos distintos rexistros, segundo o mencionado no parágrafo anterior.

O autocontrol da rastrexabilidade ten unha vertente moi importante, que é a relativa á salvagarda da seguridade alimentaria. Esta perspectiva é tratada nesta guía na parte 8, "Requisitos relativos á seguridade alimentaria" e, en particular, nos apartados 8.5, "Rastrexabilidade", e 8.6, "Análise de Perigos e Puntos de Control Crítico (APPCC)".

#### 7.5.4. Autocontrol dos provedores

A calidade dos produtos e servizos contratados externamente é fundamental para garantir a calidade do produto final. Por iso, os provedores ou subcontratistas utilizados deben estar sometidos a un control adecuado por parte da adega.

Dado que esta guía se orienta á xestión dos requisitos administrativos, ocuparémonos soamente destes no relativo a determinados provedores, sobre todo os de uva, prestando tamén atención a certos requisitos importantes desde o punto de vista da certificación do produto.

No relativo aos requisitos administrativos sobre seguridade alimentaria aplicables a provedores, véxase a parte 8 desta guía, "Requisitos relativos á seguridade alimentaria" e, en particular, nos apartados 8.5, "Rastrexabilidade", e 8.6, "Análise de Perigos e Puntos de Control Crítico (APPCC)".

##### 7.5.4.1. PROVEDORES DE UVA

Con respecto aos provedores de uva, centrarémonos nas seguintes cuestións:

- Autocontrol da orixe da uva e dos rendementos de produción.

- Contrato de compra-venda de uva.
- Caderno de campo ou libro de explotación.

## 1. AUTOCONTROL DA ORIXE DA UVA E DOS RENDEMENTOS DE PRODUCCIÓN

A adega ten que asegurarse de que a uva que adquire a provedores externos (e, por suposto, tamén a propia) cumpre con todos os requisitos establecidos no prego de condicións correspondente da súa DOP ou IXP.

Polo tanto, a uva adquirida para a vendima:

- Debe proceder de parcelas inscritas no Rexistro de Viñas correspondente da DOP/IXP.
- Debe corresponderse coas variedades autorizadas polo prego de condicións.
- Debe cumprir cos rendementos máximos de produción establecidos no prego de condicións.

Para poder realizar este autocontrol, a adega debe esixir aos seus provedores de uva a pertinente documentación acreditativa. Os consellos reguladores poden proporcionar estes datos aos explotadores en calquera momento, e de feito a maioría faino de forma sistemática cada ano, emitindo as denominadas "fichas de parcelas inscritas", "fichas de explotador" ou "cartas de produción".

A adega debe asegurarse de que o documento que lle proporcione o explotador está **debidamente actualizado para a campaña en curso**.

Outra documentación que poida presentar o explotador, como a súa ficha do Rexistro Vitícola de Galicia, pode non ser adecuada ou suficiente para asegurar o cumprimento destes requisitos, polo que se recomenda esixirlles a proporcionada polo Consello Regulador.

No que se refire especificamente ao autocontrol dos rendementos de produción, véxase o apdo. 7.5.1, "Autocontrol dos rendementos de produción", desta parte 7 desta guía.

Calquera incumprimento destes requisitos poderá ser obxecto dunha non conformidade emitida á adega polo Órgano de Control do Consello Regulador e da apertura dun expediente sancionador por parte da Consellería do Medio Rural (con independencia de que estas medidas alcancen tamén os provedores involucrados nos incumprimentos).

## 2. CONTRATO DE COMPRA-VENTA DE UVA

A Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, establece a obriga para os operadores alimentarios de formalizar contratos de compra-venda de produtos alimentarios, como é o caso da uva, o mosto ou o viño.

Estes contratos deben formalizarse sempre por escrito, e sempre antes das prestacións que teñan a súa orixe nestes<sup>26</sup>; é dicir, no caso de compra de uva, antes da vendima.

Un contrato deste tipo debe incorporar os seguintes contidos<sup>27</sup>:

- Identificación das partes contratantes.
- Obxecto do contrato.
- Prezo do contrato, con expresa indicación de todos os pagamentos, incluídos os descontos aplicables, de ser o caso.
- Condicións de pagamento.
- Condicións de entrega e posta ao dispor dos produtos.
- Dereitos e obrigas das partes contratantes.
- Información que deben subministrarse as partes.
- Duración do contrato, así como as condicións de renovación e modificación deste.
- Causas, formalización e efectos da extinción do contrato.
- Indicación expresa de que o prezo pactado entre o produtor primario ou unha agrupación destes e o seu primeiro comprador cobre o custo efectivo de produción.

A Organización Interprofesional do Viño de España (OIVE) propón anualmente ao Ministerio de Agricultura un modelo de contrato tipo para a súa homologación, de acordo co establecido na Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos tipo de produtos agroalimentarios, no seu artigo 5.

No momento de redactar este apartado, o último contrato tipo de compravenda de uva é o homologado mediante Orde APA/804/2021, do 16 de xullo, pola que se homologa o contrato-tipo de compravenda de uva con destino á súa transformación en viño que rexerá durante tres campañas vitivinícolas, do Ministerio de Agricultura. A súa vixencia chega ata o 31 de xullo de 2024. É de esperar que, en sucesivas campañas, se homologarán novos contratos tipo similares (por este motivo non incluimos un contrato tipo nesta guía; en calquera caso, é moi sinxelo buscalos e descargalos a través da internet, por ex. na web da Organización Interprofesional do Viño de España, OIVE: <https://www.interprofesionaldelvino.es/contratos/compra-venta-uva>).

### 3. CADERNO DE CAMPO OU LIBRO DE EXPLOTACIÓN

O **caderno de campo, ou libro de explotación, é un requisito de obrigado cumprimento para todos os explotadores vitícolas, segundo o Real decreto 1311/2012, do 14**

<sup>26</sup> Ver Lei 12/2013, art. 8.

<sup>27</sup> Ver Lei 12/2013, art. 9.



de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios.

Debe terse en conta tamén que os aplicadores de produtos fitosanitarios (sexa o propio viticultor ou outra persoa ou empresa contratada por este) han de posuír o correspondente carné acreditativo para a aplicación dos devanditos produtos, en cumprimento deste Real decreto 1311/2012.

Dada a relación que estes requisitos teñen coa seguridade alimentaria, e dado que moitas adegas son tamén explotadoras de viñedos propios, tratamos esta cuestión na parte 8, "Requisitos relativos á seguridade alimentaria", desta guía, e, en particular, no apartado. 8.5, "Rastrexabilidade", e máis concretamente na epígrafe 8.5.1, "Rastrexabilidade no viñado".

#### 7.5.4.2. OUTROS PROVEDORES

Outros provedores relevantes, desde o punto de vista da certificación do produto, para a adega, ademais dos de uva son, entre outros:

- Provedores de mosto ou viño (outras adegas).

Para a compra-venda de mosto ou viño dispónse tamén de contratos tipo homologados. No momento de redactar este apartado, o último contrato tipo de compra-venda de uva é o homologado mediante a Orde APA/771/2020, do 27 de xullo, pola que se homologa o contrato-tipo de compra-venda de viño que rexerá durante a campaña 2020/2021, do Ministerio de Agricultura.

- Provedores de servizos de análises fisicoquímicas (laboratorios).

Con respecto á xestión das análises fisicoquímicas véxase o apartado. 7.5.5 desta guía.

- Enólogos

Con respecto á xestión das análises organolépticas, véxase o apartado. 7.5.5 desta guía.

- Provedores de elementos da etiquetaxe (imprentas).

Con respecto aos requisitos relativos á etiquetaxe, véxase a parte 5, "Requisitos relativos a nomes comerciais, marcas comerciais e etiquetaxe", e, particularmente, o apartado 5.4, "Requisitos relativos á etiquetaxe".

- Provedores de envases, cápsulas e tapóns.

Os requisitos aplicables a estes provedores están relacionados coa rastrexabilidade e a seguridade alimentaria. Respecto diso, véxase a parte 8, "Requisitos relativos á seguridade alimentaria", e, en particular, os apartados 8.5, "Rastrexabilidade", e 8.6, "Análise de Perigos e Puntos de Control Crítico (APPCC)".

- Provedores de precintas de garantía (o Consello Regulador ou unha imprenta baixo o control do Consello Regulador).

Con respecto á xestión das precintas de garantía, véxase o apartado. 7.5.7 desta guía.

Ademais, non debe esquecerse a importancia doutros provedores, non directamente vinculados á certificación do produto.

- Fabricantes de depósitos, maquinaria e equipos.
- Empresas de mantemento.
- Empresas de limpeza.
- Empresas "DDD" (desinfección, desratización e desinsectación).

Os requisitos aplicables a estes provedores están relacionados coa seguridade alimentaria. Respecto diso, véxase a parte 8, "Requisitos relativos á seguridade alimentaria", e, en particular, o apartado 8.6, "Análise de Perigos e Puntos de Control Crítico (APPCC)".

### 7.5.5. Autocontrois fisicoquímicos e organolépticos

**A adega é responsable de que o produto que elabora cumpra estritamente os límites legais analíticos e as características organolépticas que se determinan no prego de condicións.**

En ningún caso é o Consello Regulador o responsable diso. Aínda que ata non hai moito tempo era habitual dicir que o Consello Regulador "cualificaba" os viños e exercía un certo rol de "xuíz" que determinaba a aptitude ou non aptitude dun viño para saír ao mercado, esa expresión viuse desterrada desde que os consellos reguladores tiveron que acreditarse como entidades certificadoras do produto, seguindo o disposto na norma UNE-EN ISO/IEC 17065. Actualmente, para denominar a comprobación que efectúa o Consello Regulador utilízase habitualmente a expresión "verificación de aptitude", que engloba tanto a aptitude fisicoquímica como organoléptica. Esa expresión é máis exacta, posto que o Consello Regulador soamente verifica que, efectivamente, a partida de viño que lle presenta o operador como apta e lista para o seu embotellamento e comercialización, éo.

Polo tanto, quen realmente ha de cualificar o produto, é dicir, determinar se cumpre co prego de condicións e é apto para o seu embotellamento e comercialización, é a adega. Para iso efectuará os correspondentes autocontrois de calidade ao longo dos seus procesos de elaboración, que incluírán analíticas e catas nos momentos que se consideren oportunos.

Desde o punto de vista da entidade certificadora, é dicir, o Consello Regulador, interesa que as partidas que se presentan como aptas teñan un respaldo documental que o garanta. Este respaldo proporcionarano os rexistros dos que a adega dispoña, que deben ser o suficientemente recentes como para garantir que o produto non cambie ou evolucione desde a súa realización. Estes rexistros de autocontrol deben ser:

#### **a. Físicoquímicos**

Aínda que algunhas adegas dispoñen de laboratorios propios, con equipos e persoal capaces de realizar estes ensaios, o máis habitual é que as análises físicoquímicas sexan subcontratadas polas adegas a laboratorios independentes (acreditados ou non) ou a servizos de enoloxía, que emiten os seus documentos ou "boletíns" de resultados.

Os rexistros físicoquímicos que se presenten ao Consello Regulador deben cumprir varias condicións:

- Incluir polo menos todos os parámetros que determina o prego de condicións.
- Demostrarse o cumprimento cos valores máximos tolerables establecidos no prego de condicións.
- Número de depósito(s) ao(s) que corresponde a análise.
- Data da análise.
- Identidade de quen realizou a análise (empresa e/ou persoa responsable).

Ademais, é recomendable que consten nos rexistros:

- Os métodos de análises utilizadas para determinar o valor de cada parámetro.
- As incertezas de medida correspondentes aos métodos de análises empregadas, acoutando así o posible erro no resultado ofrecido.

Non é necesario que os laboratorios que realizan as análises físicoquímicas para as adegas (incluíndo os propios das adegas, de ser o caso) estean acreditados por ENAC segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025, pero é recomendable, polo menos, que os resultados se contrasten cos que o seu Consello Regulador pódelles facilitar para as mostras da mesma partida, xa que este si está obrigado pola súa acreditación segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17065 a contratar os servizos de laboratorios acreditados. Ese cotexo pode axudar a descubrir diferenzas ou discrepancias que indiquen deficiencias nas análises.

#### **b. Organolépticos**

Os rexistros de análises organolépticas (que poden presentarse no mesmo documento que o das análises físicoquímicas) deben servir para comprobar que as características sensoriais dos viños cumpren coas esixencias do prego de condicións correspondente.

Actualmente, os consellos reguladores están a dar por válida unha simple declaración de aptitude organoléptica do viño que se presenta a verificación, baseándose na capacidade técnica e a experiencia dos enólogos que prestan os seus servizos nas DOP galegas. Pero é moi posible que nun futuro próximo isto non sexa suficiente, se as condicións para a certificación do produto, impostas pola acreditación no cumprimento da norma UNE-EN ISO/IEC 17065, fanse máis esixentes (como é previsible). Por iso, é recomendable que a persoa responsable da enoloxía na adega, ou o comité de cata, se se dispón deste, documenten as notas de cata do viño nas distintas fases da análise sensorial (visual, olfactiva, gustativa), e incorpore todos os detalles que sexan relevantes para demostrar a devandita aptitude.

#### 7.5.6. Verificación de aptitude de partidas de viño por parte do Consello Regulador

Como se dixo no apartado anterior, a expresión “verificación de aptitude”, que engloba tanto a aptitude fisicoquímica como organoléptica, é a que se utiliza actualmente para denominar a actividade de control realizada polo Órgano de Control do Consello Regulador sobre a calidade das partidas de viño elaboradas polas adegas, é dicir, a súa aptitude.

Actualmente, todos os consellos reguladores vitivinícolas galegos efectúan unha análise ao 100% das partidas de viño que elaboran os operadores da súa DOP. Por iso, sempre que unha adega desexe comercializar unha partida de viño que cumpre con todos os requisitos esixibles, debe solicitar ao seu Consello Regulador unha toma de mostras para realizar a devandita verificación de aptitude. Nalgúns consellos reguladores, a dita solicitude ten que facerse para embotellar viño, mesmo cando non se vaia etiquetar polo momento nin se teña prevista a súa comercialización inmediata (o que se adoita denominar un “embotellamento previo”).

Cada Consello Regulador establece a súa sistemática para realizar a solicitude de toma de mostras por parte do operador, así como para a propia toma de mostras e as análises fisicoquímicas e organolépticas sobre estas. Así mesmo, cada un delas define os pasos que hai que seguir no caso de que unha partida resulte non apta fisicoquímica ou sensorialmente, xa sexa de forma corrixible (“partida emprazada”) ou de forma definitiva.

Os laboratorios aos que os consellos reguladores encargan as análises fisicoquímicas han de estar acreditadas por ENAC segundo a norma internacional UNE-EN ISO/IEC 17025, o que supón unha garantía respecto aos resultados das análises.

Por outra banda, as análises organolépticas son realizadas polos paneis de cata dos consellos reguladores, compostos, na súa gran maioría, por enólogos e profesionais do sector vitivinícola con ampla capacidade técnica e experiencia nestas tarefas. No momento de finalizar esta guía, os consellos reguladores están a adaptar os seus paneis de cata ás esixencias de ENAC respecto á análise sensorial, as cales seguen as liñas marcadas pola mesma norma UNE-EN ISO/IEC 17025.

Finalmente, queremos lembrar aquí que a verificación de aptitude é unha condición indispensable para que unha adega logre a certificación dos seus produtos. É dicir, para que unha adega reciba a certificación para un determinado tipo de viño, debe elaborar polo menos unha partida apta deste e ser verificada a aptitude da dita partida polo Consello Regulador. Sobre isto trata o apartado. 7.4, "Proceso de certificación de produto" e, máis concretamente, a epígrafe 7.4.3, "Avaliación", desta parte 7.

### 7.5.7. Xestión das precintas de garantía

- b. A contabilidade de existencias para a AEAT mediante o sistema SILICIE, onde tamén queda rexistrada cada saída do produto rematado co seu documento comercial (normalmente, factura) ou de acompañamento.

### 8.5.2.3. IMPORTANCIA E VANTAXES DO AUTOCONTROL DA RASTREXABILIDADE NA ADEGA

O Regulamento (CE) nº 178/2002 indica que:

- Os alimentos comercializados ou con probabilidade de comercializarse na Comunidade deberán estar adecuadamente etiquetados ou identificados para facilitar a súa rastrexabilidade mediante a documentación ou información pertinentes de disposicións máis específicas<sup>6</sup>.

Polo tanto, a rastrexabilidade estará vinculada univocamente ao lote indicado no envase.

Esta obriga presenta unha serie de vantaxes para o operador:

- Permite localizar con precisión a orixe dun problema ou defecto de calidade e o alcance deste.
- Facilita un axeitado control de stocks dos produtos.
- Permite responder de forma rápida e fiable unha reclamación dun cliente.
- Permite localizar e deter a produción e/ou a subministración de produtos defectuosos.

<sup>5</sup> Ver Regulamento (CE) nº 178/2002, art. 18.3.

<sup>6</sup> Ver Regulamento (CE) nº 178/2002, art. 18.4.

- Permite advertir a clientes que poidan recibir unidades do mesmo lote afectado, para evitar o seu consumo e proceder á súa devolución.
- Facilita a retirada dos puntos de venda de produtos que poidan atoparse afectados, se se considera que o problema pode afectar todo un lote ou máis dun lote.
- Permite demostrar a “debida dilixencia” na xestión de incidencias que afecten a saúde pública, os intereses dos consumidores, ou en transaccións comerciais, con importantes repercusións na depuración de responsabilidades.
- Contribúe a unha xestión de calidade adecuada, e é imprescindible para a obtención de certificacións de calidade e de seguridade alimentaria.
- Proporciona confianza e seguridade aos consumidores finais.
- Proporciona confianza á Administración e maior eficacia no control oficial e na xestión de incidencias.

En resumo, ademais de protexer a seguridade e saúde dos consumidores, dispoñer dun bo sistema de autocontrol da rastrexabilidade, permitirá ao operador alimentario (é dicir, á adega) delimitar a que unidades concretas de produto rematado pode afectar un determinado problema que poida ser detectado, xa sexa no cliente ou nas propias instalacións da adega, e que obrigue a desbotar ou destapar o viño e/ou á retirada do produto dos clientes ou dos puntos de venda a consumidores finais. Polo tanto, permite tamén un importante aforro de custos da adega á hora de afrontar as consecuencias deste tipo de adversidades.

É importante ter en conta que, canto máis preciso sexa o sistema de rastrexabilidade, ante calquera deficiencia detectada, ou en caso de alerta alimentaria, máis circunscrito estará o efecto desta incidencia soamente a determinadas partidas, o cal obrigará a revisar menor cantidade de mercancía e/ou a retirar menos produto do mercado, co consecuente aforro de tempo, recursos e diñeiro.

Para maior información sobre a rastrexabilidade e o sistema de autocontrol da rastrexabilidade desde o punto de vista da seguridade alimentaria, recomendamos consultar a *Guía para la aplicación del sistema de trazabilidad en la empresa agroalimentaria*, da Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN)<sup>7</sup>.

O autocontrol da rastrexabilidade, desde o punto de vista da seguridade alimentaria, está intimamente ligado á existencia dun sistema de Análise de Perigos e Puntos de Control Crítico (APPCC) na adega, constituíndo un dos denominados “prerrequisitos” para a implantación dun sistema APPCC (ver apdo. 8.6).

<sup>7</sup> Ver [https://www.aesan.gob.es/AECOSAN/web/seguridad\\_alimentaria/detalle/trazabilidad.htm](https://www.aesan.gob.es/AECOSAN/web/seguridad_alimentaria/detalle/trazabilidad.htm).



## 8.6. Análise de Perigos e Puntos de Control Crítico (APPCC)

O sector vitivinícola está sometido a diversa lexislación, gran parte dela pola condición de industrias alimentarias que teñen as empresas deste sector, e da que deriva como obriga o autocontrol da seguridade alimentaria.

Ante estes requirimentos legais, e tendo en conta as esixencias actuais dos consumidores en canto á calidade e seguridade alimentaria do produto, tanto a nivel nacional como para a exportación a certos países que representan atractivos mercados, resulta obrigatorio, para as empresas do sector do viño, poñer en marcha un sistema de autocontrol dos seus procesos produtivos, consistente nun sistema de Análise de Perigos e Puntos de Control Crítico (APPCC). A propia adega debe ser a responsable da realización destes controis e desta maneira previr a aparición de fallos.

Así, **cada adega deberá dispoñer dun sistema de autocontrol da seguridade alimentaria baseado nos principios do sistema APPCC** establecidos no *Codex Alimentarius*. O devandito sistema debe permitir documentalmente identificar e realizar un seguimento dos produtos que entran, permanecen e saen nos seus procesos, de forma áxil, rápida e eficaz, co fin de que, ante unha perda de seguridade do produto, poidan adoptarse as medidas necesarias, de modo que quede garantida a inocuidade deste á súa chegada ao consumidor final. Este sistema, deseñado e implantado na adega, permite controlar os riscos hixiénico-sanitarios, garantindo a seguridade alimentaria da uva, o mosto e o viño que é producido, elaborado, transformado, embotellado e distribuído.

Os principios básicos do *Codex Alimentarius* en que se basea o sistema APPCC proporcionan a flexibilidade necesaria para aplicarse en todo tipo de establecementos alimentarios, grandes ou pequenos, e permiten ter en conta o carácter específico dos métodos tradicionais de produción dos alimentos.

A lexislación europea e nacional, do mesmo xeito que o *Codex Alimentarius*, establece diferentes mecanismos para asegurar a hixiene alimentaria en todo tipo de industrias. Os devanditos mecanismos son:

1. Aplicación dun sistema de Análise de Perigos e Puntos de Control Crítico, que se traducirá na existencia dun **Plan de APPCC** documentado (en soporte papel ou electrónico) na organización.
2. Cumprimento dos **plans ou programas de apoio ou de prerrequisitos, incluíndo Boas Prácticas de Hixiene (BPH) e de Elaboración (BPE)**.

O obxectivo do Plan de APPCC é identificar e manter controlados os perigos de contaminación relevantes nunha industria alimentaria, en particular nunha adega. Pero este estudo e o control resultante deste non terían ningún sentido se a adega non traballase seguindo unhas prácticas hixiénicas e mantendo unhas condicións ambientais operativas adecuadas.

Este conxunto de prácticas que as adegas deben observar para a seguridade alimentaria inherente aos seus produtos, proporcionando a contorna e as condicións operacionais necesarias para a produción de produtos seguros, son os denominados “prerrequisitos”, que son, polo tanto, complementarios do sistema APPCC.

A figura 8.6.1 ilustra a relación entre o Plan de APPC e prerrequisitos.

O obxectivo que se persegue é que calquera adega, adaptando as pautas aquí expostas aos seus propios procesos, equipamentos e instalacións, consiga xestionar e controlar os seus procesos e crear un marco de rastrexabilidade e boas prácticas hixiénico-sanitarias, e lograr, mediante o cumprimento dos dous obxectivos anteriores, ofrecer produtos seguros que cumpran coa lexislación vixente.

A incorporación do Plan de APPCC e Programas de prerrequisitos nos procesos documentados dunha industria alimentaria, xunto con Boas Prácticas de Hixiene (BPH) e de Elaboración (BPE), tamén documentadas, permite a integración de aspectos básicos da seguridade alimentaria nun sistema de xestión, converténdoo nun Sistema de xestión da seguridade alimentaria (SXSA).




Figura 8.6.1 Plan APPCC e Plan de Prerrequisitos

(Fonte: El autocontrol en los establecimientos alimentarios. Guía para la aplicación del autocontrol basado en el sistema de APPCC, “Agència Catalá de Seguretat Alimentària, 2005”)

### 8.6.1. Sistema APPCC

A Análise de Perigos e Puntos de Control Crítico (APPCC) é un conxunto de actividades sistemático e preventivo, cuxo obxectivo é garantir a inocuidade dos alimentos. Este sistema está recoñecido internacionalmente e serve para abordar os perigos biolóxicos, químicos e físicos mediante a previsión e a prevención, en vez de mediante a inspección e comprobación dos produtos finais.

Baséase nos sete principios do *Codex Alimentarius*, cuxa aplicación se debe describir nun conxunto de documentos cuxo cumprimento asegura o control dos perigos que resultan significativos para a inocuidade dos alimentos no segmento da cadea alimentaria considerado.

Os sete principios do *Codex Alimentarius* son:

- Principio 1: Identificar os riscos ou perigos potenciais (microbiolóxicos, químicos e físicos) e analizar a súa gravidade e probabilidade de presentación.
- Principio 2: Determinar os Puntos Críticos de Control (PCC) de cada proceso ou fase.
- Principio 3: Establecer límites críticos baixo os cales os PCC estean baixo control.
- Principio 4: Establecer un sistema de vixilancia ou monitoraxe para os PCC.
- Principio 5: Establecer as medidas correctivas que han de adoptarse cando a vixilancia indica que un determinado PCC está fóra dos límites críticos (non está controlado).
- Principio 6: Establecer procedementos de verificación para confirmar que o sistema de APPCC funciona eficazmente.
- Principio 7: Establecer un sistema de documentación que inclúa todos os procedementos e os rexistros apropiados para estes principios e a súa aplicación.

O sistema APPCC pode aplicarse ao longo de toda a cadea alimentaria, desde o produtor primario ata o consumidor final, aínda que no ámbito de aplicación do Regulamento (CE) nº 852/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, establécese que só será de aplicación (obrigatoria) para todas as fases posteriores á produción primaria, é dicir, preparación, fabricación, transformación, envasado, almacenamento, transporte, distribución, manipulación e venda ou subministración ao consumidor. Polo tanto, no sector vitivinícola é de obrigado cumprimento para as adegas, e non para os viticultores (produtores primarios).

A continuación establécense unha serie de recomendacións para levar á práctica o sistema APPCC, seguindo a secuencia de implantación establecida polo *Codex Alimentarius* para a aplicación efectiva dos sete principios deste sistema.

En primeiro lugar, recoméndase recoller nun **procedemento documentado** a metodoloxía seguida para desenvolver e implantar o sistema de APPCC.

En segundo lugar, débese elaborar un **Plan de APPCC** documentado, complementado cun **Cadro de Xestión de Puntos de Control Crítico (PCC)** e un conxunto de **Programas de Prerrequisitos (PPR)** (ver figura 8.6.2). Todos estes documentos de seguridade alimentaria, así como os rexistros que demostran a súa aplicación, poden integrarse perfectamente na documentación do sistema de xestión da adega. O obxectivo é que haxa constancia documental do control da seguridade alimentaria.




Figura 8.6.2 Soporte documental recomendado para o sistema de xestión da seguridade alimentaria

(Fonte: elaboración propia)

En terceiro lugar, e antes de aplicar o sistema de APPCC, a adega debe ter unha estrutura e uns equipamentos adecuados, e debe traballar cos principios xerais de hixiene dos alimentos, os cales permitirán centrar o control nos puntos críticos.

Por último, recoméndase seguir a secuencia lóxica de fases definida polo *Codex Alimentarius* para a implantación do sistema APPCC, que se resumen na figura 8.6.3 e se explican a continuación.

Para unha mellor comprensión e interpretación dos conceptos asociados á implantación do sistema APPCC, recoméndase consultar a Comunicación da Comisión nº 2016/C 278/01 sobre a aplicación de sistemas de xestión da seguridade alimentaria que consideran programas de prerrequisitos (PPR) e procedementos baseados nos principios da APPCC, incluída a facilitación/flexibilidade respecto da súa aplicación en determinadas empresas alimentarias e, en particular, os seus anexos II, "Procedementos baseados nos principios da análise de perigos e puntos de control crítico (APPCC) e orientacións para a súa aplicación", e III, "Flexibilidade ofrecida pola lexislación da UE a determinados establecementos".

#### NOTA IMPORTANTE

Non é obxecto desta guía o desenvolvemento exhaustivo dun Plan de APPCC na adega. A continuación presentárase unha descrición básica dos aspectos máis relevantes, coa finalidade de orientar dun modo xeral a adega neste ámbito. A adega deberá asesorarse en maior profundidade, e/ou contratar os servizos dalgunha entidade especializada nesta materia, para asegurar o correcto cumprimento destes requisitos.




Figura 8.6.3 Fases para a aplicación dos principios do sistema APPCC

(Fonte: Codex Alimentarius)

#### 8.6.1.1. FORMACIÓN DUN EQUIPO DE APPCC

Este equipo será o encargado do deseño e a implantación do sistema APPCC. A dirección da adegá deberá asegurar que se dispoña de coñecementos e competencia específicos para os produtos que se elaboran, que permitan formular un sistema APPCC eficaz.

Os coñecementos que, en liñas xerais, han de achegar os compoñentes do equipo son os seguintes:

- Coñecementos e experiencia relativos ao proceso produtivo e aos produtos que se elaboran ou se comercializan.
- Coñecementos en materia de seguridade alimentaria (perigos microbiolóxicos, químicos e físicos) e en tecnoloxía, asociados ao proceso produtivo do establecemento.
- Coñecementos suficientes sobre os principios teóricos e de aplicabilidade do sistema APPCC.

Polo tanto, o equipo de APPCC debería estar composto por persoas que, conxuntamente, poidan cubrir todos os coñecementos mencionados (incluídas persoas externas á organización, de ser o caso).

Debe deixarse constancia documental no Plan de APPCC de quen son os compoñentes do equipo de APPCC, cal deles é o responsable deste e que coñecementos achega cada un

deles no proceso de deseño, desenvolvemento e implantación do sistema APPCC. Para iso pode utilizarse un formato de rexistro como o que se mostra na figura 8.6.4.

INTEGRANTES DO EQUIPO APPCC			
NOME	CARGO	COÑECEMENTOS QUE ACHEGA	FUNCIÓN DENTRO DO EQUIPO
			Responsable do Equipo APPCC

Figura 8.6.4 Formulario de rexistro para equipo APPCC no Plan de APPCC (Fonte: elaboración propia)

En empresas pequenas, este equipo pode estar constituído por unha soa persoa; non obstante, o ideal é crear un equipo multidisciplinar. Cando non se dispoña na propia organización dos coñecementos e aptitudes necesarios, deberá solicitarse información técnica doutras fontes e, se fose necesario, recorrer ao asesoramento externo, tendo en conta que a empresa sempre ha de estar directamente implicada no deseño e desenvolvemento e implantación do sistema APPCC.

### 8.6.1.2. DESCRICIÓN DO PRODUTO


Debe formularse unha descrición completa do produto, que inclúa información pertinente sobre a súa inocuidade, a súa composición, estrutura fisicoquímica, envasado, durabilidade, condicións de almacenamento e sistema de distribución.

Recoméndase reflectir nun documento, dentro do Plan de APPCC, que pode denominarse **ficha técnica ou ficha do produto**, os seguintes aspectos relativos a cada produto ou grupo de produtos coas mesmas características (ver figura 8.6.5):

- Denominación do produto.
- Ingredientes, indicando cantidades e/ou porcentaxes.
- Características microbiolóxicas e fisicoquímicas relevantes para a súa inocuidade.
- Formato e presentación do envase e/ou embalaxe: material, medida, tipo de peche, etc.
- Condicións de conservación relativas ao seu almacenamento e distribución (temperatura ambiente, refrixeración, etc.).
- Sistema utilizado para identificar o produto (lote de fabricación ou outros).
- Vida útil do produto (data de caducidade ou de consumo preferente, de ser o caso).

- Destino (consumidor final ou uso industrial, etc.).
- Uso esperado: uso previsto por parte do consumidor final ou usuario.

Realizar unha descrición exhaustiva do produto axuda o equipo APPCC a identificar os perigos "reais" que acompañan o proceso.

 <b>FICHA DO PRODUTO</b>	
<b>Nome do produto</b>	Viño branco albariño
<b>Denominación de venda</b>	LA BODEGA DEL ABUELO
<b>Ingredientes</b>	Uva branca variedade Albariño
<b>Características importantes para garantir a súa inocuidade</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Contido en alcohol 12,5%</li> <li>▪ Acidez total (g/l en ácido tartárico) = 6,56</li> <li>▪ PH = 3,38</li> <li>▪ Contido en sulfitos entre 90 e 210 g/l</li> <li>▪ Inocuo para o consumidor</li> <li>▪ O aditivo asegura a estabilidade e protexe o viño fronte ás fermentacións e alteracións indesexadas</li> </ul>
<b>Formato e presentación(s)</b>	Botellas de 0,75 L e 1,5 L
<b>Material do envase</b>	Vidro
<b>Condicións almacenamento</b>	En lugar fresco e seco
<b>Datos etiquetaxe</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Marca</li> <li>• Colleita</li> <li>• Tipo viño</li> <li>• Indicacións obrigatorias e facultativas</li> </ul>
<b>Modo de venda</b>	Comercio por xunto
<b>Control especial na súa distribución</b>	Non expoñer directamente á luz solar Conservar a temperatura entre 10 e 15 °C
<b>Uso esperado</b>	Bebida de consumo para persoas maiores de 18 anos
<b>Vida útil</b>	4 anos en condicións óptimas de calidade (variable en función da temperatura e condicións de conservación). Inocuidade microbiolóxica indefinida.

Describir estas características microbiolóxicas e fisicoquímicas axuda a identificar as etapas esenciais do proceso que garanten a produción de viños seguros.

A información para ter en conta respecto ao concepto "tempo de vida útil" é o período durante o cal o viño mantén a súa inocuidade microbiolóxica.

Non ten por que coincidir coas especificacións de durabilidade mencionadas na etiqueta do produto.

Figura 8.6.5 Exemplo de ficha do produto no Plan de APPCC  
(Fonte: elaboración propia)

### 8.6.1.3. ELABORACIÓN E COMPROBACIÓN DUN DIAGRAMA DE FLUXO

Todo o proceso produtivo debe ser representado nun **diagrama de fluxo**.

O diagrama de fluxo debe ser elaborado polo equipo de APPCC e cubrir todas as fases da produción, de modo que, cando o sistema de APPCC se aplique a unha determinada operación, se teñan en conta as fases anteriores e posteriores á devandita operación.



A análise debe levarse a cabo para todos os produtos que se elaboren, de xeito que haxa tantos diagramas de fluxo como procesos de elaboración distintos se leven a cabo. No caso de que se produza unha ampla gama de produtos, agrúpanse os que difiran pouco no proceso de elaboración e presenten riscos similares.

Para lograr unha visión global dos procesos é recomendable elaborar un diagrama de fluxo xeral (como o da Figura 8.6.6) e posteriormente ir particularizando e analizando cada etapa con detalle (ver Figura 8.6.7 para o caso do proceso de embotellamento, p. ex.). Polo tanto, pode representarse o proceso produtivo nun conxunto de diagramas de fluxo.

Os diagramas de fluxo deben incluírse no Plan de APPCC documentado, e deben comprobarse periodicamente para garantir a súa actualización.





Figura 8.6.6 Exemplo de diagrama de fluxo xeral no Plan de APPCC

(Fonte: elaboración propia)

O equipo de APPCC, unha vez elaborado o/s diagrama/s de fluxo, debe cotexalo/s co proceso de produción en todas as súas etapas e momentos, e emendalo/s cando cumpra.

Estes diagramas de fluxo son moi adecuados para incorporarse tamén nos documentos no que se describan os procesos produtivos da adega (fichas de proceso ou procedementos documentados, como os habituais nun sistema de xestión da calidade baixo a norma ISO 9001), integrando así a documentación de calidade e a de seguridade alimentaria. Deste xeito, non se duplica a mesma información e, á hora de emendar ou corrixir os diagramas de fluxo, faríase unha única vez para todos os casos en que se utilicen estes.



Deben detallarse na medida do posible as actividades levadas a cabo en cada etapa, incluíndo descrición, responsable, controis do proceso e inspeccións do produto, de modo que non se obvie ningún perigo que puidese comprometer a inocuidade do produto.

Figura 8.6.7 Exemplo de diagrama de fluxo do proceso de embotellamento no Plan de APPCC (Fonte: elaboración propia)

### 8.6.1.4. ANÁLISE DE PERIGOS E DETERMINACIÓN DE MEDIDAS PREVENTIVAS

A continuación expone o modo de actuar para analizar os perigos e determinar as medidas preventivas orientadas a estes.

#### 1. IDENTIFICACIÓN DOS PERIGOS

Nesta etapa o equipo de APPCC ten que identificar todos os perigos razoablemente previsibles en cada fase, desde a recepción de materias primas (incluíndo a recolección da uva), a elaboración, o embotellamento, a embalaxe/paletizado e a distribución ata o punto de consumo.

Os aspectos que deben ser valorados para a identificación de perigos preséntanse na Figura 8.6.8.



Figura 8.6.8 Aspectos que deben ser valorados para a identificación de perigos

(Fonte: elaboración propia)

Unha vez identificados os perigos, deben clasificarse en físicos, químicos e biolóxicos<sup>8</sup>.

- a. **Perigos biolóxicos:** aínda que pouco habituais no sector vitivinícola, é posible identificar microorganismos nos envases, sistemas de transporte, aditivos ou produtos auxiliares tecnolóxicos. A composición do viño (pola súa acidez e alcohol) non permite desenvolverse os microorganismos patóxenos máis extensamente coñecidos, como *Salmonella spp.*, *Listeria monocytogenes* ou *Escherichia coli*. Si deben controlarse (*Escherichia coli* e bacterias coliformes) na subministración de auga, segundo o Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano (ver epígrafe 8.6.2.2, "Control de augas"). Estes microorganismos poderían presentarse nos envases ou sistemas de transporte utilizados para a vendima.

<sup>8</sup> Os seguintes tres puntos están baseados en *Los autocontroles en la industria vitivinícola*, Domingo, C.; Albó, J.A.; Romero, S.V., Mínguez, S. INCAVI, Agência de Seguretat Alimentària, 2007.

b. **Perigos químicos:** entre eles, pódense mencionar os seguintes:

- Produtos fitosanitarios e herbicidas.
- Metais pesados: chumbo, mercurio, arsénico, etc.
- Produtos de limpeza e desinfección.
- Graxas e aceites.
- Migracións dos envases: bisfenol A e diglicidiléter de bisfenol A, ftalatos, nonilfenois.
- Etilenglicol e dietilenglicol.
- Carbamato de etilo.
- Aminas bióxenas.
- Ferrocianuro.
- Substancias liberadas do carballo, labras ou chips de carballo ou por exceso de tostado: hidrocarburos aromáticos policíclicos (HAP).
- Migracións dos tapóns: contaminantes orgánicos persistentes, bifenilos policlorados e HAP.
- Familias de compostos considerados oficialmente alérxenos pola lexislación europea: anhídrido sulfuroso e ovo.

Os perigos químicos deben ser tratados soamente por persoas que recibisen formación especializada<sup>9</sup>.

c. **Perigos físicos:** normalmente, trátase de corpos estraños (restos vexetais, restos de insectos, po, elementos metálicos ou anacos de vidro -xeralmente procedentes de botellas rotas-).

Outro tipo de perigo (que pode considerarse químico) é o que constitúen os **alérxenos**, que son habitualmente proteínas ou glicoproteínas presentes de forma natural nos produtos alimenticios, e que poden provocar alerxias ou reaccións inmunolóxicas nas persoas. Polo tanto, os alérxenos presentes nas materias primas, así como os incorporados durante os procesos produtivos (aditivos, como os sulfitos, p. ex.), deben tamén ser identificados.

Os perigos identificados e clasificados deben documentarse no Plan de APPCC.

<sup>9</sup> Comunicación da Comisión nº 2016/C 278/01, punto 2.5.

## 2. AVALIACIÓN DOS PERIGOS

Unha vez identificados os perigos, o equipo de APPCC deberá levar a cabo unha análise para identificar cales son aqueles cuxa eliminación ou redución a niveis aceptables resulta indispensable para elaborar un produto inocuo.

A avaliación de cada perigo pódese levar a cabo en función do **efecto** e a **probabilidade de ocorrencia** deste (ver figura 8.6.9), entendendo por efecto o grao das consecuencias adversas (gravidade, severidade) que levaría consigo a aparición deste perigo, se non fose controlado. Este sistema de avaliación é similar ao que se adoita utilizar para a categorización dos riscos laborais ou medioambientais.

Os **perigos significativos** serían aqueles con maiores niveis conxuntos de severidade e probabilidade de ocorrencia. Queda a criterio da adega definir cales son estes niveis. Así, no exemplo da figura 8.6.9, a adega podería determinar que son perigos significativos, p. ex. aqueles que teñan unha categorización de 4 ou superior (nunha escala de 1 a 7 como a mostrada na figura).

NIVEL DE RIESGO (R = P x E): ESCALA DE 1 A 7

PROBABILIDAD	Elevada	4	4	5	6	7
	Real	3	3	4	5	6
	Baja	2	2	3	4	5
	Muy baja	1	1	2	3	4
			1	2	3	4
			Limitado	Moderado	Grave	Muy grave
			EFECTO			

Figura 8.6.9 Exemplo do cadro de avaliación de perigos

(Fonte: Comunicación da Comisión nº 2016/C 278/01, apéndice 2)

Esta avaliación pódese levar a cabo mediante diferentes métodos, entre os que se inclúe a discusión en grupo, tendo que deixar constancia documental desta análise (o equipo explica por que incluíu un perigo ou, pola contra, o motivo polo que excluíu outro).

Para levar a cabo esta análise é necesario contar co suficiente nivel de experiencia e coñecementos, e basearse en datos técnicos e científicos, datos epidemiolóxicos, datos recompilados da experiencia da mesma empresa, etc.

Os perigos significativos, que deben quedar debidamente documentados no Plan de APPCC, son aqueles para os que deben exporse no sistema APPCC puntos de control crítico (PCC), límites críticos e medidas correctivas (ver pasos 5, 6 e 7).

## 3. DETERMINACIÓN DAS MEDIDAS PREVENTIVAS

Unha vez determinados os perigos significativos, o equipo APPCC terá que determinar que medidas preventivas (se as hai) poden aplicarse en relación con cada perigo significativo. Débese establecer para cada un deles (e para cada unha das súas causas) cales son as medidas preventivas que permiten eliminalo ou reduciilo a un nivel aceptable.

Estas medidas preventivas deben quedar documentadas no Plan de APPC, e pode facerse de maneira similar á mostrada na figura 8.6.10.

Pode que sexa necesario aplicar máis dunha medida para controlar un perigo ou perigos específicos, e que cunha determinada medida se poida controlar máis dun perigo. Se non se pode identificar ningunha medida preventiva para un perigo significativo, o produto ou o proceso deberán modificarse nesa fase, ou en calquera fase anterior ou posterior, para incluír unha medida preventiva.

Figura 8.6.10.a Exemplo de identificación de perigos e causas, e determinación de medidas preventivas, na fase de recepción e procesado

(Fonte: elaboración propia)

Etapa	Perigo	Causa	Medida preventiva (e documentación asociada)
Recepción da uva	Biolóxico: Contaminación microbiana da materia prima.	Malas prácticas de manipulación no viñedo, vendima, transporte e/ou recepción.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Formación do persoal da vendima de boas prácticas de recolección: non introducir follas, videiras ou outros corpos estraños, depositar os acios con coidado...</li> <li>Mantemento hixiénico das caixas da vendima: limpeza con deterxente alcalino e precintado ao comezo da vendima e limpeza con auga a presión tras cada descarga (ver Procedemento mantemento e limpeza).</li> <li>Controis en recepción: control visual do estado sanitario da uva e presenza de elementos estraños (ver Ficha de proceso recepción e procesado).</li> <li>Mantemento hixiénico dos medios de transporte: limpeza da zona de carga de vehículos antes da vendima e tras cada descarga (ver Procedemento mantemento e limpeza).</li> </ul>
	Biolóxico: Inicio da fermentación.	Rotura da uva ou exceso de tempo antes de procesado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Emprego de caixas pechadas non superiores a 20 kg de capacidade.</li> <li>Tempo máximo entre vendima e procesado da uva 24 horas (ver Ficha de proceso recepción e procesado).</li> </ul>

Figura 8.6.10.b Exemplo de identificación de perigos e causas, e determinación de medidas preventivas, na fase de elaboración

(Fonte: elaboración propia)

Etapa	Perigo	Causa	Medida preventiva (e documentación asociada)
Mesturas	Químico: Exceso de sulfuroso.	Dosificación incorrecta.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Operación efectuada só por persoal debidamente formado.</li> <li>Analíticas previas para determinación da dose.</li> <li>Rexistro tras cada adición para evitar duplicar operación (ver Ficha de Proceso Recepción e Procesado).</li> </ul>
Conservación	Químico: Presenza de etilenglicol e/ou dietilenglicol.	Fuga do sistema de refrixeración.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Mantemento preventivo de intercambiadores de auga glicolada: revisión anual do sistema de refrixeración (ver Procedemento de mantemento e limpeza).</li> </ul>
	Físico: Presenza de corpos estraños no viño.	Contaminación física de depósitos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Mantemento e limpeza dos depósitos: Limpeza antes e despois de cada uso, revisión anual (ver Procedemento de mantemento e limpeza).</li> </ul>

Figura 8.6.10.c Exemplo de identificación de perigos e causas, e determinación de medidas preventivas, na fase de embotellamento

(Fonte: elaboración propia)

Etapa	Perigo	Causa	Medida preventiva (e documentación asociada)
Filtración	Físico: Presenza de corpos estraños no viño embotellado.	Rotura do cartucho do filtro amicróbico.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Test de integridade do filtro antes do embotellamento.</li> <li>Mantemento da presión de filtrado nun rango axeitado durante o embotellamento (ver Ficha de Proceso Embotellamento).</li> </ul>
Enchedura	Físico: Presenza de cristais.	Rotura de botellas durante o embotellamento.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Filtrado amicróbico.</li> <li>Retirar as tres botellas anteriores e seguintes á rotura e limpar o tren de embotellamento.</li> </ul>

### 8.6.1.5. DETERMINACIÓN DOS PUNTOS DE CONTROL CRÍTICOS (PCC)

Nas etapas do proceso na que se identificou un **perigo significativo**, debe determinarse se é necesario previr este perigo, eliminalo ou reduciilo a un nivel aceptable. No caso de que o sexa, a etapa é un **punto de control crítico (PCC)** para este perigo. Unha etapa que resulta ser un PCC requirirá dun control máis exhaustivo que o resto para garantir un produto seguro.

Aínda que resultan fundamentais a experiencia e coñecementos dos membros do equipo APPCC, realizar esta análise só con base no seu criterio pode provocar que se determinen menos PCC dos necesarios, co que se podería estar a poñer en perigo a inocuidade dos produtos, ou ben, por tratar de asegurar a devandita inocuidade, definir PCC en exceso, co que non se lograría centrar o control nas fases que son realmente fundamentais.

Polo exposto anteriormente, a determinación dun PCC pódese facilitar coa aplicación dunha **árbore de decisións** (véxase Figura 8.6.11), mediante a que se segue unha secuencia lóxica de preguntas e respostas que permiten tomar unha decisión obxectiva sobre unha cuestión determinada.




Figura 8.6.11 Árbore de decisións

(Fonte: "El autocontrol en los establecimientos alimentarios. Guía para la aplicación del autocontrol basado en el Sistema de APPCC", Agència Catalá de Seguretat Alimentària, 2005)



Nas figuras 8.6.12.a e 8.6.12.b móstranse exemplos da aplicación da árbore de decisións presentado na figura 8.6.11.

No Plan de APPCC deben quedar documentados os PCC identificados.

ETAPA	Perigo e causa	P1: Existen medidas preventivas para este perigo?	P2: A etapa está especificamente deseñada para eliminar ou reducir o perigo ata un nivel aceptable?	P3: Pode haber unha contaminación ou pode aumentar o perigo ata un nivel inaceptable?	P4: Pode unha etapa posterior eliminar ou reducir o perigo ata un nivel aceptable?	É PCC
MESTURAS	Exceso de sulfuroso por dosificación incorrecta.	SI Operación efectuada só por persoal debidamente formado.  Analíticas previas para determinación da dose.  Registro tras cada adición para evitar duplicar operación.	NON Esta etapa está concibida para evitar a oxidación e a acción bactericida, pero por si mesma non evita a toxicidade por exceso de SO <sub>2</sub> .	SI En caso de erro na dose pódense superar os límites, baixo o que a concentración de SO <sub>2</sub> é inocua.	NON Non existe ningunha etapa posterior que provoque a redución dos niveis de sulfuroso.	SI
CONSERVACIÓN	Presenza de corpos estraños no viño por contaminación física de depósitos.	SI Mantemento e limpeza dos depósitos: Limpeza antes e despois de cada uso, revisión anual.	NON A etapa de conservación non reduce nin elimina por si mesma ningún perigo.	SI No caso de que haxa no viño en conservación algún elemento físico, este podería causar dano ao consumidor.	SI O filtrado amicrobico impide que os corpos físicos cheguen ao viño embotellado, polo tanto nesta etapa non temos un PCC.	NON

Figura 8.6.12.a Exemplo de determinación de PCC na fase de elaboración

(Fonte: elaboración propia)

ETAPA	Perigo e causa	P1: Existen medidas preventivas para este perigo?	P2: A etapa está especificamente deseñada para eliminar ou reducir o perigo ata un nivel aceptable?	P3: Pode haber unha contaminación ou pode aumentar o perigo ata un nivel inaceptable?	P4: Pode unha etapa posterior eliminar ou reducir o perigo ata un nivel aceptable?	É PCC
FILTRACIÓN	Presenza de corpos estraños no viño embotellado por filtrado deficiente ou rotura do cartucho do filtro amicrobico.	SI Test de integridade de filtro antes do embotellamento.  Mantemento da presión do filtrado nun rango axeitado durante o embotellamento.	SI O filtrado amicrobico está concibido para eliminar a presenza de partículas no viño.	Xa que a resposta á pregunta anterior é si, esta etapa é considerada directamente PCC, e non é necesario continuar coa secuencia de preguntas.		SI

Figura 8.6.12.b Exemplo de determinación de PCC na fase de embotellamento

(Fonte: elaboración propia)

### 8.6.1.6. ESTABLECEMENTO DE LÍMITES CRÍTICOS PARA CADA PUNTO DE CONTROL CRÍTICO

Para cada punto de control crítico (PCC) deberán especificarse e validarse os seus límites críticos. O **límite crítico é o criterio ou valor que diferencia a aceptabilidade da inaceptabilidade** do proceso nunha fase determinada, o que implica que un produto será seguro mentres os valores dos parámetros para controlar en cada PCC se manteña dentro dos límites críticos definidos para cada un deles. Polo tanto, en cada PCC poden existir diferentes parámetros de control, e deben definirse os límites críticos para cada un deles.

Os límites críticos han de estar asociados a parámetros **que sexan fáciles e rápidos de medir ou observar**. Cando se superen estes valores, o PCC ao que se asocian atoparase fóra de control, o que implica que será necesario adoptar as medidas necesarias para que volva estar baixo control.

Os límites críticos para cada PCC teñen que estar documentados no **Cadro de Xestión de PCC** (ver exemplos na figura 8.6.13).

Etapa do proceso que é un PCC	Perigo	Medidas preventivas	Límites críticos	Fontes de información
MESTURAS	Exceso de sulfuroso por dosificación incorrecta	Operación efectuada só por persoal debidamente formado	Cumprimento desta condición	Regulamento da denominación de orixe
		Analíticas previas para determinación da dose	200 mg/L	
		Registro tras cada adición para evitar duplicar operación	Unha soa aplicación	
FILTRACIÓN AMICRÓBICA	Presenza de corpos estraños no viño embotellado por filtrado deficiente ou rotura do cartucho do filtro amicróbico	Test de integridade de filtro antes do embotellamento	Variación de presión ≤ 0,1 bar	Manual do equipamento de filtración
		Mantemento da presión de filtrado nun rango adecuado durante o embotellamento	Presión de filtrado: 0 < Presión < 2 bar	

Figura 8.6.13 Exemplo de determinación de límites críticos para PCC

(Fonte: elaboración propia)

### 8.6.1.7. ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA DE VIXILANCIA PARA CADA PCC

Débase establecer un **método de vixilancia para cada PCC que permita detectar que se atopa fóra dos seus límites críticos** e que, polo tanto, se produciu unha perda de control nesta etapa.

Ademais, o ideal é que o sistema de vixilancia permita detectar unha tendencia á perda de control, e non soamente a ocorrencia desta (isto pode conseguirse mediante unha vixilancia continua ou o bastante frecuente, se é discreta). Deste xeito, cando iso sexa

posible, os procesos poderían corrixirse antes de que ocorra a desviación. Se a vixilancia non é continua, o seu grao ou frecuencia deberán ser suficientes como para garantir que o PCC estea controlado.

Con respecto á frecuencia da vixilancia, a Comunicación da Comisión nº 2016/C 278/01 di que:

*A frecuencia do control de perigos físicos (vidro, plástico, metal, etc.) debe determinarse segundo unha análise baseada no risco (que probabilidade hai de que ocorra nun establecemento dado?)<sup>10</sup>.*

Para a determinación do sistema de vixilancia de cada PCC hai que definir no Cadro de Xestión de PCC:

- Que método de vixilancia se utiliza (que, como, cando e onde se vixía).
- Quen é a persoa responsable.
- Como se rexistran os resultados.

Na figura 8.6.14 móstranse exemplos de sistemas de vixilancia para algúns PCC.

Etapa que é un PCC	Perigo	Medidas preventivas	Límites críticos	Vixilancia		
				Método	Responsable	Rexistro
MESTURAS	Exceso de sulfuroso por dosificación incorrecta	Operación efectuada só por persoal debidamente formado	Cumprimento desta condición	Comprobación da cualificación do persoal destinado a esta tarefa	Responsable da adega	Rexistro de Cualificación e Formación do Persoal
		Rexistro tras cada adición para evitar duplicar operación	Unha soa aplicación	Control visual do rexistro de adición de sulfuroso previo e posterior á adición	Adegueiro	Ficha de mesturas
		Analíticas previas para determinación da dose	200 mg/L	Control analítico da concentración tras adición	Enólogo	Boletín de análise
FILTRACIÓN AMICRÓBICA	Presenza de corpos extraños no viño embotellado por filtrado deficiente ou rotura do cartucho do filtro amicróbico	Test de integridade de filtrado antes do embotellamento	Variación de presión $\leq 0,1$ bar	Control e rexistro de presión ao comezo e final do test	Adegueiro	Rexistro control embotellamento
		Mantemento da presión de filtrado nun rango adecuado durante o embotellamento	Presión de filtrado: $0 < \text{Presión} < 2$ bar	Control visual continuo de presión no manómetro filtros	Adegueiro	Rexistro control embotellamento (inicio e final de operación)

Figura 8.6.14 Exemplo de establecemento do sistema de vixilancia para PCC

(Fonte: elaboración propia)

<sup>10</sup> Comunicación da Comisión nº 2016/C 278/01, punto 2.5.

A maioría dos procedementos de vixilancia dos PCC deberán efectuarse con rapidez, porque se referirán a procesos continuos e non haberá tempo para ensaios analíticos prolongados. Con frecuencia prefírense as medicións físicas e químicas aos ensaios microbiolóxicos, porque poden realizarse rapidamente, e a miúdo indican o control microbiolóxico do produto.

### 8.6.1.8. ESTABLECEMENTO DE MEDIDAS CORRECTIVAS

Coa fin de facer fronte ás desviacións que poidan producirse, han de formularse **medidas correctivas específicas para cada PCC** do sistema de APPCC. Os datos obtidos grazas á vixilancia teñen que ser avaliados por quen teña os coñecementos e a competencia necesarios para aplicar medidas correctivas, cando proceda.

Estas medidas deben ser específicas para cada PCC e describir os pasos que cómpre seguir para poder asegurar, de maneira rápida, os seguintes obxectivos:

- Corríxese a causa da desviación, de modo que o PCC volva estar baixo control.
- Non se distribúan produtos que poidan ser potencialmente prexudiciais para a saúde.

Medidas preventivas	Límites críticos	Vixilancia			Medidas correctivas	
		Método	Responsable	Rexistro	Método	Responsable
Operación efectuada só polo persoal debidamente formado	Cumprimento desta condición	Comprobación da cualificación do persoal destinado a esta tarefa	Responsable da adega	Rexistro de Cualificación e Formación de Persoal	Proporcionar formación requirida	Responsable da adega
Rexistro tras cada adición para evitar duplicar operación	Unha soa aplicación	Control visual do rexistro de adición de sulfuroso previo e posterior á adición	Adeguero	Ficha de mesturas	Avaliar conformidade do produto afectado e desbotar ou mesturar segundo proceda	Enólogo
Analíticas previas para determinación da dose	200 mg/L	Control analítico da concentración tras adición	Enólogo	Boletín de análise		
Test de integridade de filtrado antes do embotellamento	Variación de presión ≤ 0,1 bar	Control e rexistro de presión ao comezo e final do test	Adeguero	Rexistro control embotellamento	Cambio de cartucho danado e refiltrado da partida afectada, se procede	Adeguero
Mantemento da presión de filtrado nun rango adecuado durante o embotellamento	Presión de filtrado: 0<Presión<2 bar	Control visual continuo de presión no manómetro filtros	Adeguero	Rexistro control embotellamento (inicio e final de operación)	Parada da filtración, control e cambio de cartucho e refiltrado da partida afectada, se procede	Adeguero

Figura 8.6.15 Exemplo de determinación de medidas correctivas en caso de incumprimento de límites críticos

(Fonte: elaboración propia)

No Cadro de Xestión de PCC debe determinarse, en relación coas medidas correctivas (ver Figura 8.6.15):

- Que medida correctiva debe aplicarse en cada caso de incumprimento dos límites críticos.
- Quen é a persoa responsable da súa aplicación.
- Como se rexistra a medida correctiva aplicada.

Ademais das medidas correctivas en caso de incumprimento de límites críticos, é necesario tamén establecer medidas (documentadas e coa correspondente formación e información ao persoal), sobre medidas continxentes, é dicir, que facer no caso de, p. ex., roturas de vidro (botellas), derramamento, etc<sup>11</sup>.

#### 8.6.1.9. COMPROBACIÓN DO SISTEMA

Deben establecerse procedementos de verificación para determinar se o sistema APPCC funciona eficazmente e para constatar que se eliminan ou se reducen de maneira efectiva os perigos que poderían poñer en dúbida a seguridade do produto.

Poden utilizarse métodos, procedementos e ensaios de verificación e comprobación, incluídos a mostraxe aleatoria e a análise. A frecuencia das comprobacións debe ser suficiente para confirmar que o sistema APPCC está a funcionar eficazmente. Entre as actividades de verificación poden citarse, a título de exemplo, as seguintes:

- Exame do sistema APPCC e dos seus rexistros.
- Exame das desviacións e os sistemas de eliminación do produto.
- Confirmación de que os PCC seguen estando controlados.

Cando sexa posible, convén que as actividades de validación inclúan medidas que confirmen a eficacia de todos os elementos do sistema APPCC.

Os procedementos de verificación teñen que documentarse no Plan de APPCC, tendo que constar por escrito:

- Procedemento (que, como e onde se comproba).
- Frecuencia (cando se comproba).
- Persoa responsable (quen comproba).

<sup>11</sup> Ver Comunicación da Comisión nº 2016/C 278/01, punto 2.5.

### 8.6.1.10. ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA DE DOCUMENTACIÓN E REXISTRO

Debe deseñarse o sistema de documentación e rexistro, que está constituído por:

- **Estrutura documental do sistema APPCC.** Seguindo as recomendacións deste texto, estaría composta polos documentos que se describen a continuación:
  - o Plan de APPCC: no que se inclúen as evidencias do deseño e desenvolvemento do sistema APPCC desde a constitución do equipamento APPCC ata a determinación dos PCC e os métodos de comprobación do sistema APPCC (pasos 1, 2, 3, 4, 5 e 9).
  - o Cadro de Xestión de PCC: táboa na que figuran as etapas dun proceso que resultan ser puntos de control crítico (PCC), xunto cos resultados que se van obtendo da aplicación do sistema APPCC en cada unha delas, é dicir, límites críticos, medidas correctivas e sistema de vixilancia (pasos 6, 7 e 8).
- **Rexistros derivados da aplicación da APPCC.** Como exemplos de rexistros pódense mencionar:
  - o Datos de temperatura, pH, sulfitados, presión de filtrado ou outros parámetros dos que sexa necesario evidenciar o control.
  - o As desviacións atopadas e as medidas correctivas correspondentes (que deben rexistrarse documentalmente).

### 8.6.2. Programas de prerrequisitos

Como se mencionou anteriormente, o conxunto de prácticas que as empresas alimentarias, como o son as adegas, deben observar para a protección sanitaria dos seus produtos, e que proporcionan **a contorna básica e as condicións operacionais** necesarias para a elaboración de produtos seguros, son os denominados **Programas de prerrequisitos (PPR)**, que son, polo tanto, complementarios do Plan de APPCC.

Os PPR seguen a cadea alimentaria desde a produción primaria ata o consumo final, sendo fundamentais os controis de hixiene básicos que se efectúan en cada etapa.

Estes programas, basicamente, céntranse en:

- O deseño e a construción das instalacións, locais e equipamentos.
- As prácticas de hixiene do persoal e os coñecementos sobre seguridade alimentaria con que se debe contar.
- A limpeza e desinfección das instalacións e equipamentos.
- A subministración e o uso de auga de abastecemento.

- A prevención e o control de pragas.
- A identificación e a localización dos produtos producidos e/ou comercializados (rastrexabilidade).
- O control das operacións.

A lexislación vixente, baseada no Regulamento (CE) nº 852/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, e particularmente no seu Anexo II, Requisitos hixiánicos aplicables a todos os operadores de empresa alimentaria (agás se é de aplicación o Anexo I), inclúe requisitos relativos a prácticas de hixiene xerais e específicas dos locais, instalacións e equipamentos, así como outras que deben incluírse nestes programas, os cales deben ser específicos para cada empresa. Cada organización debe determinar que PPR son máis adecuados, de ser o caso, tendo en conta que algúns destes programas son de obrigado cumprimento pola normativa legal vixente.

No presente capítulo desta guía abordaremos en primeiro lugar os ditos requisitos xerais e específicos da hixiene para os locais, instalacións e equipamentos (apdo. 8.6.2.1) e, a continuación, desenvolveremos (con diferente grao de detalle) os posibles contidos dos seguintes PPR:

- Control de augas (8.6.2.2).
- Control de pragas (8.6.2.3).
- Limpeza e desinfección (8.6.2.4).
- Control da rastrexabilidade (8.6.2.5)
- Control de residuos (8.6.2.6)
- Control de provedores (8.6.2.7)
- Control de alérxenos (8.6.2.8)
- Formación e cualificación do persoal en seguridade alimentaria (8.6.2.9)

*En todo caso, queda garantida a pertenza a OIVE de toda organización representativa de ámbito nacional, que cumpra os requisitos e procedementos recollidos no presente artigo, sempre que acredite representar, polo menos, a porcentaxe mínima do 10 por cento da rama profesional á que pertence, en función dos criterios de representación aprobados pola OIVE e recoñecidos polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.*

*Así mesmo, terá garantida a súa presenza toda organización de ámbito autonómico que acredite representar polo menos o 50% da rama profesional correspondente ao seu ámbito territorial, sempre que o sector ou produto de que se trate supoña polo menos un 3% da produción final agraria ou agroalimentaria a nivel nacional, ou o 8% da produción final agraria na Comunidade Autónoma.*

### 9.3. Extensión de Norma do viño

A OIVE, como Organización Interprofesional e segundo a Lei 38/1994, pode actuar tomando acordos obrigatorios para todos os seus membros. Non obstante, adicionalmente, dispón dun mecanismo denominado “Extensión de Norma”, mediante o cal eses acordos se fan obrigatorios a todos os produtores e operadores do sector, mediante unha orde do Ministerio. É dicir, ao aplicarse unha Extensión de Norma, os acordos tomados pola OIVE vólvense de obrigado cumprimento para todos os produtores e operadores do sector do viño, estean ou non integrados na interprofesional, mesmo no relativo ás achegas económicas necesarias para poder levar a cabo os mencionados acordos.

Neste sentido, actualmente está vixente a Orde APA/806/2019, do 25 de xullo, pola que se estende o Acordo da Organización Interprofesional do Viño de España, ao conxunto do sector e se fixa a achega económica obrigatoria para realizar actividades de promoción e información do sector vitivinícola e os seus produtos, intelixencia económica, vertebración sectorial, investigación, desenvolvemento, innovación tecnolóxica e estudos, durante as campañas 2019/2020, 2020/2021, 2021/2022, 2022/2023 e 2023/2024. É dicir, na actualidade e ata o 31 de xullo de 2024, todos os produtores e operadores do sector do viño de España, estean ou non integrados na interprofesional, deben realizar achegas económicas, con base en todo o viño comercializado, para financiar certas actividades. Estas actividades agrúpanse en:

1. Promoción e información do sector vitivinícola e os seus produtos (mercado interior e exterior, consumo responsable).
2. Intelixencia económica (información sectorial, acceso a mercados).
3. Vertebración sectorial (control da calidade e a autenticidade, estratexia do sector, mellor funcionamento da cadea de valor).
4. Desenvolver programas de investigación, desenvolvemento, innovación tecnolóxica e estudos (cambio climático, viño e saúde, dinamización).
5. Bo goberno e transparencia na posta en marcha e xestión da Extensión de Norma (óptima xestión do sistema de Extensión de Norma, correcta e transparente información aos operadores do sector).

Estes recursos achegados a través da Extensión de Norma deben ser destinados aos fins establecidos na devandita extensión. Ademais, ao longo das cinco campañas asignárase, polo menos, o 80% do total das achegas ás accións de promoción e información do



sector vitivinícola español e os seus produtos. En ningún caso se destinará máis do 10% dos recursos xerados pola Extensión de Norma aos labores de coordinación, seguimento, control das distintas actuacións que se van executar, á propia xestión da Extensión de Norma e á información a todos os operadores sobre esta. Por último, o plan de actuacións para cada ano debe ser aprobado pola Xunta Directiva da OIVE.

### 9.3.1. Sistemática de recadación

A Extensión de Norma aplicarase a todo o viño comercializado en España, destinado tanto ao mercado doméstico como á exportación, independentemente da orixe deste ou do seu ano de produción. Por iso, están obrigados ao pagamento da cota estipulada pola Extensión de Norma os produtores de viño ou mosto ou os propietarios das existencias de viño ou mosto que non sexan consumidores privados ou comerciantes polo miúdo, ou ben as persoas físicas ou xurídicas que comercialicen no mercado doméstico viño de orixe non española.

Ante esta obriga, existen certos movementos eximidos do pagamento da cota:

- As saídas de viño con destino a destilación e vinagrería.
- As saídas de viño elaborado ou envasado por encargo do propietario deste.
- No caso de devolucións comerciais que xa devindicaron e pagaron cota, na seguinte comercialización deducirase a dita cantidade, e queda así exenta do pagamento desta.
- Os movementos ou transaccións de viño desde as adegas ao seu almacén, á súa entidade integradora ou entre si consideraranse de carácter interno e, polo tanto, non devindicarán a cota, sempre e cando as adegas integren a oferta do seu viño a través dunha entidade integradora ou pertencen a un mesmo grupo empresarial ou cooperativo.

Para todos os movementos non exentos do pagamento da cota, esta devindicarase, con carácter xeral, no momento da saída do viño vendido das instalacións onde estea depositado, independentemente do seu ano de produción. A cantidade para pagar dependerá do tipo de produto comercializado:

- Viño envasado: 0,18 €/hl de viño vendido envasado en calquera formato ou volume.
- Viño a granel: 0,052 €/hl de viño vendido a granel.

No caso do viño destinado á elaboración doutros produtos (sangría, tinto de verán, viños aromatizados...) e para os efectos da aplicación da cota, as saídas terán a consideración de viño vendido a granel.

Para a facturación e recadación da Extensión de Norma, a OIVE baséase nos movementos de viño declarados no Sistema de Información de Mercados do Sector Vitivinícola (INFO-VI), establecido no Real decreto 739/2015 (ver parte 3, apdo. 3.2, desta guía).



Tomando como base a dita declaración, cómpre eliminar os posibles movementos que estean exentos do pagamento da cota, é dicir:

a. Saídas de viño elaborado ou envasado por encargo do propietario deste.

No caso de saídas de viño cuxo obxectivo sexa sometelo a algún proceso previo á comercialización, como pode ser o envasado, volvendo posteriormente á instalación, pódese deducir esa cantidade acreditándoa a través dos documentos de acompañamento co ARC e/ou facturas xustificativas.

b. Devolucións comerciais

No caso de devolucións comerciais que xa devindicaron e pagaron cota, deducírase a dita cantidade na factura correspondente á seguinte comercialización, unha vez validada a acreditación, e queda así exenta do pagamento desta. A acreditación realizarase a través dos documentos de recepción co ARC ou mediante facturas xustificativas

c. Movementos internos

No caso das adegas que integren a oferta do seu viño a través dunha entidade integradora ou pertencentes a un mesmo grupo empresarial ou cooperativo, os movementos ou transaccións do viño desde as adegas ao seu almacén, á súa entidade integradora ou entre si consideraranse de carácter interno, e, polo tanto, non devindicarán a cota.

Inclúese nesta casuística:

- Adegas cunha soa razón social e NIF que posúan máis dunha instalación e, polo tanto, máis dun NIDPB (Número de Identificación da Adega de Producción ou do Almacén) e, polo tanto, realicen máis dunha declaración nos períodos obrigados para os movementos entre estas instalacións que non sexan comercialización ao mercado.
- Adegas que teñan alugadas, total ou parcialmente, instalacións para a elaboración ou almacenaxe do seu viño. Segundo o Real decreto 739/2015, o propietario do viño está obrigado a declarar el mesmo os movementos desde e cara a estas instalacións.
- As cooperativas de 2º grao, integradas por cooperativas de 1º grao, que realicen movementos internos entre calquera das cooperativas do grupo.

(En ningún caso se considera dentro destes casos a vinculación exclusivamente comercial provedor-cliente).

Para evitar o pagamento da cota, é necesario que, en primeiro lugar, os interesados identifiquen, ao comezo do período da Extensión de Norma ou ao comezo de cada campaña, as empresas que compoñen o grupo empresarial, a entidade integradora ou as cooperativas.

A figura 9.3.1 mostra o formulario empregado para realizar o devandito procedemento.

**COMUNICACIÓN DE BODEGAS O INSTALACIONES VINCULADAS SOCIETARIAMENTE**

Este formulario tiene como finalidad comunicar la relación de bodegas o instalaciones vinculadas a una Sociedad Integradora o Grupo Empresarial, con el objetivo de que los movimientos de vino entre ellas no devenguen cuota de Extensión de Norma, en base al artículo 4 apartado 6 de la Orden APA/806/2019, de 25 de julio, por la que se extiende el acuerdo de la Organización Interprofesional del Vino de España, al conjunto del sector y se fija la aportación económica obligatoria, para realizar actividades de promoción e información del sector vitivinícola y sus productos, inteligencia económica, vertebración sectorial, investigación, desarrollo, innovación tecnológica y estudios, durante las campañas 2019/2020, 2020/2021, 2021/2022, 2022/2023 y 2023/2024.

**Instrucciones para la cumplimentación de la información sobre las bodegas o instalaciones vinculadas societariamente:**

1. La hoja "Sociedad/Grupo Empresarial" se rellenará con la información de la Sociedad Integradora/Grupo Empresarial que actúa como interlocutora ante OIVE, así como los datos de la persona de contacto. Si algún campo no aplica, se deja vacío.
2. La hoja "BODEGA\_INSTALACION VINCULADA" se rellenará con los datos de las bodegas o instalaciones vinculadas societariamente. En el caso de ser bodega con varias instalaciones, habría que indicar cada una de ellas. Ej.: Matriz, filial,... Se recuerda la importancia de rellenar el campo "relación vinculación con la filial". Por defecto está preparado para cinco bodegas/instalaciones. Si fuera necesario, se pueden añadir más, copiando y pegando el formulario. Si algún campo no aplica, se deja vacío.
3. Una vez cumplimentado, se enviará a la dirección de correo electrónico: oive@tragsa.es

Figura 9.3.1.a Comunicación de adegas ou instalacións vinculadas societariamente

(Fonte: OIVE)

**1. DATOS DE LA SOCIEDAD INTEGRADORA/GRUPO EMPRESARIAL**

<b>NOMBRE o RAZÓN SOCIAL:</b>	
<b>NIF:</b>	
<b>NIDPB:</b>	
<b>TIPO DE OPERADOR (PRODUCTOR/ALMACENISTA):</b>	
<b>DOMICILIO SOCIAL:</b>	
<b>CODIGO POSTAL:</b>	
<b>POBLACIÓN:</b>	
<b>PROVINCIA:</b>	
<b>COMUNIDAD AUTÓNOMA:</b>	
<b>TELÉFONO:</b>	
<b>CORREO ELECTRÓNICO:</b>	
<b>FAX:</b>	

**DATOS DEL REPRESENTANTE/PERSONA DE CONTACTO CON LA INTERPROFESIONAL**

<b>NOMBRE:</b>	
<b>1er APELLIDO:</b>	
<b>2º APELLIDO:</b>	
<b>DIRECCIÓN POSTAL:</b>	
<b>CÓDIGO POSTAL:</b>	
<b>POBLACIÓN:</b>	
<b>PROVINCIA:</b>	
<b>COMUNIDAD AUTÓNOMA:</b>	
<b>TELÉFONO FIJO:</b>	
<b>TELÉFONO MÓVIL:</b>	
<b>CORREO ELECTRÓNICO:</b>	

Figura 9.3.1.b  
Comunicación  
de adegas ou  
instalacións vinculadas  
societariamente

(Fonte: OIVE)

## 2. RELACIÓN DE BODEGAS O INSTALACIONES VINCULADAS SOCIETARIAMENTE

### 2.1. DATOS DE LA BODEGA/INSTALACIÓN VINCULADA 1

N.I.D.P.B.:	
R.I.A.:	
NIF:	
RELACIÓN VINCULACIÓN CON LA FILIAL:	
TIPO DE INSTALACIÓN (BODEGA/ALMACÉN/AMBOS):	
CAPACIDAD DE ALMACENAMIENTO (hl)	
¿NUNCA REALIZA COMERCIALIZACIÓN (EXCLUSIVAMENTE MOVIMIENTOS INTERNOS)? INDIQUE NUNCA	
DOMICILIO:	
CODIGO POSTAL:	
POBLACIÓN:	
PROVINCIA:	
COMUNIDAD AUTÓNOMA:	
TELÉFONO:	
CORREO ELECTRÓNICO:	
FAX:	
<b>DATOS DEL REPRESENTANTE/PERSONA DE CONTACTO</b>	
NOMBRE:	
1er APELLIDO:	
2º APELLIDO:	
DIRECCIÓN POSTAL:	
CÓDIGO POSTAL:	
POBLACIÓN:	
PROVINCIA:	
COMUNIDAD AUTÓNOMA:	
TELÉFONO FIJO:	
TELÉFONO MÓVIL:	
CORREO ELECTRÓNICO:	

Figura 9.3.1.c  
Comunicación de adegas ou instalacións vinculadas societariamente

(Fonte: OIVE)

En segundo lugar, os interesados terán que cubrir e enviar un formulario, antes do 25 de cada mes, no que se declaren todos os movementos internos realizados. Na figura 9.3.2 pódese atopar o formulario empregado para a devandita declaración, denominado "Formulario de comunicación de adegas ou instalacións vinculadas societariamente", que pode obterse no seu sitio web: [www.interprofesionaldelvino.es](http://www.interprofesionaldelvino.es).

Para o caso de instalacións alugadas, a OIVE dispón dun formulario específico, "Formulario de comunicación de instalacións alugadas", que pode tamén obterse no seu sitio web.

Unha vez recompilados os movementos aos que se lles aplicará a cota, a OIVE emitirá as facturas de forma mensual e enviaraas por correo electrónico.

Excepcionalmente, os operadores cunha facturación mensual media inferior a 100€ poderán agrupar as facturas en trimestres naturais, se así o solicitan á OIVE.

Ademais, os produtores cuxa produción de viño e mosto sexa inferior a 1.000 hectolitros recibirán unha única factura ao remate da campaña. Unha vez emitida esta factura, os operadores e produtores terán un prazo máximo de 30 días para realizar o pagamento desta.

#### COMUNICACIÓN DE MOVIMIENTOS INTERNOS ENTRE BODEGAS O INSTALACIONES VINCULADAS SOCIETARIAMENTE

Este formulario tiene como finalidad comunicar los movimientos internos mensuales de vino entre las bodegas o instalaciones vinculadas societariamente de aquellos grupos empresariales identificados previamente, con el objetivo de que los movimientos de vino entre ellas no devenguen cuota de Extensión de Norma, en base al artículo 4 apartado 5 de la Orden APA/806/2019, de 26 de julio, por la que se extiende el acuerdo de la Organización Interprofesional del Vino de España, al conjunto del sector y se fija la aportación económica obligatoria, para realizar actividades de promoción e información del sector vitivinícola y sus productos, inteligencia económica, vertebración sectorial, investigación, desarrollo, innovación tecnológica y estudios, durante las campañas 2019/2020, 2020/2021, 2021/2022, 2022/2023 y 2023/2024.

Este formulario se vincula, a efectos de cálculo de cuota de extensión de norma con las declaraciones mensuales de INFOVI

##### Instrucciones para la cumplimentación del archivo:

Se cumplimentará la hoja de "MOVIMIENTOS INTERNOS" con cada instalación que haya efectuado estos movimientos exentos entre las bodegas o instalaciones vinculadas societariamente. Los datos se consignarán en HL. El cálculo de la deducción se hace automáticamente y se detraerá de lo declarado a INFOVI.

Por defecto está preparado para cinco bodegas/instalaciones. Si fuera necesario, se pueden añadir más, copiando y pegando el formulario.

A remitir al Sistema de Gestión de Extensión de Norma antes del 26 de cada mes, coincidiendo con las declaraciones a INFOVI

##### Datos de contacto del Sistema de Gestión de la Extensión de Norma OIVE

Correo electrónico: oive@tragsa.es

Teléfono: 913226495; 913226052; 913226100

Figura 9.3.2.a Comunicación de movementos internos entre adegas ou instalacións vinculadas societariamente

(Fonte: OIVE)

**1. DATOS DE LA BODEGA/INSTALACIÓN**

NOMBRE o RAZÓN SOCIAL:	
NIF:	
N.I.D.P.B.:	
R.I.A.:	
DOMICILIO SOCIAL:	
CODIGO POSTAL:	
POBLACIÓN:	
PROVINCIA:	
COMUNIDAD AUTÓNOMA:	
TELÉFONO:	
CORREO ELECTRÓNICO:	

**2. INFORMACIÓN DECLARACIÓN A INFOVI:**

AÑO:	
MES:	
MOVIMIENTOS VINO ENVASADO (hl)	0,00
MOVIMIENTOS VINO A GRANEL (hl)	0,00
<b>TOTAL HL DECLARADOS</b>	<b>0,00</b>
<b>CUOTA EXTENSIÓN DE NORMA (€)</b>	<b>0,00</b>

**3. MOVIMIENTOS INTERNOS A:**

**BODEGA/INSTALACIÓN 1**

AÑO:	
MES:	
N.I.D.P.B.:	
R.I.A.:	
NIF:	
MOVIMIENTOS INTERNOS VINO ENVASADO (hl)	0
MOVIMIENTOS INTERNOS VINO A GRANEL (hl)	0
<b>TOTAL HL A DEDUCIR</b>	<b>0,00</b>
<b>CUOTA EXTENSIÓN DE NORMA A DEDUCIR (€)</b>	<b>0,00</b>

Figura 9.3.2.b  
Comunicación de movimientos internos entre adegas ou instalaciones vinculadas societariamente

(Fuente: OIVE)

### 9.3.2. Plan de control

Con base na Orde APA/806/2019, artigo 7, a OIVE, a través da súa Xunta Directiva, é a responsable do seguimento e control das achegas económicas establecidas na Extensión de Norma.

Co fin de realizar un control efectivo da implantación da Extensión de Norma ao longo da campaña, auditaranse os procesos e os operadores implicados, con base nas declaracións de cada un deles. Desde a OIVE arbitrarase un plan de control cuxo obxectivo será determinar se estas declaracións se axustan á realidade, facendo especial fincapé nas excepcións detalladas anteriormente. No caso de que se detecten incumprimentos da norma, a OIVE denunciará os casos á Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA) e/ou á autoridade competente nacional ou autonómica, podéndose iniciar, á súa vez, un procedemento xudicial pola falta de pagamento das cantidades máximas por variedade de uva correspondentes.

### 9.3.3. Información adicional

Para información adicional:

- Web da Organización Interprofesional do Viño de España:  
[www.interprofesionaldelvino.es](http://www.interprofesionaldelvino.es)
- Contacto: [administracion@oive.org](mailto:administracion@oive.org)
- Para consultas especificamente relacionadas coa Extensión de Norma, OIVE dispón dun servizo de xestión de Extensión de Norma e atención de usuarios externo, a través da empresa Tragsatec, filial do grupo Tragsa, especializada na realización de actividades de enxeñería, consultoría e asistencia técnica en materias como o desenvolvemento rural.

Contacto: [oive@tragsa.es](mailto:oive@tragsa.es)







## ANEXO 1

# Calendario de requisitos

Debido á gran cantidade de requisitos presentados ao longo desta guía, considerouse de utilidade crear un calendario que recompila todos eses requisitos e os distribúa ao longo do ano.

Polas características de cada esixencia legal, foi necesario crear dous apartados diferenciados neste calendario. Primeiro, presentamos todos os requisitos que poden ser asignados a un mes concreto. Segundo, recompílanse todos os requisitos que non poden ser asignados a un mes ou data concreta, é dicir, que se asignan a un momento concreto da actividade ou a un prazo estipulado.

### 1. Requisitos con data estipulada

No seguinte apartado preséntanse todos aqueles requisitos, mencionados ao longo da presente guía, que deben ser cumpridos nas datas concretas ao longo do ano.

### 1.1. Xaneiro

Data	Requisito	Organismo	Procedemento
Antes do día 10	Copia de cada un dos documentos de acompañamento dos transportes realizados durante o mes anterior	Servizo competente da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural correspondente onde radique a súa actividade	Procedemento xeral (código PR004a) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia
Antes do día 20	Declaración de produción e existencias de viño e mosto (adegas cunha produción maior ou igual de 1.000 hectolitros nas 4 anteriores campañas)	AICA	Sede electrónica da AICA (INFOVI)
Dentro dos 20 primeiros días	Declaración trimestral de operacións de fábrica e depósitos de viño (pequeno elaborador con contabilidade de existencias mediante libros foliados en soporte papel)	AEAT	Sede electrónica da AEAT mediante o modelo 553
Dentro dos 20 primeiros días	Relación trimestral das primeiras materias entregadas	AEAT	Sede electrónica da AEAT mediante o modelo 521
Último día	Rexistro do asento de cada unha das operacións de elaboración realizadas ao longo do mes (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE
Último día	Subministración dun asento contable agregado para as operacións de elaboración de viño e mosto, así como para as entradas de materias primas, realizadas ao longo do mes anterior (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE

### 1.2. Febreiro

Data	Requisito	Organismo	Procedemento
Antes do día 10	Copia de cada un dos documentos de acompañamento dos transportes realizados durante o mes anterior	Servizo competente da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural correspondente onde radique a súa actividade	Procedemento xeral (código PR004a) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia
Antes do día 20	Declaración de produción e existencias de viño e mosto (adegas cunha produción maior ou igual de 1.000 hectolitros nas 4 anteriores campañas)	AICA	Sede electrónica da AICA (INFOVI)
Último día	Rexistro do asento de cada unha das operacións de elaboración realizadas ao longo do mes (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE
Último día	Subministración dun asento contable agregado para as operacións de elaboración de viño e mosto, así como para as entradas de materias primas, realizadas ao longo do mes anterior (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE
Antes do último día	Declaración anual de envases en relación ás vendas do 1 de xaneiro ao 31 de decembro	Ecovidrio	A través da páxina web de Ecovidrio

## 1.3. Marzo

Data	Requisito	Organismo	Procedemento
Antes do día 10	Copia de cada un dos documentos de acompañamento dos transportes realizados durante o mes anterior	Servizo competente da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural correspondente onde radique a súa actividade	Procedemento xeral (código PR004a) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia
Antes do día 20	Declaración de produción e existencias de viño e mosto (adegas cunha produción maior ou igual de 1.000 hectolitros nas 4 anteriores campañas)	AICA	Sede electrónica da AICA (INFOVI)
Antes de rematar o mes	Mínimo, un reconto de existencias ao longo do trimestre anterior	AEAT	SILICIE (se se atopa algunha diferenza)
Último día	Rexistro do asento de cada unha das operacións de elaboración realizadas ao longo do mes (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE
Último día	Subministración dun asento contable agregado para as operacións de elaboración de viño e mosto, así como para as entradas de materias primas, realizadas ao longo do mes anterior (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE

## 1.4. Abril

Data	Requisito	Organismo	Procedemento
Antes do día 10	Copia de cada un dos documentos de acompañamento dos transportes realizados durante o mes anterior	Servizo competente da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural correspondente onde radique a súa actividade	Procedemento xeral (código PR004a) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia
Antes do día 20	Declaración de produción e existencias de viño e mosto (adegas cunha produción maior ou igual de 1.000 hectolitros nas 4 anteriores campañas)	AICA	Sede electrónica da AICA (INFOVI)
Dentro dos 20 primeiros días	Declaración trimestral de operacións de fábrica e depósitos de viño (pequeno elaborador con contabilidade de existencias mediante libros foliados en soporte papel)	AEAT	Sede electrónica da AEAT mediante o modelo 553
Dentro dos 20 primeiros días	Relación trimestral de primeiras materias entregadas	AEAT	Sede electrónica da AEAT mediante o modelo 521
Último día	Rexistro do asento de cada unha das operacións de elaboración realizadas ao longo do mes (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE
Último día	Subministración dun asento contable agregado para as operacións de elaboración de viño e mosto, así como para as entradas de materias primas, realizadas ao longo do mes anterior (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE

### 1.5. Maio

Data	Requisito	Organismo	Procedemento
Antes do día 10	Copia de cada un dos documentos de acompañamento dos transportes realizados durante o mes anterior	Servizo competente da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural correspondente onde radique a súa actividade	Procedemento xeral (código PR004a) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia
Antes do día 20	Declaración de produción e existencias de viño e mosto (adegas cunha produción maior ou igual de 1.000 hectolitros nas 4 anteriores campañas)	AICA	Sede electrónica da AICA (INFOVI)
Último día	Rexistro do asento de cada unha das operacións de elaboración realizadas ao longo do mes (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE
Último día	Subministración dun asento contable agregado para as operacións de elaboración de viño e mosto, así como para as entradas de materias primas, realizadas ao longo do mes anterior (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE

### 1.6. Xuño

Data	Requisito	Organismo	Procedemento
Antes do día 10	Copia de cada un dos documentos de acompañamento dos transportes realizados durante o mes anterior	Servizo competente da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural correspondente onde radique a súa actividade	Procedemento xeral (código PR004a) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia
Antes do día 20	Declaración de produción e existencias de viño e mosto (adegas cunha produción maior ou igual de 1.000 hectolitros nas 4 anteriores campañas)	AICA	Sede electrónica da AICA (INFOVI)
Antes de rematar o mes	Mínimo, un reconto de existencias ao longo do trimestre anterior	AEAT	SILICIE (se se atopa algunha diferenza)
Último día	Rexistro do asento de cada unha das operacións de elaboración realizadas ao longo do mes (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE
Último día	Subministración dun asento contable agregado para as operacións de elaboración de viño e mosto, así como para as entradas de materias primas, realizadas ao longo do mes anterior (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE

## 1.7. Xullo

Data	Requisito	Organismo	Procedemento
Antes do día 10	Copia de cada un dos documentos de acompañamento dos transportes realizados durante o mes anterior	Servizo competente da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural correspondente onde radique a súa actividade	Procedemento xeral (código PR004a) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia
Antes do día 20	Declaración de produción e existencias de viño e mosto (adegas cunha produción maior ou igual de 1.000 hectolitros nas 4 anteriores campañas)	AICA	Sede electrónica da AICA (INFOVI)
Dentro dos 20 primeiros días	Declaración trimestral de operacións de fábrica e depósitos de viño (pequeno elaborador con contabilidade de existencias mediante libros foliados en soporte papel)	AEAT	Sede electrónica da AEAT mediante o modelo 553
Dentro dos 20 primeiros días	Relación trimestral de primeiras materias entregadas	AEAT	Sede electrónica da AEAT mediante o modelo 521
Último día	Rexistro do asento de cada unha das operacións de elaboración realizadas ao longo do mes (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE
Último día	Subministración dun asento contable agregado para as operacións de elaboración de viño e mosto, así como para as entradas de materias primas, realizadas ao longo do mes anterior (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE
31	Peche da campaña vitivinícola	Consellería do Medio Rural	Cálculo de existencias e peche dos libros rexistro

1.8. Agosto

Data	Requisito	Organismo	Procedemento
1	Apertura da campaña vitivinícola	Consellería do Medio Rural	Apertura dos libros rexistro e anotación de existencias iniciais
1	Inicio do prazo para a declaración da colleita e uva	Fogga	Presentación do formulario MR441B e MR441C, de ser o caso, na sede electrónica da Xunta de Galicia
Antes do día 10	Copia de cada un dos documentos de acompañamento dos transportes realizados durante o mes anterior	Servizo competente da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural correspondente onde radique a súa actividade	Procedemento xeral (código PR004a) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia
Antes do día 20	Declaración ampliada de produción e existencias de viño e mosto (adegas cunha produción maior ou igual de 1.000 hectolitros nas 4 campañas anteriores) e declaración semestral de produción e existencias de viño e mosto (adegas cunha produción menor a 1.000 hectolitros nas 4 campañas anteriores)	AICA	Sede electrónica da AICA (INFOVI)
Último día	Rexistro do asento de cada unha das operacións de elaboración realizadas ao longo do mes (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE
Último día	Subministración dun asento contable agregado para as operacións de elaboración de viño e mosto, así como para as entradas de materias primas, realizadas ao longo do mes anterior (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE
Último día hábil	Subministración dos asentos contables correspondentes aos procesos, movementos e operacións realizados nos meses de decembro a xullo inmediatamente anteriores (pequenos elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE

## 1.9. Setembro

Data	Requisito	Organismo	Procedemento
Antes do día 10	Copia de cada un dos documentos de acompañamento dos transportes realizados durante o mes anterior	Servizo competente da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural correspondente onde radique a súa actividade	Procedemento xeral (código PR004a) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia
Antes do día 20	Declaración de produción e existencias de viño e mosto (adegas cunha produción maior ou igual de 1.000 hectolitros nas 4 anteriores campañas)	AICA	Sede electrónica da AICA (INFOVI)
Antes de rematar o mes	Mínimo, un reconto de existencias ao longo do trimestre anterior	AEAT	SILICIE (se se atopa algunha diferenza)
Último día	Rexistro do asento de cada unha das operacións de elaboración realizadas ao longo do mes (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE
Último día	Subministración dun asento contable agregado para as operacións de elaboración de viño e mosto, así como para as entradas de materias primas, realizadas ao longo do mes anterior (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE

## 1.10. Outubro

Data	Requisito	Organismo	Procedemento
Antes do día 10	Copia de cada un dos documentos de acompañamento dos transportes realizados durante o mes anterior	Servizo competente da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural correspondente onde radique a súa actividade	Procedemento xeral (código PR004a) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia
Antes do día 20	Declaración de produción e existencias de viño e mosto (adegas cunha produción maior ou igual de 1.000 hectolitros nas 4 anteriores campañas)	AICA	Sede electrónica da AICA (INFOVI)
Dentro dos 20 primeiros días	Declaración trimestral de operacións de fábrica e depósitos de viño (pequeno elaborador con contabilidade de existencias mediante libros foliados en soporte papel)	AEAT	Sede electrónica da AEAT mediante o modelo 553
Dentro dos 20 primeiros días	Relación trimestral de primeiras materias entregadas	AEAT	Sede electrónica da AEAT mediante o modelo 521
Último día	Rexistro do asento de cada unha das operacións de elaboración realizadas ao longo do mes (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE
Último día	Subministración dun asento contable agregado para as operacións de elaboración de viño e mosto, así como para as entradas de materias primas, realizadas ao longo do mes anterior (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE



1.11. Novembro

Data	Requisito	Organismo	Procedemento
Antes do día 10	Copia de cada un dos documentos de acompañamento dos transportes realizados durante o mes anterior	Servizo competente da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural correspondente onde radique a súa actividade	Procedemento xeral (código PR004a) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia
Antes do día 20	Declaración de produción e existencias de viño e mosto (adegas cunha produción maior ou igual de 1.000 hectolitros nas 4 anteriores campañas)	AICA	Sede electrónica da AICA (INFOVI)
Último día	Registro do asento de cada unha das operacións de elaboración realizadas ao longo do mes (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE
Último día	Subministración dun asento contable agregado para as operacións de elaboración de viño e mosto, así como para as entradas de materias primas, realizadas ao longo do mes anterior (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE
30	Inicio do prazo para a declaración de produción (provedores e xustificantes de compra-venda de produtos)	Fogga	Presentación do formulario MR441E e MR411F na sede electrónica da Xunta de Galicia

## 1.12. Decembro

Data	Requisito	Organismo	Procedemento
Antes do día 10	Copia de cada un dos documentos de acompañamento dos transportes realizados durante o mes anterior	Servizo competente da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural correspondente onde radique a súa actividade	Procedemento xeral (código PR004a) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia
10	Fin do prazo para a declaración da colleita e uva	Fogga	Presentación do formulario MR441B e MR441C, de ser o caso, na sede electrónica da Xunta de Galicia
10	Fin do prazo para a declaración de produción (provedores e xustificantes de compra-venda de produtos)	Fogga	Presentación do formulario MR441E e MR411F, de ser o caso, na sede electrónica da Xunta de Galicia
Antes do día 20	Declaración ampliada de produción e existencias de viño e mosto (adegas cunha produción maior ou igual de 1.000 hectolitros nas 4 campañas anteriores) e declaración semestral de produción e existencias de viño e mosto (adegas cunha produción menor a 1.000 hectolitros nas 4 campañas anteriores)	AICA	Sede electrónica da AICA (INFOVI)
Antes de rematar o mes	Mínimo, un reconto de existencias ao longo do trimestre anterior	AEAT	SILICIE (se se atopa algunha diferenza)
Último día	Rexistro do asento de cada unha das operacións de elaboración realizadas ao longo do mes (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE
Último día	Subministración dun asento contable agregado para as operacións de elaboración de viño e mosto, así como para as entradas de materias primas, realizadas ao longo do mes anterior (elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE
Último día hábil	Subministración dos asentos contables correspondentes aos procesos, movementos e operacións realizados nos meses de agosto a novembro inmediatamente anteriores (pequenos elaboradores con sistema contable interno, mentres o IVBF sexa cero e a clave de actividade sexa V1 ou F1)	AEAT	SILICIE
Antes do día 31	Exercer a opción de empregar, ou non, a levanza da contabilidade esixida pola AEAT mediante un sistema contable interno	AEAT	SILICIE

## 2. Requisitos relativos a momentos da actividade ou a prazos concretos

No seguinte apartado preséntanse todos aqueles requisitos, mencionados ao longo da presente guía, que deben ser cumpridos en momentos concretos da actividade da adega ou ao longo dun prazo concreto.

### 2.1.1. Antes do inicio da actividade

- Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos (procedemento SA451A, dirixido á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade).
- Rexistro Industrial de Galicia – Industrias Agrarias (procedemento IN617E).
- Rexistro de Embotelladores de Viños e Bebidas Alcohólicas (procedemento MR360D, dirixido á Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural).
- Rexistro de Operadores do Sector Vinícola (REOVI): antes do mes seguinte ao comezo da actividade (procedemento xeral MR441H, dirixido á Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural).
- Autorización para o visado de documentos de acompañamento (solicitude, se se desexa, e para cada campaña, mediante procedemento MR360D, dirixido á Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural).
- Rexistro Territorial de Impostos Especiais (presencialmente na oficina xestora correspondente, ou mediante a sede electrónica da AEAT -obligatorio para persoas xurídicas-, no apartado II.EE. Inscripción no censo de II.EE.).
- Rexistro Vitícola de Galicia (procedemento MR447A, dirixido á Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural).
- Rexistros dos consellos reguladores.

### 2.1.2. Requisitos relativos ao control metrolóxico dos equipos de medida

- Verificación periódica dos instrumentos de pesada de funcionamento non automático en servizo: cada 2 anos.

### 2.1.3. Requisitos relativos ao rexistro das operacións da adega

- Rexistro dos asentos no Libro Rexistro de Entradas e Saídas:
  - o Anotación de entradas máximo o día hábil posterior á recepción.

- o Anotación das saídas máximo o terceiro día hábil posterior á saída.
- Rexistro dos asentos nos libros rexistro restantes:
  - o Anotación como máximo o día hábil posterior á data de manipulación, entrada ou saída.
  - o As utilización dos produtos enolóxicos deberán anotarse o mesmo día de utilización.
- Conservación dos libros rexistro e as declaracións anuais de produción que conteñan os rexistros dos produtores mencionados como excepción: ata 5 anos desde a data de peche da campaña.

#### 2.1.4. Requisitos relativos ás declaracións

- Declaración de determinadas prácticas enolóxicas: antes de comezar a práctica (procedemento MR360C, dirixido á Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural).
- Declaración de eliminación de subprodutos: cando se produza a acumulación de subprodutos e se decida como se quere actuar con eles (dirixido ao Servizo Territorial do Fogga - Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural).

#### 2.1.5. Requisitos relativos a SILICIE

- Subministración electrónica dos asentos: ata 24 horas hábiles despois da súa realización.
- No caso de utilizar un sistema contable interno, o rexistro dos asentos pódese realizar ata 24 horas hábiles despois e a subministración ata 5 días hábiles desde o rexistro.

#### 2.1.6. Requisitos relativos aos transportes

- Previamente ao comezo de cada transporte: validación dos documentos de acompañamento que amporen transportes de produtos vitivinícolas.
- Comunicación, por parte do receptor, ao servizo competente de irregularidades nos documentos de acompañamento recibidos: 2 días hábiles seguintes á data de recepción de produtos en réxime suspensivo.
- Cumprimento, por parte do expedidor, do formulario EMCS para pechar o e-DA (envío de viño en réxime suspensivo de impostos): antelación non superior a 7 días antes da data consignada como expedición.

- Peche do EMCS por parte do destinatario: antes de 5 días despois da recepción da mercancía.
- Conservación das copias dos documentos de acompañamento: ata 5 anos.
- Conservación, por parte do expedidor, da notificación de recepción en soporte papel ou informático: ata 4 anos.
- Conservación, por parte do expedidor, do documento administrativo de emerxencia utilizado para a exportación en réxime suspensivo de impostos especiais: ata 4 anos.
- Validez máxima da autorización como operador rexistrado ocasional (para a recepción de mercancía en réxime suspensivo): 6 meses.





Nas últimas décadas, o sector vitivinícola galego experimentou un alto crecemento grazas á mellora das técnicas de traballo, tanto no cultivo da uva como na elaboración do viño, e ao intenso traballo de promoción levado a cabo para difundir a calidade dos viños de Galicia.

A maior parte dos viños producidos neste territorio pertencen a algunha das cinco denominacións de orixe protexidas (DOP): Rías Baixas, Monterrei, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras, que, entre todas elas, acumulan unhas 450 adegas. Ademais, existen catro indicacións xeográficas protexidas (IXP): Betanzos, Val do Miño-Ourense, Ribeiras do Morrazo e Barbanza e Iria, nas que están inscritas unhas 20 adegas máis.

Ademais das responsabilidades propias de toda empresa, as adegas pertencentes a estas DOP e IXP (así como outras adegas) deben elaborar e presentar diferentes documentos, en distintos momentos do ano, así como en determinadas operacións específicas (p. ex., transportes de viño), para cumprir cos requisitos exclusivamente aplicables a este sector e establecidos por distintas entidades da Administración.

Isto supón unha carga de traballo administrativo importante para as adegas, as cales teñen dificultades para estar ao día e cumprir con estas obrigas en forma e en prazo. O problema agrávase no caso das adegas máis pequenas, en moitos casos, familiares e con poucos empregados, para as cales resulta máis difícil coñecer todos os requisitos e desenvolver o traballo administrativo que estes esixen.

Esta publicación da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), en colaboración co Grupo de Enxeñería de Organización da Universidade de Vigo, recompila, ordena e explica os requisitos dos diferentes organismos administrativos, tanto a nivel autonómico como nacional e internacional, coa finalidade de facilitar a súa comprensión e, polo tanto, o seu correcto cumprimento, polas adegas vitivinícolas, particularmente as pertencentes ás diferentes DOP e IXP de Galicia.

